

Revista Galega de Filoloxía

ÁREA DE FILOLOXÍAS GALEGA E PORTUGUESA

Edita: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa
Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística

Depósito Legal: C-584-2000

ISSN: 1576-2661

Distribúe: Consorcio Editorial Galego

Deseño: Torné Asociados

Maquetación: Antonio Souto

A *RGF* agradece a colaboración do Servizo de Publicacións da UDC.

Director: Xosé Ramón Freixeiro Mato (Universidade da Coruña).

Subdirector: Xosé Manuel Sánchez Rei (Universidade da Coruña).

Secretario: Xoán López Viñas (Universidade da Coruña).

Consello de Redacción:

Manuel Fernández Ferreiro (Universidade da Coruña), Iolanda Galanes (Universidade de Vigo), María Pilar García Negro (Universidade da Coruña), Xoán Carlos Lagares (Universidade Federal Fluminense de Niterói), Pär Larson (CNR-Opera del Vocabulario Italiano, Florencia), Maria Aldina Marques (Universidade do Minho), Ana Maria Martins (Universidade de Lisboa), Anxo M. Lorenzo Suárez (Universidade de Vigo), Goretti Sanmartín Rei (Universidade da Coruña), Xavier Varela Barreiro (Universidade de Santiago de Compostela).

Comité Científico:

Evanildo Bechara (Universidade Federal do Rio de Janeiro), Ataliba T. de Castilho (Universidade de São Paulo), Manuel Ferreiro (Universidade da Coruña), José Luiz Fiorin (Universidade de São Paulo), Juan Carlos Moreno Cabrera (Universidad Autónoma de Madrid), Rafael Lluis Ninyoles (Conselleria de Educació i Ciència, Generalitat Valenciana), Andrés Pociña (Universidade de Granada), Álvaro Porto Dapena (Universidade da Coruña), José Luis Rodríguez (Universidade de Santiago de Compostela), Sebastià Serrano (Universitat de Barcelona), Telmo Verdelho (Universidade de Aveiro), Mário Augusto do Quinteiro Vilela (Universidade do Porto), Roger Wright (University of Liverpool).

Colaboracións e Correspondencia:

Xoán López Viñas

Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística

Facultade de Filoloxía. Universidade da Coruña

Campus da Zapateira, s/n. 15071 A Coruña (Galiza)

e-mail: xlopezv@udc.es

Ámbito da Revista Galega de Filoloxía

A *Revista Galega de Filoloxía* é unha publicación (revisada por un comité externo de expertos) vinculada á Área de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade da Coruña, de traballos de investigación orixinais e inéditos dedicados a algún aspecto lingüístico ou filolóxico do ámbito galego-portugués. A lingua preferencial de publicación é o galego ou o portugués, aínda que en casos especiais se admite a publicación en calquera outro idioma.

A *Revista*, fundada no ano 2000, ten unha periodicidade anual, de modo que só se edita un número por ano.

Índices, directorios e bases de datos en que aparece a RGF

CARHUS Plus+ 2010, Dialnet, DICE, ISOC, Latindex, MIAR, REGESTA IMPERII, RESH, ZBD

Índice do número 13

Artigos

7-177

| | |
|---|---------|
| A interpretación de conferencias no marco da planificación do status lingüístico: o caso galego | |
| <i>Robert Neal Baxter (Universidade de Vigo)</i> | 9-26 |
| Aproximación á toponimia das freguesías de Arante, Cedofeita, Couxela, Covelas, A Devesa e Ove do concello de Ribadeo: núcleos habitados | |
| <i>Rocío Dourado Fernández (ILG/USC)</i> | 27-61 |
| Sobre o <i>Dicionario de afixos do galego medieval</i> | |
| <i>Xoán López Viñas (Universidade da Coruña)</i> | 63-83 |
| À volta dos livros: o que revelam as cintas | |
| <i>Ana Ribeiro (Universidade do Minho-Centro de Estudos Humanísticos)</i> | 85-120 |
| Reorganización conceptual e variação linguística no Português Europeu: o caso do verbo <i>meter</i> | |
| <i>José Teixeira (ILCH e CEHUM da Universidade do Minho)</i> | 121-150 |
| Le rubriche in volgare del codice 7-1-52 della biblioteca Colombina di Siviglia | |
| <i>Alina Zvonareva (Università degli Studi di Padova)</i> | 151-177 |

Recensións

179-208

| | |
|--|----------------|
| Lorenzo Grandín, Pilar / Marcenaro, Simone: <i>Il canzoniere del trovatore Roi Queimado</i> , Alessandria, Edizioni dell'Orso, 2010, 350 pp. | |
| <i>Francisco González Lousada</i> | 181-185 |
| María Jesús Lorenzo-Modia / Anna Szczepaniak-Kozak (eds.): <i>From life to text: building linguistic and cultural identity</i> . Piła, PWSZ Stanisław Staszic University Press, 2012, 287 páxinas. | |
| <i>Estefanía Mosquera Castro</i> | 187-192 |
| Carlos Garrido, <i>Léxico Galego: Degradacom e Regeneracom</i> , Sant Cugat del Vallès (Barcelona), Edições da Galiza, 2011, 799 páxinas. | |
| <i>Xosé Manuel Sánchez Rei</i> | 193-198 |
| Teresa Moure: <i>Ecolingüística: entre a ciencia e a ética</i> . A Coruña: Universidade, Servizo de Publicacións, 2011, 132 páxinas. | |
| <i>Luz Varela Armas</i> | 199-204 |
| Mário Herrero Valeiro, <i>Guerra de grafias e conflito de elites na Galiza contemporânea (textos e contextos até 2000)</i> , [Santiago de Compostela], Através Editora, 2011, 319 pp. | |
| <i>Maria Vilariño Suárez</i> | 205-208 |
| Normas de presentación de traballos para a Revista Galega de Filoloxía | 209-212 |
| Contido dos números anteriores da Revista Galega de Filoloxía | 213-216 |

Table of contents for number 13

| Articles | 7-177 |
|--|---------|
| Conference interpreting within the framework of linguistic status planning: the case of galizan | |
| <i>Robert Neal Baxter (Universidade de Vigo)</i> | 9-26 |
| An approach to the place-names of the municipality of Ribadeo: habitied areas in the parishes of Arante, Cedofeita, Couxela, Covelas, A Devesa and Ove. | |
| <i>Rocío Dourado Fernández (ILG/USC)</i> | 27-61 |
| O <i>Dicionario de afixos do galego medieval</i> | |
| <i>Xoán López Viñas (Universidade da Coruña)</i> | 63-83 |
| Around books: what do book bands tell us | |
| <i>Ana Ribeiro (Universidade do Minho-Centro de Estudos Humanísticos)</i> | 85-120 |
| Conceptual Reorganization and Linguistic Variation: the European Portuguese verb <i>meter</i> case | |
| <i>José Teixeira (ILCH e CEHUM da Universidade do Minho)</i> | 121-150 |
| Vernacular rubrics of Seville Colombina MS 7-1-52 | |
| <i>Alina Zvonareva (Università degli Studi di Padova)</i> | 151-177 |
| Reviews | 179-208 |
| Lorenzo Grandín, Pilar / Marcenaro, Simone: <i>Il canzoniere del trovatore Roi Queimado</i> , Alessandria, Edizioni dell'Orso, 2010, 350 pp. | |
| <i>Francisco González Lousada</i> | 181-185 |
| María Jesús Lorenzo-Modia / Anna Szczepaniak-Kozak (eds.): <i>From life to text: building linguistic and cultural identity</i> . Piła, PWSZ Stanisław Staszic University Press, 2012, 287 páginas. | |
| <i>Estephanía Mosquera Castro</i> | 187-192 |
| Carlos Garrido, <i>Léxico Galego: Degradacom e Regeneracom</i> , Sant Cugat del Vallès (Barcelona), Edições da Galiza, 2011, 799 páginas. | |
| <i>Xosé Manuel Sánchez Rei</i> | 193-198 |
| Teresa Moure: <i>Ecolingüística: entre a ciencia e a ética</i> . A Coruña: Universidade, Servizo de Publicacións, 2011, 132 páginas. | |
| <i>Luz Varela Armas</i> | 199-204 |
| Mário Herrero Valeiro, <i>Guerra de grafias e conflito de elites na Galiza contemporánea (textos e contextos até 2000)</i> , [Santiago de Compostela], Através Editora, 2011, 319 pp. | |
| <i>Maria Vilariño Suárez</i> | 205-208 |
| Instructions for authors | 209-212 |
| Content of the previous numbers of the <i>Revista Galega de Filoloxía</i> | 213-216 |

gAlego

TEXTO

artigos

PORTUGUÊS

CRÍTICA



[]

A interpretación de conferencias no marco da planificación do status lingüístico: o caso galego

*Robert Neal Baxter
Universidade de Vigo*

Resumo:

O artigo comeza cun breve repaso dunha das máis veteranas e ainda vixentes teorías da interpretación para comprobar como encaixan as especificidades da interpretación con linguas subordinadas. Tras unha exposición das diferenzas entre a tradución escrita e a interpretación oral, o artigo pasa a considerar en que medida a interpretación de conferencias pode desempeñar un papel na planificación lingüística de linguas como o galego. Aínda que se centra principalmente na planificación do status, o autor tamén considera o papel da/o intérprete como axente de divulgación de patróns lingüísticos normativizados. O artigo pecha cunha serie de reflexións sobre a interpretación como garantía do exercicio efectivo dos dereitos lingüísticos e apunta o seu impacto sobre a conservación da diversidade lingüística como futura liña de investigación.

Palabras clave:

Diglosia, interpretación de conferencias, planificación lingüística, estatus/prestixio, dereitos lingüísticos.

Abstract:

The paper opens with a cursory overview of one of the most long-standing and still acknowledged interpreting theories in order to determine how it fits in with the specifics of subordinated languages. Following a description of the differences between written translation and spoken interpretation, the paper goes on to consider to what extent conference interpreting can play a role in language planning for languages such as Galician. Although focussing primarily on status planning, the author also discusses the role of interpreters as agents for spreading standardised language norms. The article closes with a series of reflections on interpreting as a guarantee for the effective exercise of language rights, indicating its impact on the maintenance of language diversity as a future line of research.

Key words:

Diglossia, conference interpreting, language planning, status/prestige, language rights.

Introdución

Unha das máis veteranas escolas teóricas da interpretación aínda hoxe influente, a ‘teoría do sentido’, liderada por Seleskovitch (1968, 1975) e Lederer (1981; Seleskovitch / Lederer 1989), defende a hipótese da ‘desverbalización’ como base da interpretación. Segundo esta tese, a estrutura lingüística superficial desmaterialízase na mente da persoa que interpreta, deixando ao descuberto o ‘sentido’ implícito da mensaxe orixinal que se volve reexpresar lingüisticamente noutra lingua. Deste modelo deriva unha implicación clara: ao desaparecer o envoltorio lingüístico da mensaxe para (re)transmitir o ‘sentido’ profundo, non se trata de ‘traducir’ entre linguas, entendido como mudanza lingüística. Así, o proceso interpretativo en si é sempre o mesmo, independentemente do par de linguas do que se tratar:

[...] in general [IT writers] prefer to say that the message is ‘deverbalised’ in the association of the text meaning with cognitive memory, and that speech is produced from these successive crystallisations of *sens* by an unconscious programme at a non-verbal level. [...] The model deliberately leaves the intermediate stage of cognitive processing unspecified, in contrast with IP theories which see a conceptual-semantic framework, integrated with a cross-linguistic lexicon, through which the interpreter has to find her way. (Setton 1999: 43).

Deste xeito, interpretar entre dúas linguas tipoloxicamente distantes cunha sintaxe e morfoloxía moi disimilares, como por exemplo o chucoto (endónimo лыгъоравтълъэн ийльйил), lingua polisintética da familia paleosiberiana, e unha lingua analítica como o tailandés, non suporía más dificultades do que interpretar entre dúas linguas próximas como o neerlandés e a lingua africáner, ou mesmo entre o galego e o portugués.

No entanto, xa desde finais dos anos 1970 comenzaron a se realizar investigacións de tipo empírico (Ilg 1978; Wilss 1978) que tenden a indicar que a ‘desverbalización’ non reflicte –cando menos sen máis– o proceso interpretativo real. Son cada vez máis os estudos que apuntan na mesma dirección, indicando que as diferenzas nas estruturas lingüísticas entre a lingua de partida (LP) e a lingua de chegada (LC), así como a direccionalidade (por exemplo do inglés para o galego e *vice versa* para unha falante nativa de calquera membro deste binomio), si inflúen claramente no proceso interpretativo en maior ou menor grao, o que leva á aplicación de estratexias diferenciadas en cada caso concreto:

Some theories on Interpreting tell us that interpreting is just understanding in one language and explaining in another; it is simply the transmission of the

message as it has been intended by the original speaker. [...] We believe that this theoretical approach [*théorie du sens*] does not take into account either the implications that the languages involved and their direction have on the interpreting process [...] Padilla / Abril (2003: 391).

Contrariamente, pois, á hipótese da desverbalización, fica demostrado que existen factores lingüísticos e metalingüísticos que inflúen no proceso interpretativo, para alén da simple transmisión do sentido subxacente. Partindo dunha longa experiencia tanto no mundo profesional da interpretación co galego como na súa docencia, este artigo propón indagar sobre como a situación sociolingüística na que se desenvolve unha interpretación tamén pode ser un factor que incide sobre o decorrer dos procesos interpretativos. A conclusión á que chega é que non é indiferente o uso dunha lingua dominada como o galego, fronte a unha lingua dominante como o español como lingua de traballo, tendo en conta as reaccións das partes implicadas, nomeadamente a persoa que emite a mensaxe orixinal, a persoa que a interpreta e o público que recibe a mensaxe interpretada final.

Antes de proseguirmos, cómpre acrecentar un inciso para esclarecer a terminoloxía empregada, ao revestir o termo máis habitual ‘lingua minoritaria’ unha certa complexidade espazotemporal (Cronin 1995: 86-87), non exenta de ambigüidades e mesmo usos contraditorios, podendo abranguer casos de linguas autóctonas minorizadas como o galego, como o caso moi disimilares das linguas faladas por minorías procedentes da inmigración, como é, por exemplo, o árabe dialectal na Francia. Para evitar tales confusións, téñense acuñado varias alternativas para resaltaren aspectos concretos das linguas en cuestión, entre as que podemos destacar, por exemplo ‘linguas menos traducidas’ (Branchadell, A. et al. 2004). Unha vez máis, no entanto, achámonos perante un termo que se pode aplicar tanto a casos como o galego, como tamén a casos moi disimilares de linguas nacionais plenamente normalizadas que se traducen con menos frecuencia, en contraste coas linguas internacionalmente dominantes (sobre todo o inglés). Pasa algo similar cos termos ‘linguas menos estendidas’ ou ‘menos faladas’ que poden ser aplicados a linguas cun número reducido de falantes sen proxección como lingua de uso internacional, mais nunha situación sociolingüística interna estable, como no caso do húngaro (Tóth 1991: 121).

Descartamos de partida o termo ‘lingua minoritaria’ para describir casos como o galego, por non ser a lingua numericamente minoritaria dentro do seu propio territorio en termos de capacidade (falantes activas/os e pasivas/os). Para evitar tales equívocos, xa desde hai varios anos no ámbito galego se encontra habitualmente o termo ‘minorizada’ (Fernández Rei / Santamarina Fernández 1999) para recalcar o facto de se tratar dun proceso ao que está obxecto a lingua en cuestión, máis

que un simple trazo matemático inherente. No entanto, nós preferimos os termos ‘linguas subordinadas’ ou ‘dominadas’ (Baxter 2006) para tornar patente a relación eminentemente ideolóxica que existe entre elas e as súas respectivas ‘linguas dominantes’.

Existe unha grande variabilidade en canto á situación legal das linguas subordinadas tratadas aquí dentro do ámbito europeo. O marco xurídico mesmo pode mudar para unha mesma lingua dun Estado para un outro, desde un certo amparo legal dentro dun determinado territorio (galego, vasco, catalán no Estado español), até unha falta total de recoñecemento de calquera tipo de (co)oficialidade (vasco, catalán, bretón no Estado francés), chegando, en casos extremos, a unha actitude belixerante directa ou indirectamente. Tomaremos como definición de partida aquela que recolle o Artigo 1 da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias:

Para os fins desta Carta: a) pola expresión “linguas rexionais ou minoritarias” entenderanse as linguas: i) faladas tradicionalmente nun territorio dun Estado por nacionais dese Estado que constitúen un grupo numericamente inferior ao resto da poboación do Estado, e ii) diferentes da(s) lingua(s) oficial(is) do Estado; non inclúe os dialectos da(s) lingua(s) oficial(is) do Estado nin as linguas dos inmigrantes (Consello de Europa 1992).

O que nos interesa aquí máis especialmente son casos como o do galego, onde existe unha clara situación diglósica (Loureiro-Rodríguez, 2007), isto é, un desequilibrio entre os ámbitos de uso formais e de alto prestixio que se reservan para a lingua dominante (español), fronte ao baixo prestixio dos usos informais da lingua dominada (galego). Cabe recalcar que a existencia dun recente uso ritualizado do galego en determinados ámbitos formais tradicionalmente circunscritos ás linguas de prestixio non altera a situación sociolingüística de prestixio no seu conxunto, ficando en termos globais dentro da definición da diglosia, áinda sen se conformar exactamente ao modelo tradición *stricto sensu*.

Neste artigo, exponse como a interpretación de conferencias, sobre todo na modalidade simultánea, pode axudar a paliar simbolicamente este déficit de prestixio. Por outra banda, as situacions diglósicas tamén tenden a xerar un alto grao de inseguridade lingüística nas persoas que falan ou poderían falar a lingua dominada, polo que tamén se reflectirá sobre as posíbeis repercuśóns deste factor sobre a/o intérprete no momento de desenvolver as súas estratexias de traballo.

1. A tradución escrita e as linguas subordinadas

Xa desde mediados dos anos 1980, a teoría dos polisistemas comezou a interesarse polo papel que desempeña o fenómeno da tradución nas linguas minoritarias, cando Toury (1985: 3) as describe como “débiles a respecto das linguas maioritarias das comunidades en cuestión”, tese que foi desenvolvida e aplicada especificamente ao caso galego por Cruces (1993). Máis adiante, este tipo de focaxe centrada esencialmente no sistema literario comezou a deixar paso a análises de corte propriamente lingüístico, aplicadas a outras linguas minoritarias e/ou minorizadas (Zabaleta 2002).

A licenciatura de tradución e interpretación que ofrece a Universidade de Vigo desde 1992 permite cursar todos os estudos tendo por lingua de partida o galego. Isto xerou un fluxo constante e moi importante de publicacións que tratan concretamente a cuestión da tradución en galego –tanto desde o galego como para o galego– desde moitos aspectos cuantitativos e cualitativos, entre as que podemos destacar, a modo de exemplo lonxe de ser exhaustivo: Baxter (2002); Cruces (1993); Constenla Bergueiro (2008)¹; García González (2002); Luna Alonso (2006); Millán-Varela (2000), etc.

Aínda que en menor medida a respecto do galego, ao longo deste período tamén se foi prestando unha atención cada vez maior ao papel normalizador da tradución como fenómeno cunha alta carga simbólica de cara á sociedade nun amplio abano de linguas subordinadas europeas, desde o vasco (Mendiguren Bereziartu 2002) e o bretón (Baxter 2006) até o catalán (Garcia Porres 2002; Xirinachs 1997), pasando polo flamenco (Meylaerts 2009) e o gaélico irlandés (Cronin 1995), etc.

Este importante corpo de investigación, que se vai perfilando como subdisciplina de seu dentro do ámbito dos estudos de tradución en simbiose coa sociolingüística, coincide en afirmar que a tradución pode desempeñar un papel fundamental nos procesos de “revitalización lingüística” co fin de inverter os procesos de “mudanza lingüística”, para recollermos os termos acuñados por Fishman (1991; 2001).

Aínda que non sexa o tema central deste traballo, tamén convén recalcar que a interpretación dá visibilidade pública ás linguas subordinadas, o que fai que o público receptor tamén se torne consciente da existencia destas. Deste xeito, sería proveitoso levar a cabo un estudo máis detallado acerca do papel que desempeña

¹ Entre os moitos artigos publicados por este autor, destacamos este en particular por facilitar unha bibliografía actualizada que abrangue un amplio abano de artigos e teses doutorais que tratan especificamente a cuestión da tradución literaria en galego, sobre todo desde o punto de vista diacrónico.

a interpretación oral de cara á manter o que Bastardas-Boada (2005; 2007) define como a ‘sustentabilidade lingüística’, dentro do marco conceptual da ecolingüística xa utilizada para a tradución escrita en Diaz Fouces (2005 e 2010):

[...] we are interested [in the dimension] that considers translation as an instrument to maintain diversity, i.e. the wealth of the ecolinguistic system, and therefore to resist the centripetal socioeconomic and sociocultural tensions (Diaz Fouces 2005: 99).

2. A interpretación oral e as linguas subordinadas

Cabe recoñecer que en moitas situacóns a interpretación con linguas subordinadas e/ou minoritarias toma a forma de ‘mediación lingüística’ (en inglés *language brokering*, Morales / Hanson 2005), realizada por persoas achegadas e familiares sen formación específica como, por exemplo, o caso dunha alumna, filla de inmigrantes de primeira xeración, que interpreta entre a súa nai e a súa profesora. Agora ben, non se debe pasar por alto o facto de se levaren a cabo interpretacóns formais de xeito regular realizadas por intérpretes profesionais especializadas/os nun grande abano de linguas subordinadas e/ou minoritarias, xa non só na Europa, desde o vasco (*euskera*) até o gales (*cymraeg*), pasando polo sami (*sámeieglat*), o groenlandés (*kalaallisut*) e o maorí (*te reo Māori*)², etc.

Existen, aliás, moitos centros académicos que ofrecen unha formación superior específica de diferentes tipos (parcial, completa, grao ou posgrao...) para intérpretes con linguas subordinadas, desde o grao en tradución e interpretación da Universidade de Vigo que se pode cursar integralmente en galego, até o catalán na Universitat Autònoma de Barcelona e na Universitat Jaume I, o vasco na Euskal Herriko Unibertsitatea/Universidad del País Vasco no Estado español, pasando polo irlandés na Ollscoil na hÉireann/National University of Ireland (Gaillimh/Galway) ou o maorí na Te Whare Wānanga o Waikato/University of Waikato, etc.

No entanto, agás unha serie limitada de excepcóns illadas (Baxter 2008; Garmendia 2007; Urkia 2009), a interpretación destaca pola súa ausencia como obxecto de estudo dentro do marco da planificación lingüística, en comparación coa abundancia de estudos centrados na tradución escrita. Esta disparidade podería atribuirse ao peso que tiveron tradicionalmente as análises tradutolóxicas centradas sobre todo na producción literaria e a conseguinte aplicación da teoría dos polisistemas que

2 Inclúense os endónimos co propósito explícito de lles dar visibilidade, ao seren estas as formas que utilizan as propias comunidades de falantes para denominaren as súas linguas.

exerceu unha notábel influencia no caso do galego. Trátase dunha focaxe que non encaixa coa interpretación, fenómeno oral que dista moito da literatura escrita e que se presta difficilmente ao mesmo tipo de análise textocéntrica, ao non deixar un rastro permanente de fácil acceso, independentemente da existencia ocasional de gravacións *in situ*.

Existen varios tipos de interpretación que se clasifican segundo os contextos nos que se desenvolven (xurídica ante os tribunais, médica, social para comunidades inmigrantes, de conferencias, etc.) e a modalidade que se utiliza (murmurada, consecutiva ou simultánea). Destaca a interpretación simultánea de conferencias como o tipo que goza de maior prestixio simbólico, ao precisar dun certo despregamento de medios tecnolóxicos (cabinas, auriculares, etc.) e ao estar asociada no imaxinario colectivo con institucións tales como a ONU ou a UE, unha imaxe glamourosa popularizada por filmes como *A intérprete* (2005). Debido ao alto grao de prestixio simbólico que reviste, vai ser principalmente a interpretación simultánea de conferencias e congresos o tipo que encadre as reflexións que se verten sobre a función normalizadora –entendida como a reequilibración do prestixio relativo para superar a diglosia– da interpretación para linguas subordinadas como a galega, sen que iso implique que as outras modalidades non cumpran este mesmo papel.

O trazo definitorio *sine qua non* que distingue a interpretación oral da tradución escrita radica na súa ‘immediacy’: “Within the conceptual structure of Translation [i.e. all translation and interpretation-related phenomena], interpreting can be distinguished from other types of translational activity most succinctly by its immediacy.” (Pöchhacker 2004: 10). Así, mentres algunas das conclusións sacadas do estudo e análise do papel que desempeña a tradución na planificación de status/prestixio e a conseguinte normalización de linguas subordinadas (Díaz Fouces 2005: 99) son igualmente válidas para a interpretación, non se poden extrapolar de xeito mecánico á interpretación.

O que isto implica na práctica é que o/a tradutor/a pode tirar un proveito estratéxico do lapso de tempo que transcorre entre a produción do texto traducido e o momento do seu consumo para engadir explicacións, notas a rodapé, etc. Tamén permite a posibilidade de utilizar xiros ou terminoloxía talvez menos familiares, ao saber que a persoa que le sempre poderá ‘conxelar’ a tradución no tempo para volver ler algún fragmento ou para procurar algunha información complementaria nunha fonte externa (dicionarios, enciclopedias, etc.). Pola contra, as e os intérpretes non contan con esta extemporalización e deben procurar que o seu primeiro borrador sexa suficientemente claro e comprensíbel, sen que exista moita marxe para a inclusión de esclarecementos a maiores:

[...] there is one important macroscopic difference and this is the spatio-temporal unity within which the text or speech is delivered and the simultaneous interpreting performed, compared to a written translation which is always carried out after a temporal delay and in a different environment from the one which produced the source text. Even though the two tasks are comparable in their objectives, the information-processing load is greater and the possibility of corrections is reduced in the simultaneous mode. [...] The strategies used in translation and interpreting will thus differ in this specific respect (Riccardi 1996: 213).

Co obxectivo de acadar a máxima funcionalidade posíbel para o seu texto traducido dentro do marco do seu impacto inmediato, a/o intérprete procurará en todo o momento manter unha expresión fluída e coherente, para suscitar no seu público un sentido de confianza, e unha transmisión clara e comprensíbel á primeira escoita. Tomando en conta estas prioridades dentro do contexto específico da interpretación, mentres toman as necesarias medidas para non terxiversaren os contidos, estilo e intención do orixinal, as e os intérpretes tenden a orientar a súa estratexia xeral cara a conseguiren a máxima ‘aceptabilidade’ no canto de procuraren a máxima ‘adecuación’: “[...] whereas adherence to source norms determines a translator’s adequacy as compared to the source text, subscription to norms originating in the target culture determines its acceptability.” (Toury 1995: 56-57).

Optar por estratexias claramente orientadas a conseguiren un alto grao de adecuación inmediata para o texto traducido a respecto do público receptor tórnase unha preocupación aínda maior para quen interpreta con linguas subordinadas, debido ao elevado número de interferencias lingüísticas por parte da lingua dominante correspondente (Diaz Fouces 2005: 96). A inseguridade lingüística característica de situacións diglósicas funciona como factor agravante, levando ao risco de o público non estar familiarizado coa terminoloxía galega cando difire da española. Por exemplo, nun congreso médico (ámbito particularmente impermeábel ao uso do galego) onde as e os participantes galegofalantes estarán probabelmente máis familiarizados coa terminoloxía en inglés que en español debido á penetración do inglés como lingua mundial da ciencia, sen falar xa do galego. Así, un público especializado probabelmente non coñecerá ou resultaranlle estraños ou mesmo erróneos termos anatómicos como ‘cartilaxe’, ‘medula’, ‘cranio’, ‘pulso’, ‘virilla’, etc.

Para colocarmos o dilema en termos más claros, podémonos referir ao hipotético caso dunha interpretación cara ao bretón. No caso do galego, existe unha proximidade lingüística relativamente estreita a respecto da súa correspondente lingua dominante (español), polo que a maioría dos termos descoñecidos poden entenderse en galego sempre e cando houber unha certa vontade por parte dunha receptor/a máis

diglósico/a. No entanto, no caso do bretón existe unha brecha enorme a respecto do francés e, por moito que a terminoloxía técnica moderna parta en grande medida do principio da ‘internacionalización’ (exemplos: *mediaou* ‘medios de comunicación’; *ekologiezh* ‘ecoloxía’; *sokopsikologiezh*, ‘sociopsicoloxía’; *molekulenn*, ‘molécula’, etc.), a división que existe entre un rexistro formal depurado e o rexistro oral da fala popular pode facilmente tornar incomprensíbel un texto interpretado que non tivese este factor en conta.

Por paradoxal que poida parecer, até certo punto, a interpretación cara ao galego ten certos trazos en común coa interpretación cara ao inglés no mercado *freelance* onde tende a haber unha porcentaxe moi alta do público receptor que non o fala como primeira lingua e na que non é necesariamente plenamente competente no seu uso³. En ambos os casos, calquera intérprete que pretenda que a súa mensaxe chegue de xeito inmediato e eficaz (o propósito principal da interpretación) non pode obviar este tipo de factores limitadores.

Polo tanto, en todo o momento a/o intérprete que traballa con linguas subordinadas socialmente non normalizadas –situacións diglósicas de desequilibrio de prestixio e ámbitos de uso– ten que establecer prioridades para equilibrar a súa dupla función, iso é, o seu papel explícito como mediador (función xeral como intérprete) e o seu papel implícito como axente de planificación lingüística (función específica como intérprete de galego).

Aquellos e aqueles intérpretes que traballan habitualmente co galego, sobre todo cando contan cunha formación académica específica, tenden a ser moi conscientes do seu papel como axentes de planificación lingüística. Así, poden optar por colocar este papel por encima do seu papel comunicativo ao non quereren renunciar a un uso correcto da linguaxe fronte a un percibido déficit de competencia lingüística por parte do público receptor, mesmo se, ás veces, iso podería implicar unha minguada efectividade da función puramente comunicativa inherente ao proceso tradutivo/interpretativo. Estas situacións incluirían o uso sistemático de recursos pouco habituais no galego coloquial actual como son os infinitivos flexionados e o futuro do subxuntivo xunto con léxico depurado, por exemplo: ‘desafizamento’, ‘endebedamento’, ‘taxas de xuro’, ‘desenvolver’, ‘investidor’, ‘doador’, ‘colidir’, ‘recruar’, fronte ás formas españolas: castrapizadas ‘desahucio’, ‘endeudamento’, ‘tipos de interese’, ‘desarolar’, ‘inversor’, ‘doante’, ‘colisionar’, ‘recrudecer’, etc.

³ Cabe distinguir neste respecto o inglés, por un lado, que ten unha proxección moito maior como *lingua franca* internacional, polo que concorren habitualmente en congresos internacionais non nativos que se expresan mal que ben nesta lingua, das outras linguas consideradas ‘maiores’ (español, francés, portugués...) que, malia ao seu historial colonial que fai que teñan un rango ‘internacional’, apenas se utilizan como *lingua franca* por falantes non nativos neste tipo de situacións.

A cuestión que se levanta é de orde deontolóxica, e a cada intérprete corresponde determinar en cada momento até que punto está disposta/o a ‘sacrificar’ conscientemente un certo grao de corrección lingüística en prol de garantir a comprensión do texto traducido de xeito inmediato por parte do público receptor. En todo caso, sempre que a persoa que interpreta opte por recoñecer e cumplir o seu papel de axente de planificación lingüística, as decisións que tomar dependerán das inferencias que formula acerca do dominio lingüístico do público receptor e as súas posíbeis reaccións fronte a unha interpretación en galego. Deste xeito, por exemplo, a interpretación podería integrar máis ‘lusismos’ e outros recursos cultos menos usuais (aceptados ou non pola normativa ILG-RAG) en conferencias patrocinadas por determinados departamentos universitarios en eventos organizados por organismos ideoloxicamente proclives ao reintegracionismo, por exemplo forzas políticas ou sindicais nacionalistas, especialmente ao coincidir cun público lusófono do que unha interpretación organizada pola actual Xunta de Galiza, que tende a preferir (mesmo de xeito explícito de cara á persoa encargada da interpretación) un galego ‘normativo’, sendo estes os clientes más habituais que contratan interpretacións en galego.

Finalmente, aínda que este artigo está centrado na planificación do status, por outra banda tamén cabe recoñecer que a interpretación ten un potencial moi grande para a planificación do corpus, ao expor os diversos públicos a usos lingüísticos correctos como o único xeito de paliar as eivas existentes, fuxindo de españolismos innecesarios. Mais, en prol de manter o difícil equilibrio co aspecto comunicativo do seu labor, a persoa encargada da interpretación debe gañar a confianza do seu público mediante unha expresión segura e fluída.

3. A interpretación e a planificación do status

Pode parecer lóxico pensar que a función principal, se non a única, da interpretación consiste en facilitar unha mediación interlingüística, iso é, a súa función comunicativa. Así, ao definir a interpretación, Pöchhacker (2004: 10) indica que: “[...] interpreting is performed ‘here and now’ for the benefit of people who want to engage in communication across barriers of language and culture”.

Unha interpretación que non cumprir con esta función comunicativa de xeito eficaz e áxil sería considerada –con toda a razón– unha má interpretación. Mais, tamén non se deben obviar outros aspectos que entran en xogo especificamente no caso de linguas subordinadas como o galego e que condicionan as posíbeis funcionalidades da práctica interpretativa, sobre todo dentro do marco de congresos internacionais. Así, a interpretación con linguas minoritarias debe cumplir a función comunicativa primordial ao igual que para a interpretación con linguas dominantes plenamente

normalizadas, para alén de cumprir cunha outra serie de funcións moi diferentes daquelas realizadas por intérpretes que traballan con linguas normalizadas (agás o caso específico do inglés como *lingua franca* antes comentado).

De facto, cabe recoñecer que o uso dunha lingua subordinada nunha interpretación a maiores ou no canto da correspondente lingua dominante sempre é froito dunha decisión política máis que propiamente comunicativa, na medida en que un público receptor do galego sería igualmente capaz de entender o mesmo texto interpretado cara ao español. A decisión de incluír unha lingua subordinada como lingua de traballo corresponde, pois, a unha clara vontade de planificación lingüística:

[...] we have to acknowledge that even as a communicative activity, translation is not always associated with a lack of understanding. When a given company makes the decision to have its advertisements or the labels of its products translated into the minority language of a state, such decision [Sic.] is not motivated by the inability of the recipients to understand the major language (García González 2005: 107).

A pesar de tratar de textos literarios escritos, as seguintes reflexións de Woodsworth acerca das implicacións políticas fronte á función comunicativa no que se refire á tradución cara a linguas subordinadas son igualmente válidas para a interpretación, tanto máis á vista do marco de alto prestixio no que se desenvolve a interpretación de conferencias:

Communication is even less of an issue in these two instances because virtually none of the speakers of Scots and Romansch are monolingual. Thus, translation is not ‘necessary’, strictly speaking. [...] Instead, it is an activity with significant institutional, political and ideological implications, which can be highly instructive for our understanding of translational phenomena in general (Woodsworth 1996: 213).

A interpretación de conferencias na modalidade simultánea supón un gasto económico importante.⁴ Por este motivo, téndese a limitar o seu uso a eventos que disponen dun orzamento elevado, o que fai que estes eventos sexan percibidos como de alto

⁴ A tarificación varía enormemente, suxeita ás leis de oferta e procura e coa prohibición de establecer tarifas recomendadas para non contravir a competencia no mercado ‘libre’, o que leva, inexorabelmente, a una infravalorización remunerativa da interpretación. Sexa como for, a título indicativo, a Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación (AGPTI) recomendaba no ano 2011 unha tarifa de 450€ por xornada por intérprete (8 horas, modalidade de simultánea), polo que o total por cabina, sempre con 2 intérpretes, ascende a 1044€ por dia (IVE incluido), sen contar cos gastos que poden ocasionar o alugueiro de cabinas móbeis, o salario dunha persoa encargada dos aspectos técnicos, etc.

prestixio. Do mesmo xeito, ao nivel simbólico, calquera conferencia que dispón dun servizo de interpretación pasará a ser considerada de rango ‘internacional’ e ‘importante’. Así, a visibilidade que outorga a interpretación a calquera lingua subordinada neste tipo de situacíons tamén vai repercutir positivamente sobre o status desas linguas. Nunha palabra, só se utilizan linguas ‘importantes’ en situacíons ‘importantes’, rompendo, así, os esquemas da diglosia onde as linguas subordinadas fican relegadas a espazos de uso de baixo prestixio.

A simple existencia do galego no abano de linguas dispoñíbeis nun congreso internacional ten o potencial de facer mudar as percepcións e inverter os prexuízos cara a el creados pola inseguridade lingüística instaurada en moitas e moitos galegofalantes, ao colocalo no mesmo nivel que as ‘grandes’ linguas internacionais:

Translation is an effective tool to change user’s perception of the symbolic and practical value of their own language, as a language into which translations are made is considered a useful one. [...] an effective management of translation practices leads minorised languages to assume attributes of the languages of the upper level (Díaz Fouces 2005: 102).

Debido á immediatez como trazo característico da interpretación, sumado á súa inserción directa nun contexto de alto prestixio, as observacións de Díaz Fouces acerca da tradución escrita son aínda más pertinentes no caso da interpretación simultánea de conferencias.

Cómpre, pois, aproveitar as posibilidades que ofrece este enorme potencial simbólico que representa a interpretación cara ao galego para contrarrestar os actuais prexuízos lingüísticos que empecen a súa efectiva normalización. Como ben indica Toury (1985: 4), a cuestión de integrar o galego sistematicamente na selección de linguas que se ofertan quer na tradución, quer na interpretación é de corte político e ideolóxico máis que comunicativo, mais sempre sabendo que en ningún caso supón unha mingua da función comunicativa: “A precondition for success [...] is a favourable ‘ideological climate’ of enhancing the prestige of the minority language and the self-esteem of its speakers.”

Por todo o anteriormente exposto, deberíase avogar por integrar o galego como lingua de interpretación nos congresos que se desenvolven na Galiza como un elemento integral da política de planificación de status (García González 2005: 111), asumindo o custo que iso supón como un investimento necesario, actuando ao nivel simbólico para contribuir a paliar os desequilibrios existentes a respecto do español.

4. A interpretación e o exercicio dos dereitos lingüísticos

Para alén do alto valor simbólico que reviste o uso do galego como lingua de chegada (interpretación cara ao galego) que realza o seu status para o público galeofalante receptor, ofrecer a posibilidade do uso do galego como lingua de partida para as persoas que participan (interpretación desde o galego) serve para garantir o exercicio real do dereito lingüístico básico de poder expresarse libremente e con total normalidade na lingua propia da Galiza en calquera ámbito.

Existe un importante volume de literatura acerca da interpretación comunitaria como ferramenta para garantir o acceso e o exercicio efectivo dos seus dereitos a membros de comunidades inmigrantes. Por exemplo, Snelling (2002: ix) indica que a interpretación pode resultar esencial para que falantes de linguas como o hindi, o urdú ou o árabe sen competencias na lingua dominante do país se poidan desenvolver plenamente cos dereitos que lles amparan no Reino Unido e integrarse na sociedade británica como cidadá(n)s de pleno dereito.

A situación destes grupos lingüísticos non é totalmente extrapolábel á situación que se dá na Galiza, onde a ausencia do galego non supón unha barreira comunicativa, ao ser o conxunto da poboación galega funcionalmente bilingüe en español. Cabe recoñecer, no entanto, o valor da interpretación como elemento que facilita o exercicio dos dereitos básicos, que abranguen tamén os dereitos lingüísticos, polo que Skutnabb-Kangas e Phillipson (1994) falan de “dereitos humanos lingüísticos”, como concepto unitario.

Para alén de simples dereitos ‘morais’, é importante sinalar que os dereitos lingüísticos están recollidos como tal nun amplio abano de textos de ámbito nacional e internacional, desde a propia Lei de Normalización Lingüística galega (Parlamento de Galiza 1983) até a Declaración sobre os dereitos das persoas pertencentes a minorías nacionais ou étnicas, relixiosas e lingüísticas (Nacións Unidas 1992), pasando pola Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias (Consello de Europa 1992) e a Declaración universal dos dereitos lingüísticos, auspiciada pola UNESCO (Comité de seguimento DUDL 1996).

Aínda que os dereitos lingüísticos non son tan esenciais para a supervivencia como son, por exemplo, o dereito á auga ou á sanidade, si son esenciais para conservar a cultura inmaterial de comunidades constituídas ao longo da historia, unidas por unha mesma identidade lingüística.

A visibilización do galego mediante a posibilidade do seu uso por parte das persoas que participan nun congreso internacional pode, grazas ao valor simbólico de prestixio alto que se lle outorga, animar galeofalantes a se expresaren nestaúa

lingua que, doutro xeito, recusarían facer por inseguridade lingüística ou simplemente porque non se lles ocorrería que o galego se puidese usar de xeito natural en tales contextos. Axuda, así, a romper os esquemas diglósicos que entorpecen o pleno desenvolvemento do galego como lingua normal en todos os ámbitos, incluídos os formais e ante persoas distinguidas.

En definitiva, en casos como o galego, ofrecer servizos de interpretación en linguas subordinadas, independentemente da capacidade das e dos participantes a respecto da lingua dominante ou outras linguas internacionais, pode servir para ir pechando a brecha que a miúdo existe entre as proclamas oficiais do recoñecemento tácito no papel dos dereitos lingüísticos e a efectivización dos mesmos por parte daquelas persoas que desexan exercelos e vivir plenamente na súa lingua, pois un derecho que non se pode exercer na realidade deixá de ser un derecho e pasa a ser un simple *desideratum*.

5. Conclusións

O uso das linguas subordinadas europeas nunca é estritamente necesario desde o punto de vista puramente comunicativo, ao coexistiren todas elas nos seus respectivos territorios cunha lingua dominante coa que toda a poboación é funcionalmente bilingüe. En tempos de crise, os argumentos puramente utilitaristas impónense por encima de calquera outro tipo de consideración, polo que se tende a ir reducindo cada vez máis o campo de uso das linguas minorizadas entendidas como ‘luxos superfluos’.

Fronte a esta visión reducionista, cabe recoñecer a interpretación como unha ferramenta que trae consigo unha serie de vantaxes importantes que van moito más alá de facilitar a comunicación, función, por outra parte, coa que cumpren linguas como o galego a par de calquera outra.

Investir na interpretación co galego contribúe á planificación lingüística, sobre todo ao realzar simbolicamente o seu prestixio (planificación de status), mais tamén axudando a difundir un uso correcto da linguaxe (planificación de corpus). Por outra banda, serve para garantir o pleno exercicio dos dereitos lingüísticos recollidos nos diferentes textos internacionais e nacionais.

Finalmente, para alén xa dos réditos ao nivel local, ao nivel global permite expor un importante número de persoas descoñecedoras da realidade da rica diversidade lingüística da Galiza ou de calquera outro país con lingua propia á existencia destas linguas, abrindo así unha futura vía de investigación dentro do marco conceptual da ecolingüística.

Bibliografía

- Bastardas-Boada, A. (2005): “Linguistic Sustainability and Language Ecology”, *Language & Ecology*, 1(4). Publicación en liña: <http://www.ecoling.net/Sustainability.pdf> [consult. 15/11/2011].
- Bastardas-Boada, A. (2007): “Linguistic Sustainability for a Multilingual Humanity”, *Glossa. -An Interdisciplinary Journal*, 2(2). Publicación en liña: <http://bibliotecavirtualut.suagm.edu/Glossa/Journal/vol2num2/center2.htm> [consult. 21/12/2011].
- Baxter, R. N. (2002): “El paper de la traducció en la consolidació de la percepció social del gallego como a Abstandssprache”, *Quaderns. Revista de Traducció* 7, 167-181.
- Baxter, R. N. (2006): “Translation for Public Consumption in Subordinated Language Communities: The Case of Breton”, en Parada, A. / Diaz Fouces, Ó. (eds.), *Sociology of Translation*, 11-36 (Vigo: Universidade de Vigo).
- Baxter, R. N. (2008): “A interpretación simultánea e consecutiva e a normalización do galego”, *Longa Lingua* 12, 33-37.
- Branchadell, A. / West, L. M. (2004): *Less Translated Languages* (Amsterdam/ Philadelphia: John Benjamins).
- Comité de seguimiento da Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos (DUDL) (1996): *Declaración universal dos dereitos lingüísticos, auspiciada* (Barcelona: PEN Club Internacional e CIEMEN). Dispoñíbel en <http://www.linguistic-declaration.org/versions/gallec.doc> [consult. 12/05/2012].
- Constenla Bergueiro, G. (2008): “Panorámica general de la traducción literaria en gallego (1975-2005)”, en Camps, A. / Zybatow, L. (eds.), *Traducción e interculturalidad. Actas de la Conferencia Internacional ‘Traducción e Intercambio Cultural en la Época de la Globalización’*, 103-108 (Frankfurt am Main: Peter Lang).
- Consello de Europa (1992): *Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias* (Estrasburgo: Consello de Europa). Dispoñíbel en http://www.coe.int/t/dg4/education/minlang/textcharter/Charter_Charter_gal.pdf [consult. 12/05/2012].
- Cronin, M. (1995): “Altered States: Translation and Minority Languages”, *TTR: traduction, terminologie, rédaction* 8(1), 85-103.
- Cruces, S. (1993): “A posición da literatura traducida no sistema literario galego”, *Boletín Galego de literatura* 10, 59-65.

- Díaz Fouces, Ó. (2005): “Translation policy for minority languages in the European Union. Globalisation and resistance”, en Branchadell, A. / West, L.W. (eds.), *Less Translated Languages*, 95-104 (Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins).
- Díaz Fouces, Ó. (2010): “(Eco)linguistic Planning and Language-exchange management”, *MONTI: Monografías de traducción e interpretación* 2, 283-313.
- Fernández Rei, F. / Santamarina Fernández, A. (eds.) (1999): *Estudios de sociolingüística románica. Linguas e variedades minorizadas* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Fishman, J. A. (1991): *Reversing language Shift: Theory and Practice of Assistance to Threatened Languages* (Clevedon: Multilingual Matters).
- Fishman, J. A. (ed.) (2001): *Can Threatened Languages Be Saved? Reversing Language Shift, Revisited: A 21st Century Perspective* (Clevedon: Multilingual Matters).
- Garmendia, M. (2007): “Eskarmentuak erakutsi diguna. Interpretazioaz bi hitz” [Interpretación: achegas desde a experiencia], *Senez* 32, 217-224.
- García González, M. (2002): “El paper de la traducció en la normalització de la llengua gallega”, en Díaz Fouces, Ó. / García González, M. / Costa Carreras, J. (eds.), *Traducció i dinàmica sociolingüística*, 55-84 (Barcelona: Llibres de l'índex).
- García González, M. (2005): “Translation of minority languages in bilingual and multilingual communities”, en Branchadell, A. / West, L.W. (eds.), *Less Translated Languages*, 105-123 (Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins).
- García Porres, Y. (2002): “El paper de la traducció en el procés de normalització de la llengua catalana. Una perspectiva sociològica”, en Díaz Fouces, Ó. / García González, M. / Costa Carreras, J. (eds.), *Traducció i dinàmica sociolingüística*, 19-54 (Barcelona: Llibres de l'índex).
- Ilg, G. (1978): “De l’allemand vers le français: l’apprentissage de l’interprétation simultanée”, *Parallèles* 1, 69-99.
- Lederer, M. (1981): *La traduction simultanée* (Paris: Minard Lettres Modernes).
- Loureiro-Rodríguez, V. (2007): “Are Galicians bound to diglossia? An analysis of the nature, uses and values of standard Galician”, en Potowski, K. / Cameron, R. (eds.), *Spanish in Contact: Policy, Social and Linguistic Inquiries*, 119–132 (Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins).

Luna Alonso, A. (2006): “La traducción de las culturas minorizadas. El caso gallego”, *Senez* 30, 151-165.

Mendiguren Bereziartu, X. (2002): “Développement de la traduction en langue basque”, *Senez* 24, 11-29.

Meylaerts, R. (2009): “‘Et pour les flamands, la même chose’: quelle politique de traduction pour quelles minorités linguistiques?”, *Meta: Translator’s Journal*, 54(1), 7-21.

Millán-Varela, Carmen (2000): “Translation, Normalisation and Identity in Galicia(n)”, *Target* 12(2), 267-282.

Morales, A. / Hanson, W.E. (2005): “Language Brokering: An Integrative Review of the Literature”, *Hispanic Journal of Behavioral Sciences* 27(4), 471-503.

Naciones Unidas (1992): *Declaración sobre los derechos de las personas pertenecientes a minorías nacionales o étnicas, religiosas y lingüísticas*. (Xenebra: Oficina de Información e de publicaciones OACDH). Disponible en <http://www2.ohchr.org/spanish/law/minorias.htm> [consult. 12/05/2012].

Padilla, P. / Abril, M.I. (2003): “Implicaciones de la direccionalidad inglés-español en la adquisición de la técnica de interpretación simultánea”, en Kelly, D. / Martin, A. / Nobs, M-L. / Sánchez, D. / Way, C. (eds.), *La direccionalidad en la traducción e interpretación. Perspectivas teóricas, profesionales y didácticas*, 391-406 (Granada: Atrio).

Parlamento de Galiza (1983): “Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística galega”, *Diario Oficial de Galicia* núm. 84, do 14.7.1983. Santiago de Compostela: Parlamento de Galiza. Disponible en <http://www.xunta.es/linguagalega/archivos/Ref.xral-2.pdf> [consult. 12/05/2012].

Pöchhacker, F. (2004): *Introducing Interpreting Studies* (London & New York: Routledge).

Riccardi, A. (1996): “Language-specific strategies in simultaneous interpreting”, en Dollerup, C. / Appel, V. (eds.), *Teaching Translation and Interpreting 3. New Horizons. Papers from the Third Language International Conference*, 213-222 (Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins).

Seleskovitch, D. (1968): *L’interprète dans les conférences internationales: problèmes de langue et de communication* (Paris: Minard Lettres Modernes).

Seleskovitch, D. (1975): *Langage, langues et mémoire: étude de prise de notes en interprétation consecutive* (Paris: Minard, Lettres Modernes).

- Seleskovitch, D. / Lederer, M. (1989): *Pédagogie raisonnée de l'interprétation* (Paris: Didier Erudit).
- Setton, R. (1999): *Simultaneous Interpretation. A cognitive-pragmatic analysis* (Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins).
- Skutnabb-Kangas, T. / Phillipson, R. (eds.) (1994): *Linguistic Human Rights. Overcoming Discrimination* (Berlín/Nova York: Mouton de Gruyter).
- Snelling, D.C. (2002): "Foreword", en Garzone, G./M. Viezzi, M. (eds.), *Interpreting in the 21st Century. Challenges and opportunities. Selected papers from the 1st Forli Conference on Interpreting Studies*: ix-x (Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins).
- Tóth, É. (1991): "La traducción literaria de lenguas minorizadas a lenguas de mayor difusión", *Senez* 7 (2-3), 129-146.
- Toury, G. (1985): "Aspects of translating into minority languages from the point of view of translation studies" *Multilingua* 4(1), 3-10.
- Toury, G. (1995): *Descriptive Translation Studies and Beyond* (Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins).
- Urkia, J. (2009): "Interpretazioa. Nora goaz, norantz joan nahi dugu?" [Interpretación: A onde imos, a onde queremos ir?], *Senez* 37, 183-196.
- Wilss, W. (1978): "Syntactic anticipation in German-English simultaneous interpretation", en Gerver, D. / Sinakao, W.H. (eds.), *Language Interpretation and Communication. Proceedings of the NATO Symposium on Language Interpretation and Communication*, 335-343 (New York: Plenum Press).
- Woodsworth, J. (1996): "Translation and the Promotion of National Identity", *Target* 8(2), 211-238.
- Xirinachs, M. (1997): "La traducción como instrumento de normalización lingüística", *Senez* 19, 25-40.
- Zabaleta, J.M. (2002): "Traduction et normalisation linguistique", *Senez* 24, 181-192.

Aproximación á toponimia das freguesías de Arante, Cedofeita, Couxela, Covelas, A Devesa e Ove do concello de Ribadeo: núcleos habitados

Rocío Dourado Fernández

Instituto da Lingua Galega (ILG) / Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Resumo:

Este traballo trata unha serie de topónimos maiores procedentes de seis das doce freguesías do concello de Ribadeo (Lugo). O obxectivo é realizar un estudo etimolóxico-lingüístico do material reunido (108 topónimos) co fin de ofrecer unha explicación das estruturas toponímicas aplicadas na denominación da realidade física circundante.

Palabras clave:

Toponimia, lingüística histórica, onomástica, etimoloxía.

Abstract:

This paper treats a series of major proceeding toponyms from six of the twelve parishes of municipality of Ribadeo (Lugo). The aim is to carry conduct an etymological and linguistic study of the gathered material (108 toponyms) with the objective of offering an explanation of the typonimical structures which give name to the circundant physical reality.

Key words:

Toponymy, historical linguistics, onomastics, etymology.

1. Introdución

O concello de Ribadeo está situado no extremo nororiental da provincia de Lugo (Galicia). Testa polo norte co mar Cantábrico, polo leste coa ría de Ribadeo, polo oeste co concello de Barreiros e polo sur co concello de Trabada. Segundo a última división comarcal¹ levada a cabo pola Xunta de Galicia, Ribadeo forma parte da bisbarra da Mariña Oriental, que integra precisamente xunto cos municipios de Barreiros, Trabada e A Pontenova.

¹ Tomamos como referencia a división comarcal oficializada pola Xunta de Galicia mediante o Decreto 65 / 1997 do 20 de febreiro de 1997 e consultábel no seguinte web: http://www.comarcasdegalicia.com/archivos/textoslegales/3_mapa.pdf.

Do punto de vista histórico, Ribadeo naceu como vila de reguengo, vinculada ao proceso de repoboación urbana do litoral cantábrico. Obtivo unha *carta puebla* do rei Fernando III (López Alsina 1976: 130), e a partir da segunda metade do s. XIV pasou a se converter nun concello de señorío laico, ao se lle conceder en propiedade a Pierre de Villaines. Foi, xunto con Viveiro e Mondoñedo, unha das tres entidades urbanas xurdidas no norte da actual provincia de Lugo ao longo da Idade Media. De feito, durante un breve intervalo de tempo (concretamente entre 1182 e 1224) chegou a albergar a sé episcopal mindoniense. O desenvolvemento que alcanzou o seu porto situou a vila de Ribadeo á cabeza do comercio xerado nos portos do Cantábrico, primacía que ostentou até a súa decadencia, xa no s. XIX.

Canto á natureza e enfoque deste traballo, cómpre dicir que consiste na análise etimolóxica das denominacións dos núcleos habitados que componen seis das doce freguesías do devandito concello: Arante, Cedofeita, Couxela, Covelas, A Devesa e Ove. Trátase, pois, do extracto dun traballo máis amplio e exhaustivo que se está a desenvolver nestes momentos e que abrangue o estudo global da toponimia do devandito concello mariñao.

Ao estarmos perante toponimia maior, o Nomenclátor de Galicia será a fonte principal de onde extraímos as denominacións oficiais de todos eles, que serán as que tomemos como referencia para o noso estudo, mais realizando os comentarios e observacións pertinentes sempre que existiren alteracións (quer na realización fonética dos topónimos por parte dos falantes, quer en aspectos doutro tipo) con respecto ás formas recollidas no devandito repertorio.

2. Corpus de núcleos habitados e estudo

2.1. ARANTE (San Pedro)

O nome da parroquia aparece como *ecclesia Santi Petri de Alanti* nun documento do ano 935, e coa forma *Arante* en diplomas posteriores con data de 1305, 1351 e 1371, entre outros. Bascuas (2002: 30) descarta que se trate do descendente do xenitivo do antropónimo galo *ALANTIUS* (orixe do francés *Alençon*), que encaixaría coa variante más antiga atestada mais que careceu de difusión na Península Ibérica. Deste xeito, o dito autor decántase por entender *Alanti* como erro paleográfico ou alteración fonética de difícil explicación, e prefire reconstruír a etimoloxía do topónimo a partir da variante más abundante, ou sexa *Arante*.

Poderíamos falar así dun hidrotopónimo baseado no indoeuropeo **er-* ‘fluir, moverse’ a través dunha variante **ar-* á que se lle engade o coñecido sufijo *-nt-* (precedido

neste caso de vogal presufixal *-a-*), conforme a un esquema morfolóxico frecuente en topónimos de orixe antigo-europea. Para Bascuas (2002: 169), habería que considerar unha secuencia sufixal *-ante* presente tamén en topónimos como *Amarante*, *Serantes* e similares. De todos os xeitos, o mesmo tema **arant-* témolo tamén en topónimos galegos como *Arantón*, *Arantei* e similares, de clara fasquía prerromana. Por outra banda, a prol da opción hidronímica está a existencia do río francés *Arante*.

Dentro da freguesía de San Pedro de Arante atopamos os seguintes núcleos de poboación:

2.1.1. Barredal, O: Debe tratarse dun derivado do substantivo común *barro* ‘arxila’, ‘masa que resulta da mestura de terra e auga’, ‘masa branda que se forma ao chover’ (Ir Indo, s.v. *barro*). A ese apelativo deberon engadírselle en fases sucesivas dous sufixos como son *-edo* (< latín *-ĒTŪ*) e *-al* (< latín *-ĀLE*), expresando unha idea abundancial. De feito, a fase intermedia *barredo* aparece como topónimo (*Barredo* é nome dunha freguesía de Castroverde, e tamén temos *As Barredas* en Monforte de Lemos), e Eladio Rodríguez recólleo como apelativo con significados como “Lugar donde hay o se forma mucho barro” ou “En los valles lucenses de Lemos, Quiroga y Sarria llaman *barredos* a unas formaciones margosas y arcillosas muy desenvueltas, que en aquella gran cuenca existen en capas horizontales pertenecientes al terreno secundario, según los geólogos” (DEGC). De feito, este mesmo autor dá a forma *barredal* como sinónimo de *barredo*. Canto á base *barro*, trátase con toda probabilidade dun termo prerromano, se ben os autores vacilan á hora de asignalo a un estrato lingüístico concreto. Corominas (DCECH, s.v. BARRO) pensa nunha orixe céltica. O substantivo *barro* é ben coñecido como sinónimo de *lama*, sendo cuantitativamente moito más empregado este último na lingua oral da zona, a diferenza do que ocorre co rendemento toponímico de *barro*, cuxos derivados se revelan como máis abondosos.

2.1.2. Bestilleiros, Os: Carré Alvarellos (DGCV) aboa a voz *bestilleiro* como “Balletero, soldado que usa ballesta”, indicando que se trata dun arcaísmo. De aceptarmos a vinculación do topónimo con este substantivo, poderíamos explicar a denominación do lugar pola existencia no mesmo dalgún tipo de destacamento militar en época medieval. Por outra banda, a forma documéntase como apelido persoal tanto na actualidade como no período medieval (*Pedro Bestileyro* 1261)², co cal tampouco deberíamos descartar que o nome de lugar teña esa orixe, atendendo ademais a que aparece flexionado en plural.

2 Agás cando indiquemos expresamente o contrario, as formas medievais empregadas nesta contribución foron extraídas sempre do *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (TMILG), dirixido por Xavier Varela Barreiro (véxase bibliografía).

Outra opción en principio más remota sería relacionar o derivado *bestilleiro* co zoónimo *besta* (< latín *BESTIA*), a través dun hipotético derivado non documentado **BESTICULA* (> **bestella*). A adición do sufijo *-eiro* (< latín *-ĀRĪU*) completaría esta explicación, que implicaría en calquera caso a pechazón da vogal pretónica (**bestelleiro* > *bestilleiro*) por efecto do ditongo decrecente tónico e/ou da consoante palatal [ʎ] subseiguiente. De todos os xeitos, trátase dunha alternativa meramente conjectural.

2.1.3. Cei: A xulgar pola estrutura, debe tratarse dun antropónimo, se ben carecemos de atestacións documentais que nos permitan determinar cun mínimo de fiabilidade cal foi o nome persoal que xerou esta denominación toponímica. Unha posíbel hipótese é que proceda da forma de xenitivo do antropónimo latino CAELIŪS documentado para o topónimo *Cenlle* baixo variantes como *Celi*, *Çelle* ou *Çeenlle*, tratándose, neste xeito, dunha variante diverxente do mesmo étimo CAELII > **Celi(i)* > **Celi* > *Cei*.

2.1.4. Cima de Vila: Topónimo alusivo á posición elevada do núcleo de poboación en cuestión. O substantivo *cima* ‘cumio, parte más alta’ procede co latín CYMA, que presentaba o mesmo significado. Pola súa banda, o modificador *vila* remite ao latín UILLA, de presenza abundantísima na nosa toponimia, sobre todo en combinación con xenitivos de antigos nomes de posesor.

2.1.5. Fondo de Vila: Estamos perante un topónimo replicante do anterior, pois alude á posición más baixa do núcleo ao que dá nome. O substantivo *fondo* remite ao latín FUNDŪS ‘fondo’.

2.1.6. Fornos, Os: Forma de plural do substantivo *forno*, procedente á súa vez do latín FURNŪS ‘forno’. Na documentación medieval galega, a estancia en que se encontraba o forno, polo xeral unha construcción independente e externa á casa, aparece mencionada baixo formas como *furnus* e *forno* (Varela Sieiro 2008: 213-214). De todos os xeitos, segundo Álvarez Maurín (1994: 105), tampouco cómpre descartar que cando menos algúns destes topónimos baseados no latín FURNŪS sexan “aplicaciones metafóricas que comparan la orografía del terreno con la construcción de forma abovedada que designa el término latino *furnum*”.

2.1.7. Madanela, A: Forma popular do hebreico *Magdalena*, á súa vez xentilicio de *Magdala*, nome dunha localidade palestina que parece remontar ao hebreico *migdal* ‘torre’ (Rivas Quintas 1991: 215). O portugués medieval coñeceu formas como *Maudalena* e *Moudalena*, mentres que na toponimia galega predominan as variantes *Madanela* e *Madalena*. Todas elas aluden á personaxe bíblica do mesmo nome, que conta cunha capela neste lugar ribadense.

2.1.8. Pereiriñas, As: Trátase do diminutivo do fitónimo *pereira*, moi abondoso na nosa toponimia e procedente dun derivado adxectival (*ARBÓRE) PÍRÁRIA creado a partir de PÍRA, á súa vez plural de PÍRUM ‘pera’. O galego *pereira* é común ao portugués e correspóndese co catalán *perera*, mentres que o asturiano e o castelán presentan un derivado *peral* cunha presenza residual na toponimia galega (Navaza 2006: 410). No caso d’As *Pereiriñas* non parece probábel pensar nunha variante fonética de *pedreira* (< PETRÁRIA), como si acontece pola contra noutrous exemplos.

2.1.9. Ponte, A: Procede do latín PÓNTE ‘ponte, pasal’, e alude á ponte que existe nas inmediacións e que serve para cruzar o río Grande ou *río de Arante*.

2.1.10. Portobragán: Ao igual ca noutrous topónimos como *Portor*, *Portogaín* ou *Porcillán*, en *Portobragán* temos a combinación do substantivo *porto* (< latín PÓRTU) co xenitivo dun nome persoal. Neste caso quizais poidamos falar do antropónimo AFRÍCÁNIUS, con certa presenza na nosa documentación medieval (*Africanus* 910, 942, 1095; *Abrecanus* 1010; *Abreccano* 1097) e que parece estar na orixe doutros nomes de lugar galegos como *Abragán*, existente na actualidade nos concellos de Ribeira (como topónimo menor), O Corgo e A Estrada. En Pereiro de Aguiar documéntase un topónimo *Abregón* (de *AFRÍCONII, xenitivo dun hipotético *AFRICONIUS). Piel (1948: 24) sinala descendentes topónímicos deste mesmo antropónimo en Portugal, como *Abregão*, *Abregã* e *Abragão*. Por tanto, a hipótese dun sintagma *PÓRTU AFRICÁNI como orixe da forma *Portobragán* é conjectural (e implicaría a aférese da vogal inicial do antropónimo), mais conta con apoios de relevancia no sistema toponímico tanto galego como portugués.

2.1.11. Rego de Mel: O substantivo *rego* ['r̬eyo] (castelán *riego*) ‘pequena canle pola que corre a auga’, ‘curso de auga pequeno e non permanente’ é frecuentísimo no léxico común e toponímico de Galicia e debe ter orixe prerromana, aínda que Sarmiento prefería explicalo a partir do latín RÍGO ‘regar’ (VG), opción tamén defendida por Piel (1945: 317). Pola súa banda, Coromines (DCECH, s.v. RIEGO) decantouse no seu momento polo ibero-vasco *r̬ēcu-. Máis recente é a proposta de Bascuas (2000: 359 e ss.), que retrotrae o termo á primeira colonización indoeuropea da Península Ibérica, atribuíndo a súa orixe á raíz *er- ‘moverse, fluír’ a través dun tema *rek-, de onde *REKO (> *rego*). De todos os xeitos, cómpre lembrar que en galego chegaron a confundirse foneticamente o termo *rego* que nos ocupa co seu homónimo *rego* ‘suco que deixa o arado’, procedente segundo parece do galorromano *r̬īca (< ie. *perk-*, *prk* ‘suco’), o cal dificulta o establecemento dunha liña divisoria clara.

Canto á segunda parte da cadea toponímica, quizais se trate dun topónimo preexistente baseado no cognome latino MERIŪS, tal e como parece darse noutrous exemplos coma

Mer (Sober), onde se podería postular unha teórica base etimolóxica *(UILLA) MERII, a mesma que García Arias (2000: 278) reconstrúe para o asturiano *Villamir*. Na mesma liña pode interpretarse *Soutomel* (A Bola), xa atestado na documentación medieval baixo unha forma *salto Meri* remontábel a un hipotético sintagma latino *SALTU MERII (Martínez Lema 2010: 247). De todos os xeitos, outra posibel explicación desta secuencia viría dada polo sintagma *(UILLARE) GEMELLII (Piel 1984: 19), onde GEMELLUS funcionaría, ao igual que na secuencia anterior, como nome do posuidor. Aínda así, o propio autor recoñece as dificultades de evolución fonética que tal sintagma conleva. Pola súa banda, Nicandro Ares (1996: 74) aduce unha hipotética secuencia *(UILLARE) MELLIS, a partir da cal resulta difícil extraer a variante moderna *Mel*.

2.1.12. Remourelle: Segundo Bascuas (2002: 160 e ss.), *Remourelle* debe englobarse dentro dun conxunto de topónimos que, como *Reguntille*, *Remourán* ou *Riomol*, entre outros, explícanse pola combinación do substantivo *río* (< latín RÍU) co xenitivo dun antigo nome persoal. No caso de *Remourelle* ese nome sería o latín MAURÉLLUS, cuxo xenitivo deu lugar tamén ao topónimo *Mourelle*, ben representado en Galicia. A prol da interpretación de *Remourelle* como un antigo *RIUŪ MAURÉLLI podemos aducir atestacións medievais como *Riu Maurelli* (s.d.) e *Rio Maurili* (s.d.), ambas as dúas extraídas do Tombo de Lourenzá.

2.1.13. Vilamariz: Procede dun antigo (UILLA) MALARICI, co xenitivo do antropónimo xermánico MALARICUS no que quizais se recoñenza a raíz *marha ‘corcel de batalla’, aínda que tamén hai outras opcións como *marei* ‘mar’, **marka* ‘fronteira’ ou o góticu *amals* ‘valente’ (HgNb §173). O segundo constituinte é o góticu *reiks* ‘rico, poderoso’. Á marxe deste topónimo *Vilamariz*, temos tamén *Mariz* e *Maariz*, nos que se perdeu o núcleo nominal UILLA.

2.2. CEDOFEITA (Santa María Madalena)

Esta freguesía aparece mencionada nun documento de 1124 como *sancta Maria de Citofacta*, nunha permuta entre o monarca Afonso VII e o bispo de Mondoñedo. Atopámola tamén como *Citofacta* (1202), *sancte Marie de Citofacta* (1289), *Çedofeyta* (1286), *Cedofeita* (1488) e aínda unha variante castelanizada *Çedofecha* (1286, 1287). Unha variante masculina *Cedofeito* rexistrámola como nome dunha aldea da parroquia de Toxos Outos (Lousame). Segundo as atestacións medievais parece que podemos reconstruír como étimo un sintagma CÍTO FACTA, ou sexa, o adverbio latino CÍTO ‘rapidamente, en breve espazo de tempo’ (de onde galego *cedo*) e o participio perfecto de FACERE. Aludiría por tanto á celeridade con que se realizou unha determinada obra ou construcción, probabelmente a igrexa parroquial.

Dentro do termo de Cedofeita existen os seguintes núcleos de poboación:

2.2.1. Barreiros: O substantivo *barreiro* significa ‘lugar de onde se extrae barro ou arxila’, e trátase evidentemente dun derivado de *barro* (véxase ARANTE, §2.1.1) mediante o sufíxo *-eiro* (< latín *-ĀRĪU*).

2.2.2. Burgo, O: Topónimo procedente do xermánico *burg-* ‘cidade pequena’, latinizado como *BURGŪS* en alusión a unha entidade de poboación pequena e dependente doutra situada nas súas proximidades.

2.2.3. Currada, A: O termo *currada* aparece nos dicionarios galegos, se ben é máis frecuente a variante *corrada*, xa aboada por Marcial Valladares co significado “Patio principal a la entrada de una casa, especialmente de campo” (*DGC*), e por tanto sinónimo de *curral*. Pola súa banda, Acevedo rexistra unha acepción como “Mullido, árgomas o aulagas, paja, etc., que se echa delante de las casas de los labradores para que, pisado, se convierta en estiércol” (*VBO*), probabelmente consecuencia dun fenómeno de extensión semántica por metonimia. Xa que logo, parece verosímil explicar *currada* / *corrada* en relación con *curral*, ambos os dous de orixe prelatina (cfr. *curro* / *corro* ‘curral de pequenas dimensíons onde se gardan os apeiros de labranza ou os animais’, ‘lugar pechado no monte onde se recollen os animais’), ou, segundo outros autores, relacionados co latín *CURRŪS* ‘carro’ mediante unha evolución semántica ‘carro’ → ‘lugar para os carros’ → ‘curral’ (Álvarez Maurín 1994: 289).

2.2.4. Granda, A: A forma *granda* (que só se rexistra como topónimo maior na metade oriental da provincia de Lugo) é unha variante do más común *gándara* ‘terra baixa chea de vexetación brava de pouca altura’, ‘terreo húmido e pouco produtivo’, ‘terreo enchoupado ou anegado’. Acevedo (*VBO*) daba *granda* como sinónimo de *gándara* coa acepción “Tierra llana e inculta, del común, llena de maleza”, e sinalou o seu uso na área eonaviega. A orixe de *gándara* é prelatina, e parece remitir a unha raíz **ganda-*, de orixe incerta (*DCECH*, s.v. GÁNDARA), á que se lle engadiu o sufíxo átono *-ára* (cfr. topónimos como *Lóuzara*, *Láncara*, *Mántaras* etc.). A partir de *gándara* explícase *granda* como consecuencia da elipse da vogal postónica medial (*gándara* > *gandra*) e a metátese da vibrante (*gandra* > *granda*).

2.2.5. Igrexa, A: O termo *igrexa* é variante semiculta do latín vulgar *ECCLĒSIA* ‘reunión, asamblea dos primeiros cristiáns para celebraren o culto’ e, por extensión semántica, ‘lugar onde se celebraba o culto’. Tal e como apunta Moralejo Lasso (1977: 296-297), os descendentes patrimoniais do latín *ECCLĒSIA* gozaron de grande presenza na nosa toponimia, como p.ex. *Eirexa*, *Eirexe*, *Eirixe*, *Grixa* e similares.

2.2.6. O Pedregal: O substantivo *pedregal* ‘lugar cheo de pedras’ (cfr. *pedral*, *pedreira*, *pedranceira*...) é un derivado de *pedra* (< latín PĒTRA) mediante o sufijo *-al* (< latín -ĀLE) e un elemento afixal *-eg-* de orixe discutida. Meyer-Lübke (REW 6447), reconstrúe un derivado *PETRÍCA. Para Coromines (*DCECH*, s.v. *PIEDRA*), o lóxico é considerar un diminutivo PETRÍCELLA que, debido ao seu frecuente uso na fala e na toponimia, faría posible a extensión do tema PETRÍC- a outros derivados.

2.2.7. Piñeiro: Remite ao substantivo homónimo, o cal á súa vez procede dun derivado *PÍNARÍU creado a partir do fitónimo latino PÍNŪ. A forma galega *piñeiro* e a portuguesa *pinheiro* contrapóñense ao resto de dominios romances, que evoluíron as súas respectivas formas a partir do simple PÍNŪ (castelán *pino*, catalán *pi*...). De todos os xeitos, o galego contou cunha forma patrimonial *piño* (medieval *pīo*) que chegou a ter implantación no léxico e mais na toponimia mais que cedeu ante o castelanismo *pino* (Navaza 2006: 414).

2.2.8. Ponte, A: véxase ARANTE, §2.1.9.

2.2.9. Queixoiro: Topónimo que se repite no concello da Fonsagrada e no de Trabada (Marqués Valea 2004: 281), e que forma parte dunha ampla serie toponímica ben representada no noso territorio á que tamén pertencen ítems como *Queixeiro*, *Queixada*, *Queixa*, etc. Meyer-Lübke (REW 1659c), en opinión despois assumida por Piel, remite ao latín vulgar *CAPSĒŪM ‘semellante a unha caixa’ (← CAPSA ‘caixa’), que deu lugar ao substantivo *queixo* ‘prominencia da cara correspondente á mandíbula inferior’. Trataríase por tanto dunha aplicación metafórica a zonas cuxo relevo presenta características similares á desa parte da anatomía humana. Menos plausíbel parece a proposta de Coromines (*DCECH*, s.v. *QUEJAR*), que remontaba este termo ao verbo latino-vulgar *QUASSIĀRE (← QUĀSSERE ‘sacudir, acanear’, ‘tremer, enfraquecer’), de onde procedería unha forma verbal antiga *requexar / arrequexar* ‘pór en apuros’ que explicaría os topónimos do tipo *Requeixo* e similares. De todos os xeitos, ténense dado outras explicacións a esta voz, a máis recente de Bascuas (2000: 366), que relaciona *Requeixo* co hidrónimo *rek-, tema que explica o termo *rego* e derivados (véxase ARANTE, §2.1.11).

Sexa como for, parece que este tipo de topónimos aluden a lugares profundos ou encaixados no terreo, circunstancia dodata de verificar no caso do *Queixoiro* ribadense, pois trátase dun núcleo de poboación situado no fondo dunha pronunciada vagoada.

2.2.10. Requiande: Segundo Piel e Kremer (*HgNb* §219), a orixe do topónimo encóntrase no xenitivo dun nome persoal *RECCINANDŪS reconstruído precisamente a partir deste nome de lugar. De todos os xeitos, a variante feminina *Rekenanda*

documéntase nun texto catalán do ano 927 (*HgNb* §219). En ambos os dous casos, o primeiro constitúinte sería o góticu *rec(c)-*, de orixe escura, mentres que o segundo elemento remite ao tamén góticu **nanþ-* ‘ousadía, valor’.

2.2.11. Santo Antonio: Haxiónimo baseado no cognome latino ANTONIUS, nome dunha *gens* romana de posibel orixe etrusca (*DNG*, s.v. ANTÓN). Santo Antonio ou San Antonio é o titular de até once freguesías galegas, e a súa pegada toponímica na Península Ibérica pode detectarse en formas como *Santo Antão*, *Santo Antón* e *San Antonio* (Piel 1950: 335). Non puidemos constatar a existencia no lugar ribadense de Santo Antonio dalgunha ermida dedicada ao santo, aínda que si a dunha capela na que se honra a Nosa Señora da Vista ou Virxe do Viso. De feito, o lugar é coñecido tamén polos falantes como *O Viso*.

2.2.12. Teixido: Derivado abundancial do fitónimo *teixo* (< TAXŪ), mediante un sufijo que tradicionalmente se interpretou como variante do más habitual *-edo* (< lat. -ĒTŪ), con metafonía, mais que probabelmente sexa un sufijo distinto -ĪTŪ (Álvarez Blanco 2002).

2.2.13. Torre, A: Procede do latín TŪRRIS ‘torre’, que deixou descendencia en todos os romances occidentais e conta con proxección na toponimia (*DCECH*, s.v. TORRE). Cómpre ter en conta certos matices semánticos, como o feito de *torre* a miúdo designar non só a torre en si mesma, senón o conxunto da fortaleza, ou mesmo a casas señoriais e pazos.

2.2.14. Trapa, A: O substantivo *trapa* aparece nos diccionarios con diversas acepcións, moitas delas susceptíbeis de uso toponímico. Eladio Rodríguez define a voz como “Puerta o trampa en el piso”, mentres que Elixio Rivas (*FrampasII*, s.v. TRAPA) recolle en Pedrafita o valor “Pequeña madera, accionada por medio de un larguero, para cortar el agua del molino” e en Santa Cruz de Arrabaldo “Trampa”. Pola súa banda, Constantino García aboa o significado “Puerta abatible en un agujero que da paso a un lugar bajo, o sobre la cocina” (*GVG*) e “Trampa”, ao tempo que sinala derivados como *trapela* e *trapenla*. Segundo Coromines (*DCECH*, s.v. TRAMPA), estamos perante unha voz onomatopeica *trapp* / *tramp*, e indica que se refire tanto a unha “Tabla que se abre en el suelo al pisarla” como ao “Armadijo que se pone para cazar”, sentido patente nos termos do catalán, o asturiano ou o portugués. En galego, o uso da variante *trampa* por *trapa* (Vázquez Santamarina 1971: 68) non é rara. No asturiano occidental, *trapa* alude a unha trampa para cazar perdices ou a unha especie de trapela aberta no piso das cortes para botarlle comida ao gando. A alternancia dos temas *trap-* / *tramp-* percíbese tamén nos derivados *trampallada* / *trapallada*, *trampela* / *trapela* (Crespo Pozo 1985: 196) etc. A *trapa* ‘trampa para animais’ debeu estenderse ao sitio onde se colocaba.

Na documentación medieval cítase unha *Trapa* de Santa María do Mao, no concello do Incio. O portugués ten os nomes xeográficos *Trapa* e *Trapela* que Fernandes (2001: 229) explica a partir de *trap(p)a* “armadilha para animais selvagens, daí podendo ter tomado um sentido topográfico”.

2.3. COUXELA (Santiago)

Contamos con varios testemuños deste topónimo na documentación medieval, caracterizados por unha certa inestabilidade gráfica e formal. Na documentación catedralicia de Mondoñedo aparecen variantes como *Coiegella* 1002, *sanctus Iacobus de Coogela* 1124 e *Coojela* 1488. No Tombo de Lourenzá aparece unha forma *Coegela* (1117). Quizais poida postularse como étimo unha forma *COUÍELLA, explicábel como diminutivo dunha base *CÓUÍA relacionada á súa vez co adjetivo *CÓUÚS ‘cónico’, ‘profundo’ (véxase COVELAS). De feito, o emprazamento de Couxela encóntrase nunha depresión do terreo fronte á ría. Restos dun derivado *CÓUÚS na nosa toponimia poderían ser formas como *Regouxe*, se aceptamos con Bascuas (2002: 158) a posibilidade dun étimo *RIUÚ COUÍU ‘río profundo ou encaixado’ (cfr. *Riocovo* e similares), apoiada en principio pola forma *recouios* baixo a que aparece documentado nun texto de 1204. En Couxela teríamos unha evolución fonética parcialmente semellante, de admitirmos a transformación da secuencia -UI- nunha consoante prepalatal (como FOUÉU > *foxo*, p.ex.), ou ben o mantemento do carácter semivocálico do wau e a consonantización do iode (*COUÍELLA > **Cougela* > *Couxela*).

Dentro do termo de Couxela existen os seguintes núcleos de poboación:

2.3.1. Bispos, Os: Do lat. EPISCOPŪS ‘bispo’, que á súa vez provén do grego επίσκοπός ‘garda, protector’. As motivacións do topónimo poden ser dúas: por unha banda, pode deberse ao uso deste apelativo como alcume persoal e, nunha segunda fase, como sobrenome familiar, o que explica a flexión en plural; pola outra, talvez se deba á existencia no lugar de terras de xurisdición episcopal. O termo *bispo* como elemento onomástico persoal é frecuente na documentación altomedieval, tal e como pon de relevo Boullón (1999, s.v. BISPO).

2.3.2. Casais, Os: Trátase da forma pluralizada do substantivo *casal* ‘casa de campo con terras e dependencias’, ‘pequeno agrupamento de casas no campo’. A orixe do vocábulo atópase no latín CASA (véxase COUXELA, §2.3.3) mediante un derivado adjetival CASĀLIS, cuxo acusativo CASĀLEM explica a forma *casal* (e a súa variante *casar*), que cando menos nun comezo parecía referirse a “construcciones precarias, no utilizadas probablemente como vivienda, sino como cobertizo o almacén de los aperos de labranza” (Álvarez Maurín 1994: 305). A presenza de *casal* / *casar*

na nosa toponimia é moi elevada, en ocasións mesmo combinándose con nomes persoais, como vemos en *Casalbieito*, *Casalpeguito* e similares.

2.3.3. Casanova, A: O núcleo nominal procede do latín CASA ‘cabana de pastor, choupana’, quizais un empréstimo ou voz preindoeuropea que desprazou o termo clásico DOMUS e sobreviviu nos romances (Álvarez Maurín 1994: 304). O adjetivo que o acompaña é feminino de *novo* (< latín NŌUŪS). O topónimo *Casanova*, con ou sen artigo determinado, é moi abondoso en todo o territorio galegófono.

2.3.4. Cerdeiriñas, As: Diminutivo do fitónimo *cerdeira*, que á súa vez remite ao latín vulgar *CERĒSIA ‘cereixa’ (fronte ao clásico CERĀSIŪM) a través dun suposto derivado *CERESARIA. A evolución deste último, segundo Corominas (*DCECH*, s.v. CEREZA), implicaría unha fase previa *cerezeira* que pasaría a *cerzeira* (por síncope da vogal pretónica medial) e este último a *cerdeira* por disimilación. Existe tamén a variante masculina *cerdeiro*, mentres que *cereixeira*, *cereixal* e similares son formacións más recentes creadas directamente a partir do romance *cereixa*.

2.3.5. Cima de Vila: véxase ARANTE, §2.1.4.

2.3.6. Fornelo: Diminutivo mediante o sufijo *-elo* (< lat. -ELLŪ) do subst. *forno* (< lat. FORNŪ). Véxase ARANTE, §2.1.6.

2.3.7. Irexo: Estamos perante unha evolución do latín ECCLESIA (véxase CEDOFEITA, §2.2.5), na que hai que supoñer varios cambios fonéticos como son a vocalización da consoante oclusiva velar homosílábica (*ec-* > *ei-* ou sexa *Eirexa*), a aférese (talvez motivada polo uso do topónimo en contextos preposicionais, como p.ex. *de Eirexa* > **de Irexa*) e a palatalización da vogal postónica final [a] (> [e]), que conta con moitos paralelos na nosa toponimia, como na propia forma (*A*) *Eirexe*, p.ex.

2.3.8. Maizán: Pola súa estrutura, este topónimo quizais poida interpretarse como descendente do xenitivo dun antropónimo, se ben non fomos capaces de precisar exactamente cal, ao carecermos de documentación o suficientemente antiga. Podería pensarse talvez nun nome *MANICIĀNŪS ou similar, pois nun texto do mosteiro de Xunqueira de Ambía con data de 1150 menciónase a un *Martinus Manici de Ascalona*, onde *Manici* podería ser o patronímico en xenitivo dun hipotético *Manicius*.

2.3.9. Moural: A explicación deste topónimo debe encontrarse no substantivo *moural*, que Aníbal Otero recolleu co valor de “Bestiego. Aplicable a la tierra de aspecto negruzco y a sendas variedades de urce, carpanza y roble” (*HERGP*). Neste suposto, a orixe desta formación estaría no adjetivo *mouro* (< latín MAURŪS) ao que se lle engadiu o sufijo *-al*.

2.3.10. Rego, O: véxase ARANTE, §2.1.11

2.3.11. Sendín: Tanto esta forma como os cognados *Sandín* e *Sindín* proceden dun antigo (UILLA) *SENDÍN*, xenitivo do antropónimo xermánico *SENDÍNUS*, formado á súa vez a partir do gótico *sinþs* ‘camiño’ e o sufijo xermánico *-eins* (*HgNb* §241/24).

2.3.12. Venda, A: Cremos posíbel relacionar este topónimo co derivado regresivo *venda* ‘acción de vender’, ‘contrato mediante o que se entrega unha cousa por un prezo pactado’, procedente de *vender* (< latín *UENDERE*). Deste xeito, o topónimo aludiría a unha terra ou porción de terra que foi vendida nalgún momento da historia, acción da que derivou a súa denominación. Lémbranos por tanto outros topónimos galegos como *A Manda*, *A Pensión*, *A Renda* e similares.

2.3.13. Xunqueira, A: Derivado abundancial, mediante o sufijo *-eira*, do fitónimo *xunco* (< latín *IUNCUM*), con evolución anómala da vogal tónica etimolóxica quizais debida á nasal homosílabica. O derivado *xunqueira* funciona como apelativo en galego co significado ‘zona húmida onde abundan os xuncos’, co cal é sinónimo de *xuncal* (Ir Indo, s.v. XUNQUEIRA).

2.4. COVELAS (San Vicente)

Topónimo ben documentado nos textos medievais, a través de formas como *sanctus Uincencius de Couelas* (1124), *Couelas* (1202, 1286), *Couellas* (1286, 1287), *sancti Vincencii de Couelis* (1373) ou *San Viçenço de Cubelas* (1488). Atendendo ás características gráficas destes rexistros (polo demais moi estábeis) e ás propias circunstancias orográficas do lugar (un núcleo habitado encravado no fondo dun pronunciado val) debemos estar ante un diminutivo (mediante o sufijo *-ela* < latín *-ELLA*) do substantivo *cova* ‘burata, cavidade natural do terreo’, tal e como acontece con outros topónimos referidos a entidades coas mesmas características, como *Vilacova* e similares. A forma *cova* ascende ao latín hispánico (e quizais prelatino) *CÖUA, que desprazou a forma CAUËA. A pronuncia espontánea do lugar pecha moito a vogal pretónica, de xeito que é doado escoitar a variante [ku'βelas].

Dentro do termo de Covelas existen os seguintes núcleos de poboación:

2.4.1. Anzas, As: Documéntase no período medieval como *Asanza* (1202) e *sanctus Tomas de Asanza* (1124) na documentación catedralicia de Mondoñedo. O sentido netamente hidronímico do topónimo obsérvase no famoso diploma do Rei Silo (c. 775), no que se alude a propiedades *inter ribulum Alesancia et Mera*.

Procede dun derivado ALESANTÍA, creado a partir do radical indoeuropeo **el-* ‘vermello, pardo’ (*IEW* 302 e ss.), que acabou tendo usos hidronímicos e xerando topónimos como *Esgos* (< ALESICÓS), *Aliso*, *Alesia*, *Alistro*, *Aussonce* (< ALISONTÍA) ou, conforme ao que aconteceu con outros radicais hidronímicos similares, tamén un fitónimo como *aliso*, nome dunha árbore que medra á beira das correntes fluviais (Bascuas 2002: 260 e ss.). No tocante á secuencia sufixal *an-t-*, é moi habitual na hidronimia de filiación antigo-europea (véxase ARANTE §2.1), como tamén a secuencia *-ña*, sobre todo en combinación coa anterior (cfr. *Barbanza* < *BARB-ANT-ÍA, *Caranza* < *CAR-ANT-ÍA, etc.).

A evolución do primitivo ALESANTÍA dá por vía regular a forma medieval *Asanza*, sobre a que se produciu unha deglutinación da secuencia inicial [as] (interpretada como artigo determinado, i.e., **As Anza*), o cal, á súa vez, determinou a pluralización antietimolóxica do topónimo (**As Anza* → *As Anzas*).

2.4.2. Batais, Os: A orixe deste topónimo atópase no apelativo *batán* ‘mecanismo artesán que se arma nun lugar con abundante auga corrente e que, aproveitando a forza que lle proporciona, bate o pano até transformalo nunha especie de fieltro’. Mais en concreto, trátase do plural característico da zona (e, en xeral, de todo o galego oriental) para as palabras oxítonas rematadas en *-n* (*batán* → *batais*, *can* → *cais* ou *paspán* → *paspais*). Canto á etimoloxía, *batán* é termo de orixe incerta, ainda que pode ascender ao árabe *baṭṭān* ‘batán’, relacionado con *bitāna* ‘pel de carneiro preparada’. Outros autores, en troques, prefirén relacionar *batán* co verbo *bater* (< latín *BATTUĒRE*) (*DCECH*, s.v. BATÁN).

2.4.3. Cabana, A: Dun latín tardío CAPANNA, posiblemente de orixe céltica (*DCECH*, s.v. CABANA). A voz galega *cabana* conserva, á beira da acepción común ‘construcción rústica’, outras más específicas e menos frecuentes propias do medio rural, como ‘morea de canas de millo de forma cónica’ ou ‘vaca cos cornos longos e abertos cara ós lados’, que en calquera caso non deben estar na base do noso topónimo.

2.4.4. Capela, A: O substantivo *capela* designa un edificio pequeno destinado ao culto, ou ben a un espazo concreto dentro da igrexa con altar e advocacións particular. De todos os xeitos, a súa orixe atópase no latín tardío *CAPPĒLLA, diminutivo da voz de orixe descoñecida CAPPA (*DCECH*, s.v. CAPILLA). No lugar en cuestión non perviviron restos de ningunha capela.

2.4.5. Carboeiros, Os: Derivado do substantivo *carbón* (< latín CARBONEM, acusativo de CARBO, -ŌNIS) mediante o sufijo *-eiro*, que neste caso debeu utilizarse para crear un *nomen agentis*, pois *carboeiro* aparece nos nosos dicionarios con acepcións como ‘persoa que fai ou vende carbón’. De feito, no lugar dos

Carboeiros existe áinda hoxe a Casa do Carboeiro, que pode facer referencia a esa circunstancia. Xa que logo, Os Carboeiros puido ser un lugar onde noutrora se elaborou carbón ou onde viviron persoas dedicadas a esa actividade que acabaron por darlle nome á zona.

2.4.6. Casa da Hedra, A: Lugar que tomou o seu nome do dunha casa que áinda hoxe existe. O núcleo nominal procede do latín *CASA* (véxase COUXELA, §2.3.3), mentres que o modificador *hedra* é o nome dunha planta rubideira (*a Hedera helix*) coñecida noutras partes do territorio galegófono como *hedres*, *adreira*, *areira* (esta última aboada en Tui polo padre Sarmiento), etc. En última instancia, todas estas variantes representan distintas posibilidades evolutivas do latín *HĒDĒRA* (> portugués *hera*, castelán *hiedra* / *yedra*, asturiano *yedra* / *yedre*, catalán *heura*, rosellonés *helra*... véxase DCECH, s.v. *HIEDRA*). Outros topónimos relacionados con esta mesma base léxica son *Hedrosa*, *Hedrada*, *Penadrade*, *Os Edreiros*, *Erosa* / *Herosa*, *Oroso*, etc.

2.4.7. Celeirós: Na base deste topónimo debe estar o substantivo *celeiro*, que áinda hoxe presenta acepcións como ‘construción ou compartimento para gardar os cereais’, ‘tipo de hórreo’, ‘alpendre’ ou ‘sitio da casa que se emprega para gardar as provisións’. O substantivo *celeiro* procede do latín *CELLĀRIŪ*, derivado á súa vez de *CELLA*, vivo hoxe na voz *cela* ‘dormitorio individual nun convento, cárcere ou colexio’. O topónimo *Celeirós* explicaríase máis en concreto por un diminutivo **CELLARIÓLOS* (> **Celeirolos* > **Celeiroos* > *Celeirós*, con vogal tónica aberta).

2.4.8. Esfolado, O: Creemos que este topónimo se formou a partir do verbo *esfolar* ‘arrincarlle a pel a un animal’, procedente do latín vulgar **EXFOLLĀRE*. Idéntica orixe debeu ter o topónimo *As Esfoladas*, no concello de Irixoa. A toponimización deste termo puido deberse en ambos os dous casos á súa aplicación metafórica a un terreo pelado e sen vexetación. Tampouco se pode descartar que fose en orixe un sobrenome persoal que acabase por lle dar nome ao lugar, como aconteceu en tantos outros casos.

2.4.9. Marelle: Na nosa opinión, a orixe desta forma debe estar no antropónimo latino *AMARELLUS*, baseado á súa vez no termo homónimo do latín hispánico que surdiu como diminutivo do adjectivo *AMARUS* ‘amargo’ (Boullón 1999, s.v. *AMARELO*) e que acabou atinxindo o significado cromático que áinda hoxe conserva o seu descendente galego (*a)marello* (castelán *amarillo*). Un antigo sintagma *(UILLA) *AMARELLÍ* explica tanto o topónimo ribadense *Marelle* (no que se observou a aférese da vogal inicial), así como os topónimos *Amarelle* existentes no territorio galego. Piel (1948: 27) sinala como descendentes deste mesmo nome persoal o topónimo portugués *Amarelhe* e o galego *Amarelá* (dun antigo *(UILLA) *AMARELLANA*).

2.4.10. Mondigo, O: O lugar en cuestión debeu tomar esa denominación a partir da do monte do mesmo nome, a xulgar polo artigo determinado (cfr. lugares como *O Ézaro*, *O Tambre*, *O Pindo* e similares, que toman os seus respectivos nomes do de accidentes xeográficos próximos). O topónimo aparece como *Mondiso* nun documento de 1002 (debe ser má lectura ou transcripción defectuosa de *Mondigo*). Unha opción sería explicalo a partir do indoeuropeo *men-* ‘elevarse, dominar’ (*IEW* 726, 732), raíz sobre a que se xeraron termos orográficos como o latín MONS, MONTIS ‘monte’ ou o antigo bretón *-monid* e címrico *mynydd* ‘monte’, entre outros. Canto ao sufijo, podería tratarse do sufijo tónico céltico *-iko*, presente en substantivos como *barrica* ou *artiga* (quizais tamén en *cantiga*, véxase Coromines 1949: 336) e en formacións topónimicas como *Amarigo* ou *Nariga*, entre outros (Bascuas 2002: 215).

2.4.11. Ponte, A: véxase ARANTE, §2.1.9.

2.4.12. Pousadoiro, O: Trátase dun derivado do verbo *pousar* ‘deixar algo nun lugar’ (< latín PAUSARE), creado mediante a adición do sufijo *-(d)oiro*, que indica lugar onde se realiza unha acción. Deste xeito, o topónimo *Pousadoiro* e outros coa mesma orixe (como *Pousada* ou *Pouso*, p.ex.) darianle nome a zonas más ou menos chás ao final dunha costa, utilizadas para facer un descanso. Un sentido parecido detéctase en compostos como *Pousafoles* (Padrenda) e *Pousacarro* (Porto do Son), entre outros. De todos os xeitos, tanto *pousadoiro* como a variante protética *apousadoiro* figuran nos nosos diccionarios como voces comúns. Así, Eladio Rodríguez (*DEGC*, s.v. POUSADOIRO) define o termo como “Descansadero, lugar apropiado para descanso” ou “Arrimadero que hay en algunos caminos aldeanos, para que en él pueda poner la carga el que quiera descansar”.

Interpretación lixeiramente distinta é a ofrecida por Ferreira Priegue (1988: 32-33), ao indicar que “al pie de los cruceros, y en previsión de estas estaciones estaba el *pousadoiro*, especie de banco o mesa donde se depositaba la caja o andas con el cuerpo del difunto mientras se hacía un alto y se le rezaba un responso”.

2.4.13. Reme de Arriba: Este topónimo encóntrase ben documentado nos textos medievais, e aparece baixo formas como *Raeme* (1286, 1287, 1297), *Reeme* (1297, 1373), as cales evidencian a existencia dunha consoante intervocálica etimolóxica que caeu. Esa circunstancia xerou un grupo vocálico [ae] que evoluí mediante asimilación ([ee]) e crase ([ɛ]), o cal explica a pronuncia actual do topónimo no que á súa vogal tónica se refire ([‘reme']). A forma *Reme* repítese como constituínte dun sintagma más amplo en *Vilarreme*, nome dunha localidade do concello do Saviñao que demostra que estamos perante o continuador do xenitivo dun antigo nome persoal. No concello do Saviñao existe un lugar chamado *Vilarreme*, probabel

cognado do topónimo ribadense se ben con conservación do núcleo nominal UILLA. Nicandro Ares (1996: 261) explícao a partir do cognome latino REMUS (*LC* 202), hipótese que desde logo non pode aplicarse ao *Reme* ribadense (dadas as devanditas características grafo-fonéticas das súas attestacións medievais).

2.4.14. Sa: Topónimo moi abundante en Galicia e, en xeral, no Noroeste peninsular e que responde á evolución patrimonial do tema xermánico **sala* ‘pazo, residencia dun señor’ (Piel 1989: 123-124). Na toponimia maior coñecemos tamén a variante graficamente más conservadora *Saa*, e tamén compostos como *Saavedra* (< SALA UÉTERA) ou *Sasdónigas* (< SALAS DOMINÍCAS), entre outros.

2.4.15. Salcedo: Estamos perante a evolución dun derivado abundancial SALICETUM creado a partir do acusativo do fitónimo SALIX ‘salgueiro’. O derivado SALICETUM deu lugar ao romanés *salcet*, italiano *salceto*, francés *saussaie* e provenzal *sauzeda* (Aebischer 1950: 70). Na toponimia galega existen tamén as formas femininas *Salceda* e *Saceda*, resultado esta última dunha evolución alternativa de SALICETA (Navaza 2006: 493-496).

2.4.16. San Vicente: Piel (1950: 45-46) indica que San Vicente é un dos mártires más representativos, motivo polo cal se encontra presente no culto de toda a igrexa latina xa desde época temperá, pois podemos atopar xa documentada unha *ecclesia sci Vincentii martyris Valentini* na última década do século VI. A forma *Vicente* explícase a partir do antropónimo latino UINCENTIUS, formado, como tantos outros de inspiración cristiá, a partir do participio de presente dun verbo, neste caso de UINCERE ‘vencer’. Mais en concreto, *Vicente* remite ao xenitivo UINCENTII, mentres que *Vicenzo*, tamén testemuñado na toponimia, procede do caso recto UINCENTIU.

2.4.17. Silveira, A: Trátase dun derivado do étimo latino SÍLVA ‘bosque’, ainda conservado baixo a forma etimolóxica no territorio galego-portugués. Tanto este vocábulo SÍLVA como LÚCUS ‘bosque sagrado’ e SALTUS ‘arboleda’ foron reemprazados polo castelanismo *bosque* de entrada más tardía.

Este termo sufriu unha extensión no seu significado, pasando de designar nun inicio ‘bosque’ a nomear á silveira (*Rubus fruticosus*) ‘Arbusto, da familia das rosáceas, que presenta talos longos e espiñentos, follas pequenas e flores de cor branca ou rosada dispostas en corimbos e ten como froito a amora’ (Ir Indo, s.v. SILVEIRA).

2.4.18. Somo, O: Debe proceder do latín SÜMMUS ‘o más alto’, tal e como suxire ademais o feito de se situar nunha elevación de terreo. Marcial Valladares recolleu o termo *somo* dándoo como arcaísmo e definíndoo como “Cumbre, cima, pináculo, cresta” e “Lo más alto” (*DGC*). Tamén se rexistra como apelativo o feminino

soma “Terra que queda a ambos os dous lados dun rego, máis elevada ca a parte central” (Ir Indo, s.v. SOMA), e para o que Aníbal Otero recolleu outras acepcións como “Altura natural de terreno que, a modo de vallado, divide dos heredades” (HERGP) ou “Cuando un terreno hace hondonada por un lado y por otro”. Termos relacionados con esta base léxica son *asomada* e *asomar*, entre outros. Na toponimia maior galega non coñecemos máis exemplos, aínda que si noutros dominios ibéricos, como p.ex. as formas *Las Asomadas*, *La Asomada*, *La Somada* ou *La Somadilla*, aboadas en Valladolid e que indicarián “eminencia tras la que aparece la visión de un lugar” (Sanz Alonso 1997: 86).

2.4.19. Vilar, O: O termo *vilar* foi moi produtivo na toponimia galega e procede en última instancia dun sintagma *(TERRA) UÍLLARE, cuxo modificador era un adjetivo derivado de UÍLLA (véxase **Vilela** §2.4.20). A secuencia dáballe nome a unha explotación agraria aparecida nos confins dunha *villa* e que acababa adquirindo entidade propia (Baliñas 1992: 221), e na actualidade o substantivo ten como acepción máis habitual ‘aldea pequena, pequeno lugar’.

2.4.20. Vilela: Trátase do diminutivo latino UILLÉLLA procedente do étimo VILLA ‘casa de campo, heredade’ (que á súa vez deriva do radical do vocáculo UICUS). A forma UÍLLA sufriu xa no propio latín unha extensión do seu significado pasando a cubrir tamén a acepción de ‘poboación de tamaño medio’, acepción que se mantén nas linguas romances. No caso do descendente francés *ville* esta amplificación de significado seguiu evolucionando até cubrir a actual acepción de ‘cidade’, e será un derivado desta mesma palabra, *village*, a que recolla o sentido de ‘poboación menor’. Debido a isto, para podermos discernir se se trata dun ou outro significado teremos que ter claro cal foi a época en que se fixou o topónimo.

2.5. DEVESA, A (Santalla)

O nome da freguesía procede do latín DÉFENSAM (> castelán *dehesa*), participio de perfecto de DÉFENDŌ ‘excluír, protexer’ (DELL), que ademais de ‘defender’ tamén significaba ‘prohibir’, acepción esta última que cadra coas restricións as que estaban sujetas antigamente as devesas ou terras adevesadas. Así, o termo *devesa* designaba arboredos de propiedade comunal cuxo aproveitamento estaba suxecto a determinadas restricións. A partir do século XVI as devesas reais, que daquela aínda mantíñan o seu carácter colectivo, pasaron a considerarse propiedade do rei e estaba prohibido extraer madeira ou leña delas, pois esta reservábase para a construción naval. Xa que logo, a (TERRAM) DÉFENSAM era unha ‘terra acoutada’, mais o termo *devesa* desenvolveu tamén outros valores como “Terra cercada destinada a pasteiro ou a bosque” (DLGa), “Terreno más extenso dedicado a cultivo” (DEGC), “Lugar

poboado de arbustos variados” (C. García 1974: 66), “Terra cerrada con árbores autóctonas, carballos fundamentalmente” (López Castro 1990: 95) etc. Xulia Marqués (2004: 734) indica que en Trabada e en toda a comarca da Mariña “non é un apelativo vivo, áinda que, os topónimos actuais coinciden en designar terreos a monte, polo que, de inicio, o sentido local puido ser ‘bosque cerrado’”.

Dentro do termo da Devesa existen os seguintes núcleos de poboación:

2.5.1. Avesada, A: Estamos perante o participio do verbo *vesar* ‘roturar a terra’, ‘labrar a terra de xeito que os terróns e a codia vaian para o fondo do rego’. Á súa vez, *vesar* procede do latín UERSĀRE ‘roturar co vesadoiro’. Unha vesada é, pois, unha terra gañada ao monte para cultivos, motivo polo cal se rotura. Segundo Eladio Rodríguez, *vesada* é o “Campo lameiro o prado que se cultiva”. Elixio Rivas define o termo como “Terreno llano, algo extenso [...] Tierra labrada” (*FrampasII*, s.v. VESADA). A forma *A Avesada* explícase probabelmente pola aglutinación antietimolóxica do artigo determinado feminino (cfr. *lagoa / alagoa, bidueira / abidueira* e similares).

2.5.2. Barral, O: Para o lexema *barro*, véxase ARANTE, §2.2.1. Neste caso derivado mediante o sufijo abundancial *-al*, para indicar os lugares onde a causa da grande humidade o seu terreo e unha especie de lameiro.

2.5.3. Barrio da Campana, O: O galego e castelán *barrio* (portugués *bairro*, forma tamén rexistrada nos diccionarios galegos) parece proceder do árabe *barr* ‘periferia dunha cidade’, ou mellor dun derivado *barri* ‘exterior’ (Álvarez Maurín 1994: 312). Alude, ao igual ca outros termos como *arrabaldo, arrabal* e similares, a unha zona habitada situada nas aforas dun núcleo poboacional maior, áinda que tamén pode facer referencia a cada unha das partes nas que se divide ese núcleo poboacional. Canto ao modificador, debe ser unha forma castelanizada de *campá* (< latín CAMPĀNA), tal e como parece apuntar o feito de *O Barrio da Campana* ser o nome das casas adxacentes á igrexa parroquial.

2.5.4. Barrio Novo: véxase DEVESAS, §2.5.3. Canto ao adxectivo, procede do latín NŌUŪS.

2.5.5. Cepetal: Procede do latín CIPPŪM ‘poste’, designando a parte do tronco dunha árbore que queda unido á raíz cando esta se corta. A esta base engádesele o sufijo *-al* con valor colectivo ou abundancial. Por outra parte, na pronuncia oral obsérvase unha disimilación da vogal pretónica (**Zopetal*), favorecida probabelmente pola presenza dunha consoante bilabial na sílaba seguinte, como en *semana* > **somanā* ou *levar* > **lovar*, por exemplo.

2.5.6. Cinxe: Procede do xenitivo dun nome de posesor xermánico CENDUS, antropónimo xermánico monotemático constituído polo gótico **kind-* ‘descendencia, estirpe’ (HgNb 162 / 8c). De feito, atopamos a forma *Cinde* como nome dun confirmante nunha doazón ao mosteiro de Bacoi con data de 1010 e contida no Tombo de Lourenzá. O topónimo ribadense ten un cognado *Cende* no concello pontevedrés de Covelo, o que nos sitúa ante un par similar a outros como *Sinde / Sinxe, Quende / Quenxe ou Gosende / Gosenxe*. Ainda que Bascuas (2001: 639-640) quixo explicar a forma *Cinxe* como o resultado dunha asimilación progresiva exercida pola africada dentoalveolar inicial [ts] sobre a oclusiva dental ([d] > [dʒ]), cremos máis plausíbel pensar en que en todos estos casos tivo lugar unha palatalización da consoante [d] por efecto do -i final do xenitivo (Martínez Lema 2010: 280-281).

2.5.7. Esteiro: Provén do latín AESTUARIUM, que podemos definir, ao igual có seu continuador galego *esteiro*, como “Espazo costeiro produto da invasión cotiá das mareas do medio terrestre na desembocadura dalgúns cauces fluviais e que, as más das veces, están parcialmente illados do mar por unha barra areosa ou por un estreitamento rochoso” (Ir Indo, s.v. ESTEIRO). É un topónimo frecuente por toda a Galicia costeira.

2.5.8. Lagar, O: Topónimo baseado no apelativo *lagar* ‘depósito onde se expremen certos froitos para extraerlos o zume’, ‘lugar onde se atopa o lagar’, procedente á súa vez dun derivado LACĀLE ‘depósito de líquido’, que en latín designaba igualmente o lagar de viño e mais o de aceite (DCECH, s.v. LAGO). Á súa vez, LACĀLE é un derivado do substantivo LĀCUS, para o cal De Miguel (NDLEE, s.v. LĀCUS) ofrece significados como “Lago”, “Pila, pilón”, “Cuba de gran capacidad”, “Granero para guardar legumbres” ou “La pila en que los cerrajeros y otros artífices templan los metales”.

2.5.9. Liñeiro: O latín LINUM deu lugar ao galego *liño* (portugués *linho*, castelán *lino*), nome da planta que ten como nome científico *Linus usitatissimum*. Xa en latín, a TERRA LINĀRIA aludía ás terras nas que se cultivaba o liño manso. O derivado *liñeiro*, que pode considerarse xa como de formación romance, faría mención a esta circunstancia, pois os nosos diccionarios adoitan recoller o vocábulo como sinónimo de *liñar*, aínda que Eladio Rodríguez (DEGC, s.v. LIÑEIRO) aboa tamén o significado “Persona que trata en tejidos de lino”.

Unha outra opción etimolóxica (ao noso xuízo menos probábel) sería relacionar *liñeiro* co substantivo *leña*, que remonta en última instancia ao latín LIGNUM ‘madeira’. De feito, Elixio Rivas recolleu a forma *liñeiro* en Friol como “Sitio de la leña” (FrampasII). Trataríase en orixe dun derivado *leñeiro*, cuxo paso a *liñeiro* podería deberse á acción do ditongo decrecente [ej] e / ou á da consoante nasal palatal.

2.5.10. Meirengos: No Tombo de Lourenzá aparece notado de diferentes maneiras: *Meyringos*, *Meyrengos*, *Mairengos*, *Meirengos* (s. XIII), rexistros que poderían facer pensar nunha posíbel relación co termo *meiriño* (< latín MAIORINUM). Mais, por outra parte, o vocábulo contén o sufijo *-engo*, bastante usual na creación de xentilicios, é dicir, adjetivos derivados de nomes de lugar e/ou señoríos. Deste xeito, o topónimo podería estar dando nome a un lugar que recibiu xente desprazada doutra localización xeográfica, concretamente neste caso de Meira, tal e como acontece con outros topónimos galegos que fan referencia á mesma circunstancia histórica, como *Meirás* (medieval *Merianes* Tombo de Sobrado 1122). Mais ao non atoparse até o momento documentación máis antiga, o que vimos de dicir non pasa de ser unha mera hipótese.

2.5.11. Noceda: Procede dun derivado NÜCETA creado mediante a adición do sufijo de valor abundancial -ETA á forma NÜCEM, acusativo do latín NUX ‘noz’. Relativamente preto deste lugar, no concello de Trabada, rexístrase unha forma *A Nocenda*, cunha consoante nasal antietimolólica. Este mesmo procedemento podemos rexistralo en formas como, por exemplo, o adverbio *ninguén* < NEC QUEM, etc.

2.5.12. Olleiros, Os: Derivado do substantivo *ollo* (< latín OCULUM), que neste contexto desenvolveu a acepción de ‘nacente de auga’. O topónimo *Os Olleiros* ten un significado máis específico de ‘punto en que asoma a auga’. Nos lugares costeiros do concello parece contar cunha considerábel produtividade, mais facendo alusión á auga do mar que entra en terra: *Ollo Redondo*, *Ollo de Porto*, *Ollo de Estornín*, *Ollo Cheirón*, etc.

2.5.13. Pedreira, A: Derivado do substantivo *pedra* (< latín PETRAM), lexema de grande produtividade na toponimia galega. Máis en concreto, o substantivo *pedreira* presenta en galego valores como “Pedrera, cantera, sitio o lugar de donde se sacan las piedras” ou “Montón de piedra sacada ya de la misma cantera” (DEGC, s.v. PEDREIRA).

2.5.14. Preixoana, A: Interpretamos este topónimo como evolución dun primitivo sintagma **A Pereira Xoana*, onde por posición proclítica, se perde a última sílaba (*A Perei'Xoana*) para finalmente sincoparse a vogal pretónica (*A Preixoana*). Parece razoábel pensar na intervención do xinecónimo *Xoana* ao igual que noutros nomes de lugar afins e estruturalmente más transparentes, como *Fontexoana*, no concello de Cervantes.

2.5.15. Rato, O: O topónimo *O Rato* pode ter cando menos tres vías de explicación, xa que polo momento non fomos capaces de localizar documentación medieval que permita comprobar a súa orixe. Por un lado podería tratarse dun alcume (medieval

ou posterior) do dono desas terras, mais tampouco debería descartarse que se tratase dun lugar onde se pagaba unha *renda rata* no sentido dunha renda ratificada ou confirmada. A terceira hipótese é que proveña de RAPTUM, participio do verbo latino RAPIO, que faría alusión á forza do río, coma no caso do seu homónimo, o río lugués *Rato*. Como explicación ao anterior debemos dicir que até o momento non se atopou documentación onde conste nin o alcume nin a referencia a unha renda especial, e atendendo ás características do terreo trátase dun lugar bastante chan onde hai un regato que conta cun caudal pequeno de auga. Por outro lado, unha cuestión que nos parece significativa é que o nome designa o lugar e non propiamente o río, xa que para se referir ao curso de auga utilizanse denominacións como *Río de Sá* ou *Río do Lagar*; é por este motivo que a denominación de *Río do Rato* parece tamén puramente locativa (ao igual cás outras dúas), tomando os nomes dos lugares polos que transcorre e non como nome propio do río, mais esta situación puido non ser a mesma antigamente e agora ficar así simplemente pola perda da consciencia do referente.

2.5.16. Rochela, A: Trátase dun diminutivo mediante o sufijo *-elo* (< latín *-ELLUS*) do substantivo *rocha* ‘pedra, penedo’ (castelán *roca*), moi presente na nosa toponimia ben a través da forma simple ben mediante derivados como *Rocheira*, *Rochiña*, a propia *Rochela* e similares. Malia esta rendibilidade, a orixe do apelativo *rocha* non está demasiado clara, áinda que podería tratarse dun galicismo (Marqués Valea 2004: 229).

2.5.17. Viladroiro, O: Aparece como *Braladuiro* nun documento catedralicio de Mondoñedo con data de 1202. No Tombo de Lourenzá atopámolo nas secuencias antropónimicas *Petrus Gundisaluz de Bruladuru* (c. 1150-1266) e *Petro Gunçalviz de Bruladoyro* (1258), alusivas ambas as dúas ao mesmo personaxe. Son, até onde nós sabemos, os únicos testemuños deste topónimo nos textos medievais. Deles podemos tirar algunas conclusións: en primeiro lugar, a xulgar polo sufixo *-(d)oiro*, que se trata de derivados deverbais nos que o devandito afijo achega a idea de ‘lugar onde se realiza ou ten lugar unha acción’; en segundo lugar, que a base léxica acabou por asociarse co substantivo *vila*, seguramente pola concorrencia nesa contorna xeográfica de topónimos como *Vilagoíz*, *Vilandriz*, *Vilaselán* ou *Vilaframill*, entre outros. Non sabemos con certeza cal pode ser o lexema verbal sobre o que se formou esta denominación toponímica, e só podemos facer conjecturas a partir dos poucos datos de que dispomos. Unha posibilidade sería pensar no verbo *brullar*, que Elixio Rivas (*Frampas II*, s.v. BRULLAR) define como “Silbar, sonar el viento”. Trataríase por tanto dun lugar onde zoa especialmente o vento, circunstancia coherente coas propias circunstancias orográficas do lugar (situado nunha elevación do terreo non demasiado afastada do mar) e tamén coa existencia no territorio

galego doutros nomes de lugar referidos a esa mesma característica (*O Mesón do Vento, Ventosa...*)³.

2.5.18. Vilagoíz: É posíbel remontar este topónimo a unha secuencia do tipo *UÏLLA GAUDÍTII, sendo o seu propietario un individuo de nome GAUDITIÙS OU GAUDICIÙS. Nos Tombos da Catedral de Mondoñedo aparece rexistrado baixo as formas *uilla Uolisi* e *Uillaurt* (má lectura por *Uillauit*), ambas as dúas nun documento con data de 1002.

O nome persoal GAUDIÙS (NL 46) xerou segundo Piel (1948: 76) un elemento patronímico xa romance *Góis*, que podería ser a base do segundo constituínte deste topónimo. Segundo este autor, a forma en cuestión “explicar-se-ia de um modo fonolóxicamente satisfatório pelo patronímico *Gaudizi*, apontando acima, que, como todos os apelidos deste tipo, recebe o acento do tema”.

2.5.19. Vilandriz: Provén moi posibelmente dunha forma *UÏLLA ANDERÍCÍ, que rexistramos nos Tombos da Catedral de Mondoñedo baixo variantes como *uilla Aldrisi* e *Villam Aldrit*, en senlos documentos do 1002. O antropónimo ANDERÍCÙS (Boullón 1999: 131) alude a unha procedencia xermánica cuxa forma está constituída por dúas bases difenciadas: por unha parte, o tema *and-* de xénesis escura, quizais gótica, e pola outra a terminación xermánica *-reiks*. A forma *Andericus* aparece varias veces como nome de posuidor na documentación medieval do Tombo de Sobrado.

2.5.20. Volta, A: Este topónimo debe explicarse a partir do participio do verbo latino UÕLUÉRE, de onde xurdiu o verbo *volver*, común a galego, portugués e castelán. O substantivo *volta*, entre outros valores, utilizase en galego con significados como ‘curva, ángulo dun camiño ou dun río’ ou ‘cambio de dirección ou desvío dun río ou dun camiño’, ambos os dous susceptíbeis de uso toponímico. No caso que nos ocupa trátase da volta que fai o camiño que pasa polo núcleo habitado en cuestión.

2.6. OVE (San Xoán)

Contamos con abondosos testemuños deste topónimo na nosa documentación medieval, como *Eouo* (1002), *sancto Iohanne de Eoue* (1002), *sanctus Iohannes Euue* (1124), *Oue* (1343) e *San Juan d-Obe* (1488), que nos permiten ir observando a evolución desta forma e determinar a súa procedencia etimolóxica. Trátase sen dúbida dun hidrónimo que tamén intervén como constituínte do topónimo *Ribadeo*,

3 De feito, pode aducirse como dato de interese que no veciño lugar de Meirengos existe unha casa ainda hoxe coñecida como *Casa de Ventoso*.

se ben experimentou evolucións diverxentes nunha e outra forma. Coincidimos basicamente con Bascuas (2002: 199 e ss.), quen, a partir das atestacións que vimos de aducir e dalgunhas outras, reconstrúe un composto **Ořw-upē*, formado a partir dun tema **ořwo-* (da raíz indoeuropea **ei-* ‘ir’, cfr. antigo indio *éva-* ‘corrente’ e similares) que tamén podemos illar noutros potamónimos como *Evas, Eume, Ebo*, etc. O segundo elemento dese composto é a forma atemática **-upe*, tamén con valor hidronímico en tanto que se relaciona probabelmente co radical **up-*, variante alternante de **ăp- / *ăp-* ‘auga, río’ (IEW 52, 1149 e ss.).

Dentro do termo de Ove existen os seguintes núcleos de poboación:

2.6.1. Aceñas, As: O termo *aceña* remonta ao árabe *as-sâniya* ‘nora’, ‘muíño fariñeiro’ (DCECH, s.v. ACEÑA). Este vocábulo coñeceu unha dupla evolución en galego no que respecta ao tratamento da consoante nasal, que nun caso se fundiu co iode para dar lugar a unha nasal palatal (*aceña*), mentres que noutro sufriu lenición e síncope (*acea*). De feito na propia zona conviven oralmente as dúas denominacións para o lugar. As aceas son variantes dos muíños de auga e parecen ser de introdución relativamente recente (Marqués Valea 2004: 802), precisamente no lugar das Aceñas áinda existen restos de antigas construcións deste tipo, das que tomou o nome.

2.6.2. Acevedo: Derivado abundancial (co sufijo *-edo*) de *acevo* (< lat. AQUÍFOLIŪ). Áinda que o noso *acevo* deriva dunha forma un tanto afastada do latín clásico como é a forma **ACÍFÖLUM*, onde a primeira parte do vocabulo, ACI, achega o significado de ‘agudo’ e a segunda FOLIŪM o de ‘folla’, facendo alusión, por tanto, ás características da forma das súas follas.

2.6.3. Capela, A: véxase COVELAS, §2.4.4.

2.6.4. Casas Novas, As: véxase COUXELA, §2.3.3.

2.6.5. Chao de Ove, O: O núcleo nominal ao redor do que se verteira este sintagma toponímico procede do adjetivo latino PLĀNŪS ‘chan’, posteriormente substantivado. A solución *chao* é a propia do galego central e oriental, fronte á variante *chan* das falas occidentais e canonizada no galego estándar.

2.6.6. Covo, O: Procede do adjetivo hispano-latino **CŌUŪS, -A, -ŪM*, e aplicaríase a un terreo de orografía cóncava. Estreitamente relacionado co anterior COVELAS §2.4.

2.6.7. Eirexa, A: véxase COUXELA, §2.3.7. A *Eirexa* é unha forma más conservadora que mantivo o ditongo inicial e o timbre etimolóxico da vogal postónica final.

2.6.8. Escaleira, A: Procede do étimo latino SCALĀRIAM, que á súa vez remite a SCĀLA. O termo *escaleira* ten como significado máis habitual “Plano inclinado que serve para pasar dun nivel a outro mediante a descomposición da distancia vertical en chanzos adaptados á medida dun paso” (Ir Indo, s.v. ESCALEIRA). Neste caso en concreto, parece que a denominación toponímica podería ter xurdido por extensión semántica partindo da similitude formal entre o obxecto e a superficie á que fai alusión. Aínda así, podemos encontrar outro tipo de definicións plausíbeis que dean explicación ao uso desta palabra común para denominar un terreo. Así, Doballo (1974: 141) aboa para a forma *escada* ‘escaleira nun muro que permite o acceso a unha leira’ ou Vázquez Fernández (1971: 100) no mesmo sentido ‘escalón ou grada de ascenso que fai accesible a entrada dun carro a un terreo’.

2.6.9. Estación, A: Topónimo baseado no substantivo *estación* ‘lugar onde un vehículo recolle e deixa mercadorías e viaxeiros’, procedente do latín STATIōNE, á súa vez derivado do verbo STĀRE. Efectivamente, neste lugar atópase a estación de ferrocarril da liña Ferrol-Xixón.

2.6.10. Faxarda, A: Resulta factíbel explicar este topónimo a partir dun antropónimo non documentado *FAGIARDŪS ou similar, xerador en última instancia do apellido (é de supoñer que noutrora nome persoal) *Faxardo*.

A constitución dese antropónimo pode explicarse a partir da onomástica persoal xermánica, pois o tema inicial sería *fak-* / *fag-* (identificábel co gótico *fahs ‘alegre’, *fahēps* ‘alegría’ ou *faginōn* ‘alegrarse’, véxase Boullón (1999), s.v. FAGILDUS), mentres que o segundo elemento é o fráncico *hardus* ‘duro, sólido’. A partir dese nome persoal, a forma toponímica *A Faxarda* poderíase interpretar como forma feminina do apellido *Faxardo* antes mencionado: por exemplo, como alusión a unha muller provista dese apellido que viviu noutrora no lugar en cuestión.

2.6.11. Frieira a Nova / Frieira a Vella: Acevedo recolle *frieira* nas áreas contiguas ao río Eo co valor de “Sabañón” (VBO), mais parece moi improbabél que ese significado puidese motivar unha denominación toponímica. Quizais haxa que fixarse en acepcións como: “Arroyuelo” (Valladares), “Arroyuelo, torrente” (Filgueira), “Sitio donde se siente mucho el frío” (Eladio), “Caída de agua” (Elixio Rivas), “Paso estrecho de agua en el río” (Constantino García) e similares. O étimo sería un derivado creado mediante a adición do sufijo -ĀRIA ao adjetivo FRIGIDŪS (>*frio*).

2.6.12. Garitos, Os: Topónimo baseado no substantivo *garito*, que entre outros significados presenta o de ‘cuarto pequeno e mal arrombado’. Estreitamente relacionados están termos como *garita* ‘caseta que serve de abrigo e defensa a un

sentinela', procedente do francés *garite* 'refuxio' e do que probabelmente proceda o vocábulo que nos ocupa. En última instancia, a orixe desta serie de formas é o xermánico *warjan*, xerador de apelativos semanticamente vinculados aos anteriores como *gorecer* e similares (Ferreiro 1999: 106).

2.6.13. Graña, A: O vocábulo *graña*, conservado só na toponimia, parece proceder do latín GRĀNĒAM, adjectivo derivado do substantivo GRANŪM 'gran'. Segundo Elixio Rivas (1982: 281), a *UILLA GRANĒA era orixinariamente a parte da *villa* romana que albergaba os celeiros onde se almacenaba o gran, para más tarde denominar o conxunto do lugar. Tradicionalmente considerábase que o termo *granxa*, que acabou prevalecendo como apelativo e desprazando a voz tradicional *graña*, era adaptación do francés *grange*, á súa vez procedente dun derivado latino-vulgar *GRANÍCA. Este galicismo, como tantos outros, sería introducido polos monxes cistercienses. De todos os xeitos, non debería descartarse que *graña* e *granxa* sexan en realidade evolucións distintas do mesmo étimo GRANĒA: no primeiro caso, o iode embebeuse na nasal, dando como resultado a nasal palatal; no segundo, en troques, o iode consonantizou, xerando a actual consoante prepalatal.

2.6.14. Grañol: Quizais poida explicarse este topónimo a partir dun antigo *(UILLA) GRANIŌLĪ, no que se observa o xenitivo dun nome persoal *GRANIŌLŪS. Aínda que esta forma non se documenta como tal, si consta a correspondente variante de feminino, ou sexa GRANNIŌLĀ (LC 1982: 167). Segundo parece, trátase dunha serie antropónímica prerromana á que pertencen outros termos como GRANNUS, GRANNOS 'radiado', utilizado como epíteto de Apolo en territorios de cultura e lingua céltica (Boullón 1999, s.v. GRANILO). Desde o punto de vista da evolución fonética, o xenitivo GRANIŌLĪ pasa a *Grañol* en virtude da apócope do -ī final, como en *Ferrol* (vs. *Ferroi*), *Piñor* / *Piñol* (vs. *Piñoi*) e outros antrotopónimos con similar estrutura fonética.

2.6.15. Guildeiros, Os: Seguramente haxa que pensar nun derivado do fitónimo *guinda*, de orixe incerta, ou máis en concreto da variante *guilda* que Elixio Rivas (*FrampasII*) xa rexistra en Betán (Ourense) como nome da árbore que produce os ditos froitos. Segundo Coromines (*DCECH*, s.v. GUINDA), podería proceder dunha forma xermánica romanizada *WIKSINA da que resultarían tamén o antigo catalán *guíndola*, o antigo occitano *guilha*, *guina* ou o francés *guigne*. De paso, o filólogo catalán rexeitaba a hipótese formulada por Meyer-Lübke, quen vía a base última do vocábulo no grego BYSSINUS 'vermello' (Marqués Valea 2004: 387).

2.6.16. Malatos, Os: Procede do termo italiano *malato* (< MALE HABITŪS) 'enfermo', apelativo empregado para referirse aos hospitais que na Idade Media se crearon para recoller os enfermos de lepra. A malataría de Ribadeo foi fundada no s. XIV, e seguramente este topónimo ten que ver coa súa existencia.

2.6.17. Palmeira, A: Pode remitir ao fitónimo homónimo, que designa polo xeral a *Palma Phaenix dactilifera* e que procede do latín PALMA. De todos os xeitos, tampouco poden descartarse outras opcións, como o substantivo *palmeiro*, derivado á súa vez do fitónimo *palma* e que, tal e como indica Eladio Rodríguez (DEGC, s.v. PALMEIRO), aludía ao “Peregrino de Tierra Santa, que traía palma, como los de Santiago llevaban conchas o veneras en señal de su romería”. Neste caso, a toponimización podería vir dada mediante o seu uso como nome de casa.

2.6.18. Pastoriza: O termo *pastoriza* (notabelmente representado na nosa toponimia) aparece recollido en varios dos nosos diccionarios. Eladio Rodríguez (DEGC, s.v. PASTORIZA) define o vocábulo como “Albergue de pastores” e “Pastizal, terreno de pasto abundante”. Elixio Rivas (*Frampas II*, s.v. PASTORIZA) recólleo no Morrazo como “Zona de pastos, vega de pastos”, mais indica o seu carácter arcaico. Desde o punto de vista da etimoloxía, *pastoriza* procede do latín PASTORICIŪS, derivados á súa vez do participio do verbo PASCĒRE ‘pacer’ (Rivas 1982: 294-295).

2.6.19. Pega, A: Posibelmente teñamos como orixe deste topónimo o ornitónimo *pega*, do latín vulgar *PĒCA (pola forma clásica PĒCA ‘pega’, ‘especie de gralla’). De ser isto certo, quizais a súa toponimización, como noutrous casos xa comentados, viñese dada a través dun previo uso antropónimico, i.e., como sobrenome persoal. De feito, áinda hoxe existe na freguesía de Ove a familia dos *Pegos*. O topónimo repítense noutrous puntos de Galicia, concretamente nos concellos de Abegondo, Cambre, Ferrol e Sada, mentres que no de Neda rexístrase o sintagma *A Corredoira da Pega*.

2.6.20. Reme: véxase COVELAS, §2.4.13.

2.6.21. Río de Ove, O: Procede do termo latino RĪUŪS ‘rego, canle’, reducido no latín vulgar a *RIUS como xa se pon de manifesto no *Appendix Probii*. Ademais, neste termo confluiron tamén os valores procedentes de FLUMEN. Como se pode comprobar, o vocábulo *río* aparece acompañado dun complemento locativo (neste caso o topónimo *Ove*, véxase OVE §2.6), marcando deste xeito o tramo fluvial co nome do espazo polo que transcorre.

2.6.22. Río de Ramos, O: Para o núcleo *río*, véxase OVE, §2.6.21. O substantivo que actúa como modificador é *ramo*, procedente do latín RĀMŪS ‘póla, rama’. Coromines (DCECH, s.v. RAMO) sinala que *ramo* reservouse para designar os gallos pequenos dunha rama, así como para usos figurados. Segundo Marqués Valea (2004: 513), “seguramente os nosos topónimos *Ramo* e derivados retratan a vexetación vizosa destes lugares ou indican sitios onde se derramaba”. A presenza de *Ramos* como modificador nesta secuencia toponímica quizais se explique pola identificación da

corrente fluvial en relación a un lugar noutrora coñecido como *Ramos*. Tampouco sería descartábel a topónimización deste vocábulo a través do seu uso como apelido persoal, moi estendido por toda Galicia.

2.6.23. Río Pequeno, O: Para o núcleo *río*, véxase **OVE**, §2.6.21. O modificador é o adjetivo *pequeno*, común ao portugués (vs. castelán *pequeño*), e segundo parece resultado do cruzamento do latín vulgar *PÍTÍNNŪS co radical *pikk-, presente no italiano *piccolo* e *piccino* (*DLP*, s.v. PEQUENO).

2.6.24. San Lázaro: Trátase dun nome bíblico, o arameo *La'azar* ‘Deus axudou’, que pasou ao latín como *LAZARUS* (Boullón 1999, s.v. *LAZARUS*). Asóciase este santo aos doentes de lepra, e no lugar en cuestión existe unha capela con esta advocación. A presenza deste antropónimo na nosa toponimia non só veu por vía haxionímica, pois a forma *Lázare* (Guntín) parece suxerir un antigo *(U)LLA *LAZARU* ou similar.

2.6.25. Santa Cruz: Trátase dun haxiotopónimo relativamente frecuente e antigo, obviamente referido á cruz da paixón de Cristo. Piel (1950: 84-85) indica que “a festa da Invenção da Vera Cruz, de origem palestiniense, e instituída para conmemorar a consagración das basílicas erigidas por Constantino nos lugares do S. Sepulcro e do Calvário, é inscrita, nos calendarios primitivos peninsulares, a 3 de Maio”.

2.6.26. Seixadelo: Segundo parece, estamos perante un descendente toponímico do substantivo *seixo* ‘coio pequeno e listo’ (< latín SAXŪ), ao que se lle engadiu dupla sufixación: *-edo* (< -ĒTŪ) e do diminutivo *-elo* (< -ĒLLŪ). Trataríase por tanto dun lugar de pequena extensión e singularizado pola presenza de seixos. A forma esperábel a partir dese suposto derivado *SAXETĒLLŪ sería *Seixedelo, mais debeu producirse unha disimilación que explica a solución actual.

2.6.27. Travessas de Ove, As: Procede do termo latino TRĀNSVĒRSAM ‘transversal’. A motivación pode vir dada polas barreiras do paso a nivel do antigo ferrocarril do mineral que alí se encontran. Aínda así, na documentación antiga podemos encontrar a secuencia *pezas travesas* en alusión a terreos ‘dispostos de través’. Marqués Valea (2004: 717) cita tal uso presente nun documento privado da parroquia de Sante. Para a forma *Ove*, véxase **OVE** §2.6.

2.6.28. Valín, O: Diminutivo creado sobre o substantivo *val* (< latín UALLE) mediante o sufijo diminutivo *-ín*, evolución do latín -INŪ característica da zona que nos ocupa e, en xeral, do conxunto do galego oriental. O xénero masculino de *val* (fronte ao xénero feminino que tiña o seu étimon latino) denota o carácter relativamente recente do topónimo.

2.6.29. Veigadaira, A: Topónimo analizábel como unha antiga secuencia **A Veiga da Aira*, resultado da combinación do substantivo *veiga* e do substantivo *aira*.

O vocábulo *veiga* é moi frecuente no léxico toponímico de Galicia. Recólleo xa Reguera co significado “Vega. En tierra de Lugo unos prados húmedos que solo dan pasto para el ganado y no sirven para yerba verde ni para heno. Por lo común estan a las márgenes de los ríos, y también los hay en otros puntos pero siempre húmedos. Por su agua encharcada no sirven para otro uso”, e faino sinónimo de *braña*. De todos os xeitos, as acepcións do termo varían sensibelmente dunhas áreas de Galicia ás outras. Na zona que nos ocupa, o substantivo *veiga* designa un prado situado nas marxes dun río e caracterizado pola súa humidade. Desde o punto de vista da etimoloxía, o vocábulo ascende ao substrato prelatino, aínda que se deron distintas interpretacións. Menéndez Pidal (1968: 15) reconstruíu un derivado **vaika* formado pola base *bai* ‘río’ e o sufijo *ka* ‘rexión do río’, e adscribe o termo ao fondo ibero. Hubschmid (1960: 458) optara por un sintagma *(TERRA) (I)BAIKA co significado ‘terreo nas beiras dunha corrente de auga’, relacionándoo co éuscaro *ibai* ‘río’. Máis recentemente, Villar Liébana (2000: 245) defendeu a orixe indoeuropea do termo. O certo é que o vocábulo non existe só en galego e portugués, senón que tamén se rexistra en castelán e sardo, e ainda esporadicamente no aragonés.

Canto ao modificador *aira*, procede do latín ARĒA ‘solar sen edificar’, ‘eira dunha granxa’. Deste termo deriva, por evolución fonética regular, a voz *eira*, propia da maior parte de falares galegos; pola contra, a variante *aira*, en que se conservou o ditongo secundario [aj] resultante da metátese do iode, restrinxese ás variedades galegas centro-orientais. De todos os xeitos, o galego *eira* / *aira* ten o seu correlato no asturiano e castelán *era*. O significado básico (o que se rexistra ademais na zona que nos ocupa) pode expresarse como ‘espazo de terra descuberto próximo á casa e no que se mallan os cereais, pónense a secar os legumes, etc.’; malia iso, cómpre non esquecer outras acepcións verificadas noutras zonas do país, como “Sembrado de hortalizas, que más comunmente se llama *horta*” (DEGC, s.v. EIRA), entre outros.

2.6.30. Vilar: véxase COVELAS, §2.4.19.

2.6.31. Vilavella, A: Sintagma nucleado polo substantivo *vila* (véxase ARANTE, §2.2.4) e no que actúa como modificador o adjectivo *vello*, procedente da forma latino-vulgar *UĒTŪLŪS, que se creou á súa vez sobre o termo clásico UETŪS, -ERIS. No lugar da Vilavella estivo o emprazamento orixinal da freguesía de Ribadeo, e o da primitiva igrexa de Santiago de Vigo.

2.6.32. Xardín, O: Procede do termo francés *jardin*, forma diminutiva do francés antigo *jart* ‘horto’, en fráncico *GARD ‘cercado, sebe’. Este vocábulo tivo unha posterior extensión semántica que o levou a significar en galego “Espazo de terreo delimitado, ordenado e cultivado con plantas ornamentais” (Ir Indo, s.v. XARDÍN).

3. Cabo

O estudo das denominacións dos lugares, neste caso da denominada macrotoponimia ou toponimia maior, presenta diversas utilidades e aplicacións prácticas, entre elas a de servir como complemento auxiliar doutras disciplinas lingüísticas como a gramática histórica. En concreto, a análise das diversas categorías toponímicas (antropotopónimos, hidrotopónimos, fitotopónimos, orotopónimos, etc.) relaciónase, por unha banda, cos hábitos da construcción denominativa das distintas realidades circundantes ao ser humano e, pola outra, entronca directamente co contexto socio-cultural que os rodea (especialmente relevante nos hábitos de construcción de sintagmas antropónimos fosilizados en topónimos de base persoal). Este tipo de interaccións resúltannos dunha grande utilidade para establecer a datación, cando menos aproximada, de moitas das estruturas toponímicas. Por exemplo, o carácter indiscutiblemente achegado no tempo de *O Barrio da Campana* (onde o segundo elemento xa concorreu na estrutura coa forma castelá debido á súa recente incorporación ao repertorio) fronte ao máis antigo de formas como *Vilandriz* ou *Vilagoíz* (onde a filiación xermánica do segundo elemento adoita remitir a un período cronolóxico anterior incluso ao da toponimia de base latina). Por outra parte, son frecuentes os casos de hibridismo ou etimoloxía híbrida neste tipo de repertorios, é dicir, acostuma acontecer que un único ítem toponímico se compón de elementos de distinta orixe etimolóxica, ben resultante da unión de bases léxicas de filiación lingüística diferente, ben da unión dunha base léxica cun afixo ou afixos de procedencia diversas (especialmente no ámbito da hidronimia).

Por último, e desde o punto de vista da normalización e estandarización lingüística do idioma galego, este tipo de traballos ofrecen unha visión más completa e exhaustiva que axuda á comprensión cabal e á reconstrucción da forma xenuína de numerosos topónimos para os cales os nomenclátores ofrecen aínda hoxe propostas dubidosas ou incluso incorrectas. Mais, aínda así, é evidente que fican no ar moitas cuestiós pendentes que esixen afondar nas liñas de traballo abertas e enriquecelas con novos estudos e perspectivas.

4. Índice de formas

- | | |
|---------------------------------|---------------------------|
| Aceñas, As (§2.6.1) | Cinxo (§2.5.6) |
| Acevedo (§2.6.2) | Couxela (§2.3) |
| Anzas, As (§2.4.1) | Covelas (§2.4) |
| Arante (§2.1) | Covo, O (§2.6.6) |
| Avesada, A (§2.5.1) | Currada, A (§2.2.3) |
| Barral, O (§2.5.2) | Devesa, A (§2.5) |
| Barredal, O (§2.1.1) | Eirexa, A (§2.6.7) |
| Barreiros (§2.2.1) | Escaleira, A (§2.6.8) |
| Barrio da Campana, O (§2.5.3) | Esfolado, O (§2.4.8) |
| Barrio Novo, O (§2.5.4) | Estación, A (§2.6.9) |
| Batais, Os (§2.4.2) | Esteiro (§2.5.7) |
| Bestilleiros, Os (§2.1.2) | Faxarda, A (§2.6.10) |
| Bispos, Os (§2.3.1) | Fondo de Vila (§2.1.5) |
| Burgo, O (§2.2.2) | Fornelo (§2.3.6) |
| Cabana, A (§2.4.3) | Fornos, Os (§2.1.6) |
| Capela, A (§2.4.4), (§2.6.3) | Frieira a Nova (§2.6.11) |
| Carboeiros, Os (§2.4.5) | Frieira a Vella (§2.6.11) |
| Casa da Hedra, A (§2.4.6) | Garitos, Os (§2.6.12) |
| Casais, Os (§2.3.2) | Graña, A (§2.6.13) |
| Casanova, A (§2.3.3) | Granda, A (§2.2.4) |
| Casas Novas, As (§2.6.4) | Grañol (§2.6.14) |
| Cedofeita (§2.2) | Guildeiros, Os (§2.6.15) |
| Cei (§2.1.3) | Igrexa, A (§2.2.5) |
| Celeirós (§2.4.7) | Irexo (§2.3.7) |
| Cepetal (§2.5.5) | Lagar, O (§2.5.8) |
| Cerdeiriñas, As (§2.3.4) | Liñeiro (§2.5.9) |
| Chao de Ove, O (§2.6.5) | Madanela, A (§2.1.7) |
| Cima de Vila (§2.1.4), (§2.3.5) | Maizán (§2.3.8) |

| | |
|--|-------------------------------|
| Malatos, Os (§2.6.16) | Rochela, A (§2.5.16) |
| Marelle (§2.4.9) | Sa (§2.4.14) |
| Meirengos (§2.5.10) | Salcedo (§2.4.15) |
| Mondigo, O (§2.4.10) | San Lázaro (§2.6.24) |
| Moural (§2.3.9) | San Vicente (§2.4.16) |
| Noceda (§2.5.11) | Santa Cruz (2.6.25) |
| Olleiros, Os (§2.5.12) | Santo Antonio (§2.2.11) |
| Ove (§2.6) | Seixadelo (§2.6.26) |
| Palmeira, A (§2.6.17) | Sendín (§2.3.11) |
| Pastoriza (§2.6.18) | Silveira, A (§2.4.17) |
| Pedregal, O (§2.2.6) | Somo, O (§2.4.18) |
| Pedreira, A (§2.5.13) | Teixido (§2.2.12) |
| Pega, A (§2.6.19) | Torre, A (§2.2.13) |
| Pereiriñas, As (§2.1.8) | Travesas de Ove, As (§2.6.27) |
| Piñeiro (§2.2.7) | Trapa, A (§2.2.14) |
| Ponte, A (§2.1.9), (§2.2.8), (§2.4.11) | Valín, O (§2.6.28) |
| Portobragán (§2.1.10) | Veigadaira, A (§2.6.29) |
| Pousadoiro, O (§2.4.12) | Venda, A (§2.3.12) |
| Preixoana, A (§2.5.14) | Viladroiro, O (§2.5.17) |
| Queixoiro (§2.2.9) | Vilagoíz (§2.5.18) |
| Rato, O (§2.5.15) | Vilamariz (§2.1.13) |
| Rego de Mel (§2.1.11) | Vilandriz (§2.5.19) |
| Rego, O (§2.3.10) | Vilar (§2.6.30) |
| Reme (§2.6.20) | Vilar, O (§2.4.19) |
| Reme de Arriba (§2.4.13) | Vilavella, A (§2.6.31) |
| Remourelle (§2.1.12) | Vilela (§2.4.20) |
| Requiande (§2.2.10) | Volta, A (§2.5.20) |
| Río de Ove, O (§2.6.21) | Xardín, O (§2.6.32) |
| Río de Ramos, O (§2.6.22) | Xunqueira, A (§2.3.13) |
| Río Pequeno, O (§2.6.23) | |

Bibliografía

- Aebischer, P. (1950): “‘Salicetum’ et ‘salictum’ dans les langues romanes”, *Revista Portuguesa de Filologia* 3: 70-85.
- Álvarez Blanco, R. (2002): “Topónimos en -edo e -ido”, en Boullón Agrelo, A. I. (ed.): *Actas de XX Congreso Internacional de Ciencias Onomásticas* (Santiago de Compostela, 20-25 de setembro de 1999): 87-101 (A Coruña: Pedro Barrié de la Maza).
- Álvarez Maurín, M. P. (1994): *Diplomática asturleonesa. Terminología toponímica* (Ponferrada: Universidad de León).
- Ares Vázquez, N. (1996): “Toponimia do concello do Saviñao”, *Lucensia* 13: 251-272.
- Baliñas Pérez, C. (1992): *Do mito á realidade. A definición social e territorial de Galicia na Alta Idade Media (sécs. VIII e IX)* (Santiago de Compostela: Coordenadas).
- Bascuas López, E. (2000): “Rego y requeixo. Una pervivencia hispana de la raíz ind. er- ‘moverse’”, *Verba* 27: 359-378.
- Bascuas López, E. (2001): “Mondoñedo y Valoría”, *Estudios Mindonienses* 17: 423-490.
- Bascuas López, E. (2002): *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega. Anexo 51 de Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Boullón Agrelo, A. I. (1999): *Antropónimia medieval galega (ss. VII-XII)* (Tübingen: Max Niemeyer Verlag).
- Cal Pardo, E. (1999): *Colección Diplomática Medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- Coromines, J. (1949): “Duas etimologias portuguesas”, *Boletim de Filologia*, t. 10: 334-340.
- Crespo Pozo, J. S. (1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes e inclusión del gallego literario y galaico portugués* (Sada: O Castro).
- DCECH = Coromines, J. / Pascual, J. A. (1980-1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico* (Madrid: Gredos).
- DELL = Ernout, A. / Meillet, A. (1985): *Dictionnaire étymologique de la langue latine. Histoire des mots* (Paris: L. Klincksieck).

DLG = Feixó Cid, X.G. (coord.) (1986): *Diccionario da lingua galega* (Vigo: Ir Indo).

DLP = Houaiss, A. et al. (2001): *Dicionário Houaiss da língua portuguesa* (Rio de Janeiro: Objetiva).

DNG = Ferro Ruibal, X. (dir.) (1992): *Diccionario dos nomes galegos* (Vigo: Ir Indo).

Dobarro Paz, J. M. (1974): *Vocabulario de Capela (Cabalar)*. Tese de Licenciatura inédita (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Fernandes, A. de Almeida (2001): *Toponímia de Ponte de Lima* (Ponte de Lima: Arquivo Ponte de Lima / Câmara Municipal de Ponte de Lima).

Ferreira Priegue, E. (1988): *Los caminos medievales de Galicia*. Anexo do Boletín *Auriense* 9 (Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial).

Ferreiro Fernández, M. (1999): *Gramática Histórica Galega (I. Fonética e Morfo-sintaxe)* (A Coruña: Laiovento).

García Arias, X. L. (2000): *Pueblos Asturianos el porqué de sus nombres* (Xixón: Albora Llibros).

HgNb = Piel, J.M. / Kremer, D. (1976): *Hispano-gotisches Namenbuch. Der Niederschlag des Westgotischen in den alten und heutigen Personen und Ortsnamen der Iberischen Halbinsel* (Heidelberg: Carl Winter).

Hubschmid, J. (1960): „Lenguas prerromanas no indoeuropeas. Testimonios románicos“, *Enciclopedia lingüística hispánica* 1: 27-66.

IEW = Pokorny, J. (1959): *Indogermanisches etymologisches Wörterbuch* (Bern: Francke Verlag).

LC = Kajanto, I. (1982²): *The Latin Cognomina* (Roma: Giorgio Bretschneider Editor).

Leido Cabido, B. (ed.) (2004): *Diccionario de galego Ir Indo* (Vigo: Ir Indo).

López Alsina, F. (1976): *Introducción al fenómeno urbano medieval gallego, a través de tres ejemplos: Mondoñedo, Vivero y Ribadeo* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Marqués Valea, X. (2004): *A toponimia de Trabada* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia).

Martínez Lema, P. (2010): *Toponimia das comarcas de Bergantiños, Fisterra, Soneira e Xallas na documentación do Tombo de Toxos Outos (s. XII-XIV)* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

- Menéndez Pidal, R. (1968): *Toponimia prerrománica hispana* (Madrid: Gredos).
- Moralejo Laso, A. (1977): *Toponimia gallega y leonesa* (Santiago: Pico Sacro).
- Navaza Blanco, G. (2006): *Fitotponimia galega* (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).
- NDLEE* = Miguel y Navas, R. de (1967): *Nuevo diccionario latino-español etimológico* (Madrid: Agustín Jubera).
- NL* = Cañizares, B. (1992): “Nomenclátor topónimico medieval de la diócesis”, *Lucensia* 5: 137-185.
- Piel, J.M. (1945): “As águas na toponímia galego-portuguesa”, *Boletim de Filologia* 8, 4: 305-342.
- Piel, J.M. (1948): *Nomes de “possessores” latino-cristiões na toponímia astur-galego-portuguesa* (Coimbra: Universidade de Coimbra).
- Piel, J.M. (1950): “Os nomes dos santos tradicionais hispânicos na toponímia peninsular”, separata de *Biblos* vols. XXV-XXVI (Coimbra: Universidade de Coimbra).
- Piel, J.M. (1984): “Novíssimas achegas à história da tradição antropotoponomástica mais antiga latina no Noroeste galaico”, *Verba* 11: 5-24.
- Piel, J.M. (1989): *Estudos de lingüística histórica galego-portuguesa* ([Lisboa]: Imprensa Nacional / Casa da Moeda).
- REW* = Meyer-Lübke, W. (1972): *Romanisches Etymologisches Wörterbuch* (Heidelberg: Carl Winter. Universitätsuerlag).
- Rivas Quintas, E. (1982): *Toponimia de Marín*, Anexo 18 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Rivas Quintas, E. (1991): *Onomástica persoal do Noroeste hispano* (Lugo: Alvalrellos).
- Rodríguez González, A. / Rey Caíña, J. A. (1992): “Tumbo de Lorenzana”, *Estudios Mindonienses* 8: 6-324.
- Santamarina Fernández, A. (ed.) (2003): *Diccionario de diccionarios* [versión 3] (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).
- *DEGC* = Rodríguez González, E. (1958: 1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, 3 vols (Vigo: Galaxia).
 - *DGC* = Valladares Núñez, M. (1884): *Diccionario gallego-castellano* (Santiago de Compostela: Seminario C. Central).

- *DGCV* = Carré Alvarellos, L. (1972⁴): *Diccionario galego-castelán e vocabulario* (A Coruña: Moret).
- *Frampas II* = Rivas Quintas, E. (1988): *Frampas II: contribución al diccionario gallego* (Salamanca: Editorial Ceme).
- *GVG* = García, C. (1985): *Glosario de Voces galegas de hoxe*, anexo de *Verba*, 27 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- *HERGP* = Otero Álvarez, A. (1949): *Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués* (Madrid: Cuaderno de Estudios Gallegos).
- *VBO* = Acevedo y Huelves, B. / Fernández y Fernández, M. (1932): *Vocabulario del bable de occidente* (Madrid: Centro de Estudios Históricos).
- *VG* = Sarmiento, M. (1975): *Viaje a Galicia*, en Pensado Tomé, J. L. (ed.) (Salamanca: Universidad de Salamanca).
- *VPGC* = Filgueira Valverde, X. et al. (1926): *Vocabulario Popular Galego-Castelán* (Santiago de Compostela: Seminario de Estudios Galegos).

Sanz Alonso, B. (1997): *Toponimia de la provincia de Valladolid. Las cuencas del Duero, Pisueña y Esgueva* (Valladolid: Universidad de Valladolid).

TMILG = Varela Barreiro, X. (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega). [<http://ilg.usc.es/tmilg>].

Varela Sieiro, X. (2008): *Léxico cotián na Alta Idade Media de Galicia: arquitectura civil*. Anexo 62 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Vázquez Fernández, M. I. (1971): *El habla y el léxico de Pereiramá (Lugo)*. Tese de licenciatura inédita (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Vázquez Santamarina, M. E. (1971): *El habla de La Gudiña*. Tese de licenciatura inédita (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Villar Liébana, F. (2000): *Indoeuropeos y no indoeuropeos en la Hispania prerromana: las poblaciones y las lenguas prerromanas de Andalucía, Cataluña y Aragón según la información que nos proporciona la toponimia* (Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca).

Xunta de Galicia (2003): *Nomenclátor de Galicia*. Dispoñíbel en <<http://www.xunta.es/toponimia>> [consult. 19/12/2011].

Sobre o *Dicionario de afixos do galego medieval*¹

Xoán López Viñas
Universidade da Coruña

Resumo:

Neste artigo presentamos unha versión parcial e provisoria do *Dicionario de afixos do galego medieval*, que constitúe o primeiro repertorio temático de formacións afixais derivativas dentro do sistema lingüístico galego-portugués e que está en fase de elaboración. O corpus textual en que nos baseamos cíñxese, polo momento, á producción literaria do galego medieval, isto é, á poesía profana e relixiosa, á *Arte de Trovar*, ao *Livro de Tristán*, á *Crónica Troiana*, aos *Miragres de Santiago* e á *Crónica de Santa María de Íria*.

Canto á organización da información deste traballo, após a descripción da creación deste dicionario e do seu proceso de elaboración, detallamos a macroestrutura e a microestrutura dos artigos lexicográficos, cunha breve mostra de voces afixadas que aparecerán neste catálogo lexical.

Palabras clave:

Afixos, dicionario, formación de palabras, galego medieval, Lexicografía, Lingüística histórica.

Abstract:

In this paper, we present a partial and provisional version of the Dicionario de afixos do galego medieval, which is the first thematic index of affixal derivative forms in the Galician-Portuguese linguistic system and which is in preparation. Up to now, the textual corpus we use covers the Galician medieval literary production, that is to say, secular and religious poetry, the Arte de Trovar, the Livro de Tristán, the Crónica Troiana, the Mirages de Santiago and the Crónica de Santa María de Íria.

The organization of the information in this work, after the description of the creation of the dictionary and its process, details the macrostructure and microstructure of lexicographical articles, with examples of affixed voices that will appear in this lexical index.

Key words:

Affixes, dictionary, word formation, mediaeval Galician, lexicography, historical grammar.

¹ A elaboración deste *Dicionario* desenvólvese no marco do proxecto de investigación *Glosario crítico da poesía medieval galego-portuguesa. I. Cantigas de amor e cantigas de amigo* (ref. FFI2009-08917) [2010-2012], financiado polo Ministerio de Ciencia y Tecnología. Dirección General de Investigación. Subdirección General de Proyectos de Investigación. Poden consultarse as liñas xerais e o proceso de elaboración do proxecto en Ferreiro (2010).

1. Introdución

Neste artigo pretendemos realizar unha achega inicial sobre o proceso de elaboración e a estrutura do *Dicionario de afixos do galego medieval* (en adiante *DAGM*), que estamos a elaborar e que se acha na súa fase final de execución. Neste sentido, esperamos poder ofrecer proximamente o resultado deste catálogo de voces afixadas, o cal aínda o estamos a completar e a lle realizar alteracións na configuración terminal deste dicionario, así como eventuais ampliacións da masa textual.

A idea de creación do *DAGM* ten como punto de partida a análise e posterior sistematización dos datos extraídos do corpus que establecemos na Tese de Doutoramento en curso, titulada *A formación de palabras no galego medieval: a afixación*. Deste modo, xulgamos que sería moi interesante dispor todos estes vocábulos afixados nun repertorio léxico dicionarizado co fin de obtermos un maior aproveitamento e unha maior practicidade do noso traballo, para alén de o transferir más rapidamente á sociedade.

Así pois, téndomos este marco como pano de fondo, comezamos a elaborar o *DAGM*, que conforma o primeiro dicionario temático contextualizado de afixos derivativos e das súas correspondentes voces afixadas no galego medieval. Non se trata, xa que logo, dun dicionario ao uso nin tampouco dun dicionario inverso (cfr. Martínez de Sousa 1995, Guerrero Salazar 2001/2002, Porto Dapena 2002), pois non listamos os vocábulos segundo a súa terminación, senón que só incluímos as palabras afixadas ordenadas alfabeticamente conforme o seu afixo correspondente –previamente definido etimolóxica, morfosintáctica e semanticamente–. En certo modo, podería considerarse un dicionario de especialidade, mais esta denominación non parece ser moi acaída, xa que remite para as linguaxes especializadas ou de especialidade².

En consecuencia, o *DAGM* constitúe unha novedade nos estudos lexicográficos galego(-portugués) –e inclusive nos estudos hispánicos, salvo erro– ao non existir ningún manual lexicográfico deste tipo, quer da fase actual quer doutra(s) anterior(es). Cómpre recordar, ao respecto, que nos dicionarios galegos actuais os afixos derivativos se encontran no máximo incorporados asistematicamente no lemario dalgúns deles. Así, nos dicionarios *DLG* (1995), *DGII* (2004), *GDCLG* (2004), *GDS21LG* (2005), *DXL* (2005) e *GDXL* (2009) únicamente aparecen reunidos os prefixos, salvo en *DXL* e *GDXL* en que tamén se recolle o sufijo *-mente*.


2 Sobre os dicionarios especializados, consúltense as características e o proceso de elaboración en Cabré (1992). A respecto das diverxencias na denominación “lingua” / “linguaxe” e “especializado” / “de especialidade”, véxase Lerat (1997).

Por outra parte, tamén convén salientarmos que non contamos cun catálogo léxico íntegro de toda a producción medieval –global ou por xéneros–, xa que unicamente se reducen aos glosarios líricos de Michaëlis de Vasconcelos (1904), de Nunes (1972) e das edicións críticas de trobadores canto á lírica profana³; ao glosario de Mettmann (1972) para a poesía mariña; e aos glosarios de Magne (1944) e Lorenzo (1977) relativos á prosa (non notarial). Con todo, é de xustiza indicarmos tamén a existencia do *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (1993-), que, malia non constituir *stricto sensu* un dicionario –pois trátase dunha base de datos–, fornece unha importante información lingüística.

A este panorama debemos acrecentar a ausencia dun dicionario histórico e etimolóxico galego completo⁴, feito que impide aos/as filólogos/as e aos/as pesquisadores/as en xeral obteren datos más concretos sobre a orixe, cronoloxía, formación e transmisión das voces do léxico galego, para alén das atestacións en corpus. Esta carencia sorprendente, se ben comprensíbel polo carácter serodio da nosa tradición gramatical (cfr. Sánchez Rei 2005: 93-121) e pola falta dunha edición íntegra dos manuscritos medievais, xustifica a necesidade urgente da construcción deste dicionario coa finalidade de avanzarmos no coñecemento da nosa historia lingüística. Así mesmo, cumpliría incorporar estas e outras formas lingüísticas a un esperábel dicionario galego-portugués medieval e xeral, en que se complete a información contida nos dous dicionarios etimolóxicos portugueses existentes (*DELP* e *DENFLP*) coas análises da producción escrita en territorio galego.

Así as cousas, e antes de describirmos a macro e microestrutura do *DAGM*, é preciso referirmos brevemente unhas consideracións sobre o corpus textual en que nos estamos a basear para a elaboración do dicionario. Desta maneira, os textos que manexamos –polo momento– representan *grosso modo* entre o 15 e o 20% da producción total do período medieval, que consta de máis de 16 000 unidades textuais⁵, repartidas en 82 obras, segundo os datos que extraemos do corpus do proxecto *TMILG* (1993-) e que podemos visualizar na seguinte gráfica:

-
- 3 Entre outras edicións críticas, salientamos as de Lanciani (1977), Finazzi-Agrò (1979), Simões (1991), Ferreiro (1992), Martínez Pereiro (1992), Tavani (1992), Arbor Aldea (2001), Tato Fontañá (2007), Lorenzo Gradín (2008) e Lorenzo Gradín / Marcerano (2011).
- 4 Esta eiva está a ser reparada polo Instituto da Lingua Galega (ILG) coa elaboración do *Dicionario Histórico da Lingua Galega* e co *Dicionario Medieval do Galego-Portugués*, áinda que felizmente nesta (longa) espera podemos recorrer aos citados dicionarios etimolóxicos para o portugués.
- 5 De acordo cos responsábeis de sección do *TMILG* (Paulo Martínez Lema e Ricardo Pichel Gotérrez, a quen agradecemos esta información), unha “unidade textual” correspón dese con unha cantiga (no caso da lírica), un capítulo (para a prosa non notarial) ou un documento (no caso da prosa notarial). Esta etiqueta de “unidade textual” parece algo discutíbel, xa que hai capítulos na prosa literaria que ultrapanan con amplitude o que “mide” unha cantiga; en calquera caso, permite deseñar un mapa porcentual dos diferentes tipos de producción galega medieval.




Gráfica 1 Corpus do *TMILG* segundo a tipoloxía textual. Datos extraídos de Pichel / Varela Barreiro (2009) e Martínez Lema (2008).

Relativamente ao noso corpus, este áchase delimitado ao galego literario medieval, de modo que se engloban toda a poesía orixinal ou de creación propia, tanto profana como relixiosa, excepto a Escola galego-castelá (1350 a 1450) por seren poemas deturpados a nivel lingüístico; a prosa literaria traducida, elaborada en territorio galego; e a prosa técnica orixinal, en que únicamente se insire un texto. En consecuencia, fican, inicialmente, ausentes desta versión a prosa histórica, a xurídica e a notarial, por seren obras demasiado fragmentarias e/ou con ediciones deficientes ou pouco fiábeis na súa maioría. Con todo, é moi probabel que se incorporen coa maior brevidade posibel, inclusive nesta primeira versión.

Por tanto, as sete obras do noso corpus (se considerarmos a lírica profana como un único volume), que se corresponden con 2754 unidades textuais, adoitan clasificarse en cinco grandes ámbitos, conforme o xénero:

1. Lírica profana (*LP*): *Cantigas d'amigo*, *Cantigas d'amor*, *Cantigas d'escarnho e malizer* e xéneros menores.
2. Lírica relixiosa: *Cantigas de Santa María* (*CSM*).
3. Prosa literaria: *Livro de Tristán* (*LT*) e *Crónica Troiana* (*CT*).
4. Prosa relixiosa: *Miragres de Santiago* (*MS*) e *Crónica de Santa María de Iria* (*CSMI*).
5. Prosa técnica: *Arte de Trovar* (*AT*).



Gráfica 2 Obras que conforman o corpus do *DAGM*, segundo o número de unidades textuais.

2. Elaboración e descripción do *Dicionario de afixos do galego medieval*

Após o establecemento do corpus de traballo, procedemos ao tratamento exhaustivo dos datos lingüísticos obtidos a partir das sete obras medievais. Este proceso de elaboración do traballo constou de diversas fases interrelacionadas:

1. En primeiro lugar, realizamos a colecta dos datos. Esta etapa articulouse en dous momentos, como a extracción *verbo pro verbo* de todas aquelas palabras complexas que presentaban afixos derivativos e que eran candidatas a formaren parte deste vocabulario analítico, así como o agrupamento das variantes gráficas.
2. A seguir, identificamos as voces afixadas de formación galego-portuguesa, segundo os datos que fornecen os diferentes dicionarios histórico-etimolóxicos da lingua portuguesa (*DENFLP* 1986, *DELP* 1977, *DHLP* 2001), da latina (*OLD* 1968), da francesa (*TLFi* 2005) e da española (*DCECH* 1980-1991), para alén das etimoloxías suxeridas por Lorenzo (1977) e por Ferreiro (1997)⁶. A este respecto, é preciso remarcar que non estamos a afirmar que os vocábulos de procedencia latina –do tipo *diferença* < DIFFERENTIA– non

6 Alén disto, para o significado e rexistro dalgúns medievalismos que non se recollían nestes dicionarios tamén consultamos Barreiro García (1985, 1995), Cejador y Frauja (1929).

pertenecen ao sistema lingüístico galego-portugués, senón que unicamente recollemos neste dicionario aquelas voces que os diferentes etimólogos clasifican como “formacións romances”, cal en *acordança* (<*acordar* + *-nça*), en *mandado* (<*mandar* + *-ado*) etc. Este confronto dicionarístico tivo como finalidade asegurarnos a presenza do proceso derivativo en cada palabra, alén de confirmarmos o étimo das bases e dos sufíxos, xa que existen discrepancias entre as diferentes propostas etimolóxicas, optando neses casos por un criterio de coincidencia maioritaria.

3. En terceiro lugar, levamos a cabo a análise lingüística das unidades lexicais, que abranxeu a abonación, a clasificación gramatical do derivado e da base, a determinación dos significados, a produtividade e a futura inclusión de todos estes datos no *DAGM*. Así, as primeiras dificultades que se presentaron afectan á decisión de agrupar as diversas variantes baixo un único lema ou discriminá-las en diferentes entradas. Estas duplicidades atinxen tamén ao establecemento do lema ou entrada, debido á existencia de variantes lingüísticas no corpus, así como á disposición da información morfolóxica, sintáctica e semántica no interior de cada entrada. Alén disto, do punto de vista semántico, foron numerosos os problemas á volta da pormenorización das acepcións semánticas, de maneira que aínda non pudemos levar a cabo unha afinación definitiva destas.

Por outra parte, convén aclararmos nesta epígrafe que para a análise da produtividade non tivemos en conta o número de ocorrencias de cada palabra, senón o número de ocorrencias de cada sufíxo sobre unha base lexical diferente, xa que o primeiro significaría reducir o concepto da produtividade ao de frecuencia e, en consecuencia, falsear a análise real. En síntese, os datos tratados son nomeadamente ocorrencias das unidades rexistradas e analizadas en córpora textuais.

Nos seguintes apartados describimos en profundidade o corpo do dicionario, isto é, a estrutura interna e externa do *DAGM* e comentamos aquellas dificultades más relevantes levantadas no proceso de elaboración.

2.1. Corpo do dicionario: macroestrutura e microestrutura dos artigos lexicográficos

Denomínase corpo do dicionario o lugar onde se relaciona o conxunto de artigos lexicográficos, verbetes ou entradas⁷ (Martínez de Sousa 2003: 10, 2009: 287;

7 A respecto desta última denominación, cfr. a n. 11 en que expomos os diversos significados que a palabra “entrada” presenta e advertimos do uso que facemos desta.

Haensch 1982: 459); neste apartado proporcionase toda a información sobre a unidade léxica ou gramatical de que se tratar e varía en función da finalidade ou tipo de dicionario, do destinatario, da intención do autor, da extensión da obra etc. Cada artigo lexicográfico está formado por unha unidade lingüística que constitúe o lema e por un conxunto de informacóns ordenadas que o suceden (Martínez de Sousa 2003: 10, 17; 2009: 101, 123). Estas dúas partes reciben os nomes de *macroestrutura* e *microestrutura*, respectivamente, termos propostos orixinalmente pola lexicógrafo Rey-Debove (1971: 21). A investigadora francesa entende por macroestrutura o conxunto de entradas ordenadas segundo a progresión vertical do dicionario e que veñen representadas polo lema, entrada ou voz. Este lema actúa tanto no nivel externo do corpo do dicionario, isto é, na ordenación das voces, canto no nivel interno, como cabeza de entrada ou palabra que abre e precede a microestrutura. Porén, posteriormente o lexicógrafo alemán Haensch (1982: 452) estendeu o significado de macroestrutura á estrutura global do dicionario, ou sexa, á parte introdutoria, ao corpo do dicionario en que se dispoñen os artigos e aos anexos.

No tocante á microestrutura, tamén existen dúas posturas encontradas. Así, para Rey-Debove (1971) trátase do conxunto de informacóns ordenadas que no artigo lexicográfico seguen á entrada, de modo que afecta ao artigo como unidade de estruturación e descripción lingüística, e cuxa lectura é horizontal. En troca, Haensch (1982: 461-479) argumenta que a microestrutura se refire ao conxunto de artigos ou entradas, que se compoñen dun lema e dunha parte definitoria (etimoloxía, pronuncia, grafía, indicacóns gramaticais, acepcións mediante definicións etc.).

Por tanto, na literatura especializada actual non existe unanimidade sobre a delimitación ou normalización⁸ do concepto de macroestrutura e de microestrutura –áinda que a maior parte dos estudos debaten fundamentalmente sobre a noción de macroestrutura–, de xeito que uns optan pola hipótese francesa (Martínez de Sousa 2003: 10 e 17, 2009: 101 e 123; Porto Dapena 2002: 135-136), en canto outros se decantan pola alemá (Barros 2004, Krieger / Finatto 2004)⁹.

⁸ Utilizamos “normalización” co sentido de “normalización terminoloxica” (Cabré 1992: 417), que alude á actividade encargada de “fijar las denominaciones y sus correspondientes definiciones o explicaciones con objeto de hacer posible una comunicación que no dé lugar a confusiones como consecuencia de la univocidad de sus términos, teniendo en cuenta el principio de economía del lenguaje” (Irazazábal / Andrés / Ferrández 1997: 2). Este termo tamén se coñece co nome de *estandarización* (ing. *standardization*; cfr. neste sentido as normas ISO [*International Organization for Standardization*]), áinda que para Cabré (1992: 409) son conceptos diferentes.

⁹ Para profundar máis na falta de consenso sobre o concepto de macroestrutura, véxase Bugueño Miranda (2007). Por outra parte, non debe confundirse coa denominación *macroestrutura (textual)*,

Pola nosa parte, secundamos a teoría de Haensch cunha leve discrepancia. Estimamos que macroestrutura debe reservarse unicamente para a maneira en que se organizan os artigos lexicográficos, cuxa ordenación ten como referente principal o lema, e, por consecuencia, non temos en conta as introducións nin os anexos. No entanto, con microestrutura designamos as partes en que se divide o artigo lexicográfico: lema, categoría gramatical, acepcións, contextos ou abonacións etc.

2.1.1. Macroestrutura dos artigos lexicográficos

Canto á organización externa dos artigos lexicográficos do diccionario, isto é, canto á macroestrutura, adoptamos un criterio alfabético¹⁰ reitor tanto na ordenación de todos os afíxos como na disposición interna de cada un destes. No caso dos sufíxos, cómpre precisar que estes foron colocados conforme a determinación mórfica de cada sufíxo, é dicir, desprovistos daqueles elementos –como, por exemplo, da vogal temática– que foren susceptíbeis de alomorfía.

Noutra orde de cousas, do punto de vista tipográfico, todos os artigos aparecen distribuídos en dúas columnas por páxina, como acostuma ser o máis habitual nos diccionarios en papel (Martínez de Sousa 2003: 14, 2009: 275).

2.1.2. Microestrutura dos artigos lexicográficos

Na microestrutura especificamos toda a información que se inclúe en cada artigo lexicográfico ou verbete e que xira en torno á unidade léxica inicial. En cada artigo descriptivo, a información incluída articúlase consoante catro apartados:

1. Entrada.
2. Aparato de variantes.
3. Datación cronolóxica.
4. Remisións.

creada polo lingüista holandés Van Dijk (1977) (cfr. tamén López Viñas / Lourenço Módia / Moreda Leirado 2011: 542-543), que se refire á estrutura semántica do conxunto do texto.

10 Este é o criterio básico e común de ordenación dos artigos na maior parte dos diccionarios, mais existen outros criterios como o ideográfico, o etimolóxico, o estatístico etc. (cfr. Haensch 1982: 452-457; Porto Dapena 2002: 178-181).

| ENTRADA | LEMA | NÚMERO TOTAL DE OCORRENCIAS | ORIGEN ETIMOLÓGICA | CATEGORÍA GRAMATICAL | ACEPCIÓN(S) |
|----------------------|---------------------|--|--------------------|--------------------------|-----------------------------------|
| | grandeza grande' | [8] (< grande + -eza) | | subst. fem. 'calidez de' | |
| APARATO DE VARIANTES | V1 — | grāadez [2]: LP [1]. Ufoi mesur'ou grāadez? Ujaz / verdad', u é quen á amigo leal? (LP 94.18). CSM [1]. Se fillou, e despóis esto ar direi-vo-lo que fez: / foi-ss' aa rua chorando e loand' a do bon prez, / a Madre de Jhesus-Christo, por aquesta grāadez / tan grande que feit' avia , e fez a todos chorar (CSM 258.45-48). | | | OBRA + OCORENCIAS POR OBRA |
| | V2 — | grāadece [2]: CSM [2]. Aos soberbios / d'alto vas decendo, / e os omildosos / en onrra crecendo, / e enadendo / e provezendo / tan santas grāadeces (CSM 20.41-47). E el de noite jazendo, chegaron y muitos santos / cona Virgen gloriosa, cantando mui dulces cantos; / e tantos santos cantavan que vos non sei dizer cantos; / loand' a Santa Maria, seu ben e ssa grāadece (CSM 288.21-24). | | | NÚMERO DE OCORENCIAS POR VARIANTE |
| | V3 — | grādeza [3]: CSM [1]. E de tal razon com' esta vos direi com' húa vez / a Virgen Santa María un mui gran miragre fez / polo bon Rei Don Fernando, que foi comprido de prez, / d' esforç' e de grādeza e de todo ben, sen mal (CSM 292.6-9). CT [2]. que erā ambos de húa grādeza et de hú grosso(CT 56.3). Señor, porla grādeza sen mesura moytos son desgastados do que an et pobres et mijados (CT 216.6). | | | SEPARADOR DE OBRAS |
| | V4 — | grandeza [1]: CT [1]. et nūca achamos caualeyro que tanto ualuese en armas et en grandeza et en tódaslas outras franquezas (CT 246.84). | | | SEPARADOR DE EXEMPLOS |
| DATACIÓN CRONOLÓXICA | | ①: XIII | | | |
| | | ⑤: grandura, grandor | | | |
| REMISIÓNS | | ⑥: grandeza | | | |

2.1.2.1. Entrada

A entrada¹¹, disposta tipográficamente en cor negra grosa para destacar o lema, está orientada a fornecer de forma resumida as informacións lingüísticas máis

11 Os manuais de Lexicografía consideran que “entrada” pode facer referencia quer ao lema quer ao artigo lexicográfico en si, polo que existe certa confusión á volta desta palabra. A este respecto, véxase Martínez de Sousa (1995: 180-181, s.v. entrada; 2003: 101-104 e 123-124) e Porto Dapena (2002: 136 e 182-185) que reflexionan acerca da polisemia e controversia da denominación “entrada” (calco do inglés *entry*). Neste sentido, cómpre advertirmos que, como non é un dicionario xeral, facemos un uso semántico ampliado do vocábulo “entrada”, pois utilizámolo para nos referirmos ao enunciado da información lingüística principal de cada artigo e non só ao lema (cfr. Varela Barreiro (2010), que propón a denominación “cabecallo”).

importantes. Na súa versión más extensa, a entrada compõe dos seguintes elementos:

- a) lema principal,
 - b) número total de ocorrências,
 - c) orixe etimolóxica,
 - d) categoría gramatical,
 - e) información semántica.
- a) O lema, cabeza de verbete ou entrada, é a unidade (neste caso, palabra derivada por afixación) sobre a que versa todo o artigo lexicográfico e vén resaltado tipograficamente en letra minúscula negra grosa de tipo redondo. Para o establecemento do lema optamos por utilizar os criterios morfolóxicos más habituais nos dicionarios e tamén o criterio estatístico para a determinación gráfica con base no corpus medieval.

Así, os nomes substantivos sen oposición de xénero lematízanse¹² no masculino singular ou no feminino singular coa grafía más frecuente. Este mesmo lematizado é o que seguen os nomes adjectivos de unha terminación, ao presentaren unha única forma sincrética para masculino e feminino. Canto aos substantivos con oposición xenérica baseada en diferenzas de sexo e aos adjectivos de dúas terminacións, indícase a forma masculina singular seguida da feminina, representada neste caso mediante a terminación final da palabra precedida de trazo curto (-a). Polo que se refire aos verbos, estes incorpóranse segundo o infinitivo do verbo correspondente, acompañado do pronomé persoal átono *se* cando constituír un verbo pronominal. Finalmente, no tocante aos adverbios, por seren invariábeis, transcríbense tal e como aparecen, a contemplarmos a frecuencia gráfica.

12 A *lematización* consiste en representar todas as posibilidades flexivas dunha palabra mediante unha mesma “forma de citación” (Lyons 1980: 20) ou lema. Unha definición más desenvolvida achámola no *Dicionário de Termos Linguísticos* (Xavier / Mateus 1990/1992, s.v. lematização) en que se contempla a lematización como o “reagrupamento sob una forma gráfica representativa de todas as formas que pode apresentar uma mesma unidade de significación lexicográfica (tradicionalmente, palavra simples ou complexa)”. Porén, algúns autores alargan o sentido deste termo; así, Iriarte Sanromán (2001: 20-21) entende por lematización “o acto de registrar (no sentido de consignar, catalogar ou inventariar), sob a *entrada*, *lema* ou *vedeta* que encabeza o artigo do dicionario (ou sob uma *sub-entrada* ou *sub-lema*), diferentes tipos de unidades lexicográficas de uma lingua, de preferencia extraídas de um *corpus*”.

gornimento [15] (< *gornir* + *-mento*) *subst. masc.* ‘adorno, vestido’; ‘socorro, axuda’

mandado [144] (< *mandar* + *-ado*) *subst. masc.* ‘orde, mandato, recado’, ‘aquilo que se lle manda facer a alguén’

honra [53] (< *honrar*) *subst. fem.* ‘sentimento do deber, distinción, grazia, virtude, dignidade’

maravilhoso -a [14] (< *maravilha* + *-oso/a*) *adv.* ‘extraordinario, sobrenatural; admirábel, que provoca grande admiración’

apoderar [8] (< *a-* + *poder* + *-ar*) *vbo.* ‘tomar pose ou dominio, conquistar’

regeamente [4] (< *régea* + *-mente*) *adv.* ‘fortemente’

- b) A seguir, cuantificamos o número total de ocorrencias gráficas (*tokens*) dunha mesma palabra do noso corpus textual. Este número confrontarase, no estudo relativo a cada un dos prefixos e dos sufíxos, coa cifra de palabras lingüística ou gramaticalmente diferentes (*types*)¹³.
- c) En cuarto lugar, especificamos a orixe etimolóxica da palabra derivada. Neste último aspecto cinxímonos a indicar o étimo máis común a nos basearmos nos dicionarios etimolóxicos consultados que xa especificamos no apartado anterior; naqueles casos en que existiren diversas propostas de orixe, seleccionamos a opción maioritaria ou a que consideramos máis acertada, xa que existen diverxencias varias.
- d) No apartado dedicado á categoría gramatical, sinalamos en letra itálica mediante o uso das abreviaturas habituais a categoría gramatical (substantivo, adjetivo, verbo ou adverbio)¹⁴ e deseguido o xénero no substantivo e a caracterización sintáctica no verbo (transitivo, pronominal...). Neste ítem debemos salientar o feito de incluírmos no glosario os adverbios acabados en *-mente*, circunstancia que non se produce nos dicionarios xerais e raramente se especifica nouros repertorios léxicos, como no *DDGM* (2006) ou no glosario mariano de Mettmann (1972).

13 A diferenciación entre *tokens* e *types* procede de Peirce (1931-1958).

14 A terminoloxía para clasificarnos as diferentes categorías de palabras é a empregada en López Viñas / Lourenço Módia / Moreira Leirado (2011), que está baseada, con certas mudanzas, en Freixeiro Mato (2000) e Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira (1988).

- e) Finalmente, na acepcións reúnense os diferentes significados que se encontran no corpus. A acepción é o significado en que se toma unha unidade léxica (Martínez de Sousa 2009: 184). Este significado exprésase mediante unha definición (lexicográfica), que na maioría dos casos optamos ora por unha definición sinonímica, en que se remite a outra unidade ou a outras da mesma categoría gramatical e de igual significado (Martínez de Sousa 2009: 159), ora por unha definición intensional. Para a enunciación destas definicións imos ter en conta as elaboradas, con leves modificacións puntuais, nos diversos glosarios existentes, como o de Mettmann (1972) ou de Michaëlis de Vasconcelos (1920), entre outros.

Por outra parte, e como xa argüímos no inicio deste artigo, no estado actual do DAGM non discriminamos as acepcións que as diferentes palabras afixadas presentaren, porque isto implicaría un maior esforzo —que retrasaría a nosa tese de doutoramento—, que esperamos levar a cabo en próximas fases. Así mesmo, é necesario sublinhar que tampouco realizamos un labor tan minucioso e profundo como, por exemplo, o que describe Varela Barreiro (2010) para a construcción dun novo glosario do *Cancioneiro da Ajuda*, a partir da lectura crítica (e inédita) establecida por Mariña Arbor Aldea.

verbete (principal) [X = número total de ocurrencias] (< orixe etimolóxica) categoría grammatical ‘información semántica’

gornimento [15] (< *gornir* + *-mento*) subst. masc. ‘adorno, vestido’; ‘socorro, axuda’

2.1.2.2. Aparato de variantes

No parágrafo seguinte colocamos o aparato de variantes gráficas do lema contextualizadas nos diferentes textos do noso corpus. Esta sección articúlase conforme os seguintes parámetros secuenciais:

- variante gráfica^{1, 2, 3...},
- número total de ocurrencias (por variante), conforme as obras en que se documenta,
- sigla da(s) obra(s) en que se rexistra,

- d) número parcial de ocorrencias (por obra),
- e) abonación(s) e localización na obra.
- a) Canto ás diferentes variantes gráficas, estas aparecen separadas en alíneas diferentes e ordenadas alfabeticamente. A decisión de manter esta diverxencia gráfica sen distribución grafemática para un mesmo fonema radica no feito de estas poderen ter unha utilidade para outros estudos tanxenciais e por preferirmos conservar os datos tal e como aparecen reflectidos nas edicións, xa que en moitos casos é posíbel estarmos perante abreviacións mal desenvoltas, palabras mal segmentadas –sobre todo no caso da lírica– etc. que poderían alterar o significado e/ou a veracidade dos datos lingüísticos.

Por outro lado, é preciso lembrar que as palabras rexistradas cos dous xéneros e/ou cos dous números non son susceptíbeis de conformaren dúas variantes morfolóxicas, ou lemas secundarios, senón que se engloban nunha única que se corresponde co lema designado.

- b) Os seguintes elementos que se citan son o número total de ocorrencias por variante, a sigla da obra, as ocorrencias por obra e, finalmente, a abonación, isto é, a contextualización da voz sufixada nun fragmento de texto e a súa localización (sigla, número do capítulo e liña) na obra. Este excerto normalmente ten como unidade de medida o enunciado que vai desde o punto anterior até o seguinte. Nesta versión estamos a incorporar exhaustivamente todas as veces en que aparece cada termo sufixado, mais é probábel que posteriormente fagamos unha selección das citas textuais más interesantes debido á vasta extensión do *Dicionario*.

variante^{1,2...} [X] (= total de ocorrencias por variante). **SIGLA [X]** (= ocorrencias por obra): **contexto** (localización da obra).

atreuemento [1]. CT [1]. *¿Et cōmo fuste ousado ou per cujo cōssello ou quen te mādou que tā grande atreuemento fezesses et tā grā sandiçe?* (CT 23.15-16).

atrevemento [1]: CSM [1]. *Gran dereit' é que fill' o demo por escarmento / quen contra Santa Maria filla atrevemento* (CSM 34.3-4).

atreviment' [2]. LP [2]. *Eu que a amo mais ca min, / fig' est' atreviment' al / u lhi dixe este meu mal; / mais pero, pois me d'ela vin, / nulh'omen non lh'ar disse ren / senon con que lhi fosse ben* (LP 47,14). | *Eu que a amo mais ca min, / fig' est' atreviment' al / u lhi dixe este meu mal* (LP 47,14).

2.1.2.3. Datación cronolóxica

Nun terceiro caso, indicamos a data da primeira aparición nos textos existentes, que se corrobora coa que indican os dicionarios etimolóxicos portugueses, aos cales en certas ocasións puidemos adiantar a data, e tamén os glosarios galegos. Neste sentido, o *DAGM* tamén constitúe unha fonte de retroalimentación na atestación do léxico galego-portugués.

⌚ (= data da primeira aparición testemuñal en corpus textual)

⌚: s. XIII (*entendimento*).

2.1.2.4. Remisións

No cuarto e último bloque indícase, por un lado, a relación con outros termos afixais que se rexistran no texto, mediante o símbolo <⌚>, e cos que probabelmente estean en rivalidade ou alternancia; por exemplo: *abastamento* debe relacionarse con *basteçemento* e *bastimento*.

Por outro lado, e noutra alínea introducida polo símbolo <⚡>, remítese para o “resultado actual” ou verbete moderno estándar, en canto outras veces fai referencia ao vocábulo por que foi substituído, neste caso indicado entre corchetes e cunha frecha [→].

⌚: ‘relacionéñese con’.

⚡: ‘resultado actual’.

⌚: traslado

⚡: [→ translación (+lat.)]

3. A modo de exemplo: o sufijo *-çon*

Un dos sufixos máis característicos do galego-portugués é <-çon>, solución derivada da forma latina *-TIÔNE*, a cal era froito da amálgama da desinencia de participio de pretérito *-TU* e mais o sufixo *-IÔNE* (Ferreiro 1997: 140). Así pois, a seguir expomos un extracto do *DAGM* en que se relacionan as palabras colectadas que presentan formacións sufixadas en galego-portugués co sufixo *-çon*, tal e como propoñen os dicionarios etimolóxicos referidos, con base no noso corpus de galego literario medieval.

escantaçon [1] (< *escantar* + *-çon*) *subst. fem.* ‘arte de bruxaría’

escantaçon [1]: LP [1]. *e escanta ben per olh'e per calheiro / e ssabe muito bôa escantaçon* (LP 43,4).

⌚: XIII

⌚: encantaçon, encantamento, encanto

⌚: [→ encantamento (+lat.)]

estremaçon [1] (< *estremer* + *-çon*) *subst. fem.* ‘distinción’

estremaçon [1]: CSM [1]. *En ssa casa e amostrar a leer / a seu fill'e outrossi a escrever / com' el escrevia, que sol connocer / non podian nen fazer estremaçon* (CSM 265.40-43).

⌚: XIII

⌚: -

⌚: estremazón

perdoaçõ [1] (< *perdoar* + *-çon*) *subst. fem.* ‘condición ou calidade do que é perdoábel’

perdoaçõ [1]: MS [1]. *et lle de soude do corpo et vida perdurauell da alma en Parayso e perdoaçõ dos seus pecados quando d'este mûdo seyr* (MS 17).

⌚: XIII

⌚: perdon, perdoança, perdoamento

⌚: perdón

persegiuçon [2] (< *perseguir* + *-çon*) *subst. fem.* ‘persecución’

persegiuçon [1]: CSM [1]: *E al aquesto dizendo, | pareceu-l' a Groriosa / que alumêou a carcer, | tan muito vêo fremosa, / e disse-l': “Oý ta coita | e non fui mui vagarosa / en vîr pera livrar-te | da questa persegiuçon”* (CSM 227.40-43).

persegiuçon [1]: CSMI [1]. *Et tanto foi a persegiuçon et coita de fame que as madres matavam seus fillos et os comiam con fame* (CSMI II.2.2.11-12).

⌚: XIII

⌚: perseguição, perseguição

⌚: [→ persecución (+lat.)]

pregaçon [1] (< *pregar* + *-çon*) *subst. fem.* ‘discurso religioso’

preegaçõ [1]: MS [1]. *et el fezoo pescador dos homes porque por la sua preegaçõ gaanou moytas almas para el* (MS 209).

⌚: XIII

⌚: prega

⌚: predicación, prédica

quitaçon [4] (< *quitar* + *-çon*) *subst. fem.* ‘acto e/ou efecto de quitar’

quitaçon [4]: LP [4]. [A] *Cítola vi andar-se queixando / de que lhi non davan sas quitações* (LP 18,6). | *E por levá-la quitaçon dobrada / se [me] queixou; e catei u jazia / êno padron, eachei que avia / de todo ben sa quitaçon levada; / porem faz mal, que non pode peor; / mais tant'a el de quitaçon sabor* (LP 18,6).

⌚: XIII

⌚: quita, quitamento

⌚: quitación

trasladaçõ [5] (< *trasladar* + *-çon*) *subst. fem.* ‘acto de trasladar’

trasladaçõ [3]: MS [3]. *Ata aqui vos cõtamos da paixõ et trasladaçõ de Santiago Zebedeu et das batalhas que fezo Calrros em Espanha, et ora vos cõtaremos de Santiago Alfeu (MS 19).* | *Ata aqui vos cõtamos da trasladaçõ et miragres de Santiago et des aqui endeante vos cõtaremos como Calrros librou Espanha do poderio dos mouros, segundo conta Dom Turpim, arçibispo de Reens (MS 69).* | *et chegou y êno dia que lle fazë a festa da trasladaçõ* (MS 212).

trelladaçon [2]: CSMI [2]. *et desla passion de Jhesu Christo fasta a trelladaçon do corpo de Santiago foron onze anos, que foi tragido porlo mar en sete dias ao porto de Iria et sepultado en Compostella en tempo de Luparia, segundo se leé por sua leitura et porlo libro a que dizen «Calixto» (CSMI I.1.3.11-14).* | *Pero finalmente tanta foi a omillade et santidade do obispo Dalmacio que o papa, et cardeaes et todo o concilio con grandes preces inpretrou o seguinte privilegio da trasladaçon do obispado de Iria en Compostella et de seeren exemptos os bispados dos bispos de Santiago; et esto con consello dos cardeaes et de trezentos e cinquenta obispos que estaban enno concilio, o qual nunca seus predecessores poderan alcançar (CSMI V.5.4.22-27).*

⌚: XIII

⌚: traslado

⌚: [→ translación (+lat.)]

4. Cabo

En síntese, foi a nosa intención nestas páxinas presentarmos brevemente o *Dicionario de afixos do galego medieval*, que conforma a primeira obra lexicográfica de afixos

e voces afixadas da lingua galega, tanto a nivel actual como medieval, áinda que de momento só nos centramos nun corpus textual que engloba a produción literaria galega medieval.

Non obstante, como xa indicamos trátase dunha versión inacabada e, nalgúns aspectos, provisoria, pois adoptamos algunas decisións más ou menos definitivas, en canto outras están pendentes até concluir a nosa tese de doutoramento, como por exemplo a ampliación do corpus ou a pormenorización efectiva das acepcións semánticas. Así pois, esperamos poder ofrecer nun futuro próximo a versión final e más completa posíbel deste *Dicionario*.

Por outra parte, e xa para concluir, alén de editarmos o *DAGM* en soporte papel, tamén esperamos poder ofrecer unha versión en sorporte dixital, tanto estática (en “.pdf”) como dinámica, en forma de aplicación informática en CD e, se callar, aloxada na páxina web do Grupo de Investigación Lingüística e Literaria Galega (ILLA) da UDC (www.illa.udc.es).

Referencias bibliográficas

- Arbor Aldea, Mariña (2001): *O cancionero de Don Afonso Sánchez*. Edición e estudio (Santiago de Compostela: Universidade, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico).
- AT = Tavani, Giuseppe (ed.) (2002) [1999]: *Arte de Trovar do Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa*. Introdução, Edição crítica e Fac-símile (Lisboa: Edições Colibri).
- Barreiro García, M.^a Carme (1985): *O léxico dos Mirages de Santiago*. Memoria de Licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela.
- Barreiro García, M.^a Carme (1995): *A documentación notarial do concello de Noia (ss. XIV-XVI)*. Tese de Doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.
- Barros, Lídia Almeida (2004): *Curso Básico de Terminología* (São Paulo: Edusp).
- Bugueño Miranda, Félix Valentín (2007): “O que é macroestrutura no diccionário de lingua?”, en Isquierdo, Aparecida Negri / Alves, Ieda Maria (org.), *As ciencias do léxico: lexicología, lexicografía, terminología*. Vol. III, 261-272 (Campo Grande: Universidade Federal de Mato Grosso do Sul).
- Cabré, M.^a Teresa (1992): *La terminología. La teoria, els mètodes, les aplicacions* (Barcelona: Empúries).

Cejador y Frauja, Julio (1929): *Vocabulario medieval castellano* (Madrid: Hernando).

Costa Casas, Xoán Xosé / González Refoxo, M.^a dos Anxos / Morán Fraga, César Carlos / Rábade Castiñeira, Xoán Carlos (1988): *Nova gramática para a aprendizaxe da lingua* (A Coruña: Vía Láctea).

CSM = Mettmann, Walter (ed.) (1986-1988-1989): *Cantigas de Santa María. I (Cantigas 1 a 100). II (Cantigas 101 a 260). III (Cantigas 261 a 427)*. Edición, introducción y notas de... (Madrid: Clásicos Castalia).

CSMI = Souto Cabo, José António (ed.) (1986) = Vasques, Rui: *Crónica de Santa María de Íria*. Estudo e edizón de José António Souto Cabo (Santiago: Cabido da S. A. M. I. Catedral de Santiago / Ediciós do Castro).

CT = Lorenzo, Ramón (ed.) (1985): *Crónica Troiana* (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / RAG).

DCECH = Corominas, Joan / Pascual, José A. (1980-1991): Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico. 6 volumes (Madrid: Gredos).

DDGM = González Seoane, Ernesto Xosé (coord.) / Álvarez de la Granja, María / Boullón Agrelo, Ana Isabel (2006): *Dicionario de dicionarios do galego medieval* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

*DEL*P = Machado, José Pedro (1977³): *Dicionário Etimológico Língua Portuguesa*. 5 vols. (Lisboa: Livros Horizonte).

DENFLP = Cunha, Antônio Geraldo da (1986²) [1982]: *Dicionário Etimológico Nova Fronteira da Língua Portuguesa* (Rio de Janeiro: Editora Nova Fronteira).

DGII = Ledo Cabido, Bieito (2004): *Dicionario de galego* (Vigo: Ir Indo).

DHLP = Houaiss, Antônio (2001): *Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa* (Rio de Janeiro: Objetiva).

Dijk, Teun Adrianus van (1977): *Text and context: Explorations in the semantics and pragmatics of discourse* (London: Longman).

DLG = Alonso Estravís, Isaac (1995): *Dicionário da Língua Galega* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).

DXL = Carballeira Anllo, Xosé M.^a (coord.) (2005): *Dicionario Xerais da Lingua* (Vigo: Xerais).

- Ferreiro, Manuel (ed.) (1992): *As cantigas de Rodrigu'Eanes de Vasconcelos*. Edición crítica con introducción, notas e glosário (Santiago de Compostela: Edicións Laiovenzo).
- Ferreiro, Manuel (1997): *Gramática histórica da lingua galega. II. Lexicoloxía* (Santiago de Compostela: Edicións Laiovenzo). [2.^a ed.: 2001].
- Ferreiro, Manuel (2010): “Sobre o proxecto «Glosario crítico da lírica profana galego-portuguesa»”, en Brea, Mercedes / López Martínez-Morás, Santiago (eds.): *Aproximacións ao estudo do Vocabulario trobadoresco*, 239-252 (Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades).
- Finazzi-Agrò, Ettore (1979): *Il canzoniere di Johan Mendiz de Briteyros* (L'Aquila: Japadre).
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2000): *Gramática da lingua galega. II. Morfosintaxe* (Vigo: A Nosa Terra).
- GDCLG* = Pena, Xosé Antonio (dir.) (2004): *Gran Dicionario Cumio da Lingua Galega* (Vigo: Edicións do Cumio)
- GDS21LG* = Pena, Xosé Antonio (dir.) (2005): *Gran dicionario século 21 da lingua galega* (Vigo: Galaxia / Do Cumio).
- GDXL* = Carballeira Anllo, Xosé M.^a (coord.) (2009): *Gran Dicionario Xerais da Lingua*. Vol. I: A-G. Vol. II: H-Z (Vigo: Xerais).
- Guerrero Salazar, Susana (2001/2002): “Los diccionarios inversos de la lengua española: descripción del repertorio bibliográfico”, *Revista de lexicografía* 8, 269-295.
- Haensch, Günther (1982): “Aspectos prácticos de la elaboración de diccionarios”, en Haensch, Günther / Wolf, Lothar / Ettinger, Stefan / Werner, Reinhold, *La lexicografía: de la lingüística teórica a la lexicografía práctica*, 395-534 (Madrid: Gredos).
- Irazazábal Nerpell, Amelia de / Andrés y de Irazazábal, M.^a Isabel de / Ferrández, Susana (1997): *Nazioarteko Terminología Biltzarra / Congreso Internacional de Terminología / Congrès International de Terminologie / International Congress on Terminology* (Donostia, Gasteiz: UZEI / HAEE-IVAP). Tamén dispoñible en <http://www.uzei.com/Modulos/UsuariosFtp/Conexion/archivos83A.pdf>.
- Iriarte Sanromán, Álvaro (2001): *A Unidade Lexicográfica. Palavras, Colocações, frases, Pragmatemas* (Braga: Centro de Estudos Humanísticos - Universidade do Minho). Tese de doutoramento dispoñible en http://repository.sdu.munho.pt/bitstream/1822/4573/1/A_Unidade_Lexicografica.pdf.

- Krieger, Maria da Graça / Finatto, Maria José Bocorny (2004): *Introdução à Terminologia. Teoria e Prática* (São Paulo: Contexto).
- Lanciani, Giulia (1977): *Il canzoniere di Fernan Velho* (L'Aquila: Japadre).
- Lerat, Pierre (1997): *Las lenguas especializadas* (Barcelona: Ariel).
- López Viñas, Xoán / Lourenço Módia, Cilha / Moreira Leirado, Marisa (2011²) [2010]: *Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión* (A Coruña: Baía Edicións).
- Lorenzo, Ramón (1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla. II. Glosario* (Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”).
- Lorenzo Gradín, Pilar (2008): *Cantigas de Don Afonso Lopez de Baian* (Alessandria: Edizioni dell’Orso).
- Lorenzo Gradín, Pilar / Marcenaro, Simone (2011): *Il canzoniere del trovatore Roi Queimado* (Alessandria: Edizioni dell’Orso).
- LP = Brea, Mercedes (coord.) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa. 2 vols.* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades).
- LT = Lorenzo Gradín, Pilar / Souto Cabo, José António (coord.) (2001): *Livro de Tristan e Livro de Merlin*. Estudio, edición, notas e glosario (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades).
- Lyons, J. (1980): *Semántica* (Barcelona: Teide).
- Magne, Augusto (ed.) (1944): *A Demanda do Santo Graal. Vol. III: Glossário* (Rio de Janeiro: Imprensa Nacional).
- Martínez de Sousa, José (1995): *Diccionario de Lexicografía práctica (VOX)* (Barcelona: BIBLIOGRAF).
- Martínez de Sousa, José (2003): “La forma gráfica de los diccionarios”. Edición dixital dispoñible en <http://www.martinezdesousa.net/formadiccio.pdf> [Última consulta: 04.11.2011].
- Martínez de Sousa, José (2009): *Manual básico de lexicografía* (Gijón: Trea).
- Martínez Lema, Paulo (2008): “Un corpus para o estudo do galego medieval: o TMILG (*Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*)”, en González Seoane, E. / Santamarina, A. / Varela Barreiro, X. (eds.), *A lexicografía galega*

moderna: recursos e perspectivas (Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega).

Martínez Pereiro, Carlos Paulo (ed.) (1992): *As cantigas de Fernan Paez de Tamancos*. Edición crítica con introdución, notas e glosário (Santiago de Compostela: Edicións Laioveneto).

Mettmann, Walter (ed.) (1972): *Cantigas de Santa María*. Vol. IV: *Glossário* (Coimbra: Universidade de Coimbra).

Michaëlis de Vasconcelos, Carolina (1920): “Glossário do Cancioneiro de Ajuda”, *Revista Lusitana* XXIII, 1:4, 1-95.

MS = Pensado Tomé, José Luís (ed.) (1958): *Miragres de Santiago. Versión gallega del códice latino del siglo XII atribuido al papa Calisto I*. Anexo LXVIII da *Revista de Filología Española* (Madrid: CSIC).

Nunes, José Joaquim (1973) [1928]: *Cantigas de Amigo dos Trovadores Galego-Portugueses*. Vol. III: *Comentario, Variantes e Glossário*, 575-704 (Lisboa: Centro do Livro Brasileiro).

OLD = Oxford University Press (1968): *Oxford Latin Dictionary* (Oxford: Clarendon Press).

Peirce, Charles S. (1931-58): *Collected Papers of Charles Sanders Peirce*. Ed. by Hartshorne / Weiss (Cambridge, MA: Harvard University Press).

Pichel, Ricardo / Varela Barreiro, Xavier (2009): “O corpus do galego medieval: *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (TMILG)”, en Enrique-Arias, A. (ed.): *Diacronía en las lenguas iberorrománicas: nuevas aportaciones desde la lingüística de corpus*, 195-215 (Madrid / Frankfurt am Main: Iberoamericana / Vervuert).

Tuttavia, nonostante una certa patina allo stesso tempo latineggiante e toscaneggiante, le rubriche di S contengono anche dei fenomeni di matrice dialettale settentrionale: il raddoppiamento grafico non etimologico di *l* in *Babillonia* e *qualli* e lo scempiamento della doppia in *devotissima*, l’esito *au* > *ol* in *oldi*, il dittongo in *fuol*, il passaggio *u* > *o* in protonia in *ponidi* (anche se non è un tratto esclusivamente settentrionale), l’apocope di *-e* e *-o* dopo nasale, la dentale sonora intervocalica in *pecadi*, *ponidi* ecc., il dileguo della dentale davanti a liquida in *mare*, l’affricata dentale in *çente* e *dolçe*, la sibilante dentale in *dispresiato* e *nasimento*, la metatesi (o scambio di

radicale) in *ternitade*, i metaplasmi *infernala* e *loldi*, il lessema *piangolente*. Tali tratti rendono plausibile la provenienza veneziana delle rubriche (oltre ai tratti elencati, con il volgare di Venezia sono compatibili l'esito *Dio* e la forma integra del femminile plurale *nobilidade*); tuttavia non si può neanche scartare l'ipotesi della loro localizzazione in Emilia, probabilmente a Bologna: è tipica della *scripta* bolognese la restituzione delle vocali finali dopo liquida, non è infrequente la restituzione delle dentali intervocaliche nella forma sonora, le voci *loldo/lolde* e *piangolente* sono attestate anche in testi emiliani antichi, i tratti genericamente settentrionali (assibilazione, metaplasmi, ecc.) si riscontrano in emiliano come in veneto; inoltre, la presenza di non pochi toscanismi rende l'origine bolognese di questi titoli non improbabile, visto che, come nota Maria Corti, “Bologna [...] ci tramanda per lo più una lingua strutturata già in partenza sul latino e sul toscano, tesa a liberarsi dagli elementi dialettali” (Corti 1962: X). Purtroppo non ci sono sembrati individuabili sufficienti elementi linguistici per dirimere tra le due localizzazioni alternative.

Bibliografia

- Andreose, A. (2002): “La prima attestazione della versione VA del Milione (ms. 3999 della Biblioteca Casanatense di Roma). Studio linguistico”, *Critica del testo* V/3, 655-668.
- Arcangeli, M. (1990): “Per una dislocazione tra l’antico veneto e l’antico lombardo (con uno sguardo alle aree contermini) di alcuni fenomeni fonomorfologici”, *L’Italia dialettale* LIII, 1-42.
- Ascoli, G. I. (1873): “Saggi ladini”, *Archivio glottologico italiano* I, 1-573.
- Badas, M. (2009): *La ‘Legenda de Santo Stadi’, Franceschino Grioni* (Roma-Padova: Antenore).
- Barana, E. (1921): *Giacomino da Verona, ‘La Gerusalemme celeste’ e ‘La Babilonia infernale’, secondo la lezione dei quattro codici conosciuti* (Verona: La tipografia veronese).
- Bertoletti, N. (2005): *Testi veronesi dell’età scaligera* (Padova: Esedra).
- Bertoni, G. (1913): “Un inventario modenese del sec. XIV (1374)”, *Atti e Memorie della R. Deputazione di Storia Patria per le provincie modenesi* V, VII, 147-60.
- Borgogno, G.B. (1980): “La lingua dei dispacci di Filippo della Molza, diplomatico mantovano della seconda metà del secolo XIV”, *Studi di grammatica italiana* IX, 19-171.

- Brusegan Flavel, E. (2005): “La ‘Legenda di glorioxi apostoli misier sen Piero e misier sen Polo’ (codice Venezia, B.M.C. Correr 1497)”, *Quaderni veneti XVI*, 7-108.
- Burgio, E. (1995): *'Legenda de misier Sento Alban'*. *Volgarizzamento veneziano in prosa del XIV secolo* (Venezia: Marsilio).
- Caprettini, G.P. (1971): “-o atona finale nella ‘Passione veronese’”, *Atti del VII Convegno del Centro per gli studi dialettali italiani*, 157-161 (Torino: Stamperia Editoriale Rattero).
- Ceruti, A. (1878): “Cronica deli imperadori romani”, *Archivio glottologico italiano* III, 177-243.
- Contini, G. (1938): “Un manoscritto ferrarese quattrocentesco di scritture popolareggianti”, *Archivum Romanicum* XXII, 281-319.
- Contini, G. (1960): *Poeti del Duecento*, 2 voll., vol. II, 625-650 (Milano-Napoli: Ricciardi).
- Cornagliotti, A. (1979): “Un volgarizzamento del ‘Transitus Pseudo-Josephi de Arimathea’ in dialetto veronese”, *Atti della Accademia delle Scienze di Torino*, CXIII, 197-217.
- Cortelazzo, M., Zolli, P. (1999): *Dizionario Etimologico della Lingua Italiana* [= DELI] (Bologna: Zanichelli).
- Corti, M. (1960): “Emiliano e veneto nella tradizione manoscritta del ‘Fiore di virtù’”, *Studi di filologia italiana* XVIII, 29-68.
- Corti, M. (1962): *Vita di S. Petronio. Con un'appendice di testi inediti dei secoli XIII e XIV* (Bologna: Commissione per i testi di lingua).
- Corti, M. (1966): “Una tenzone poetica del sec. XIV in veneziano, padovano e trevisano”, en Branca, V. / Padoan, G. (edd.): *Dante e la cultura veneta*, 129-142 (Firenze: Olschki).
- Delcorno, C. (1998): “Produzione e circolazione dei volgarizzamenti religiosi tra Medioevo e Rinascimento”, in Leonardi, L. (ed.): *La Bibbia in italiano tra Medioevo e Rinascimento* (Firenze: SISMEL, Edizioni del Galluzzo), 3-22.
- De Luca, G. (1963): *Letteratura di pietà a Venezia dal '300 al '600* (Firenze: Olschki).
- Donadello, A. (2003): *Lucidario. Volgarizzamento veronese del XIV secolo* (Roma-Padova: Antenore).
- Elsheikh, M. S. (2001): *Il Laudario dei Battuti di Modena* (Bologna: Commissione per i testi di lingua).

- Ferguson, R. (2005): “Alle origini del veneziano: una koiné lagunare”, *Zeitschrift für Romanische Philologie* CCXXI, 476-509.
- Folena, G. (1991): *Volgarizzare e tradurre* (Torino: Einaudi).
- Frati, C. (1911): “Dicerie volgari del sec. XIV aggiunte in fine del ‘Fior di virtù’”, *Studi letterari e linguistici dedicati a Pio Rajna nel quarantesimo anno del suo insegnamento*, 325-335 (Firenze: Ariani).
- Frati, C., Segarizzi, A. (1909-1911): *Catalogo dei codici marciani italiani*, 2 voll., vol. II (Modena: Ferraguti).
- Galasso, M. (1937): *Il Tristano Corsiniano* (Cassino: Le Fonti).
- Gambino, F. (1996): “Ibridismo linguistico in un poema veneziano di fine ‘300: ‘Gli quattro Evangelii concordati in uno’ di Jacopo Gradenigo”, *Italia dialettale* LIX, 211-298.
- Gambino, F. (1999): *Gli Quattro Evangelii concordati in uno di Jacopo Gradenigo. Introduzione, testo e glossario* (Bologna: Commissione per i testi di lingua).
- Gambino, F. (2007): *I Vangeli in antico veneziano: ms. Marciano it. I 3 (4889)* (Roma-Padova: Antenore).
- Ghinassi, G. (1965): “Nuovi studi sul volgare mantovano di Vivaldo Belcazer”, *Studi di filologia italiana* XXIII, 19-172.
- Grignani, M. A. (1975): *Navigatio Sancti Brendani. La navigazione di San Brandano* (Milano: Bompiani).
- Ineichen, G. (1966): *El libro agregà de Serapiom. Volgarizzamento di frater Jacobus Philippus de Padua*, 2 voll., vol. II (Venezia-Roma: Istituto per la collaborazione culturale).
- Levi, E. (1917): *Il libro dei cinquanta miracoli della Vergine* (Bologna: Romagnoli - Dall'Acqua).
- Lippi Bigazzi, V. (1987): *I volgarizzamenti trecenteschi dell' "Ars amandi" e dei "Remedia amoris"*, 2 voll., vol. I (Firenze: Accademia della Crusca).
- May, E. I. (1930): *The 'De Jerusalem celesti' and the 'De Babilonia infernali' of Fra Giacomo da Verona* (Firenze: Le Monnier).
- Monteverdi, A. (1930): “La leggenda di Santo Stady di Franceschino Grioni”, *Studj Romanzi* XX, 1-199.
- Mussafia, A. (1864): *Monumenti antichi di dialetti italiani* (Vienna: Academia delle Scienze di Vienna).

- Ozanam, F. (1850): *Documents inédits pour servir à l'histoire de l'Italie depuis le VIII^e siècle jusqu'au XII^e, avec des recherches sur le moyen âge italien* (Paris: Lecoffre).
- Pellegrini, G.B. (1966): “La posizione del veronese antico”, en Branca, V. / Padoan, G. (edd.): *Dante e la cultura veneta*, 95-107 (Firenze: Olschki).
- Pellegrini, G.B. (1977): “Dialetti veneti antichi”, en Id., *Studi di dialettologia e filologia veneta*, 33-88 (Pisa: Pacini).
- Raugei, A.M. (1984): *La navigazione di San Brendano. Versione italiana del ms. Bologna, Bibl. Univ. 1513* (Fassano di Puglia: Schena).
- Riva, F. (1953): *Storia dell'antico dialetto di Verona secondo i testi in versi (dal sec. XIII al sec. XVII): Fonetica, Estratto dagli Atti dell'Accademia di Agricoltura, Scienze e Lettere di Verona, Serie VI, Volume III, anno 1951-52* (Verona: La Tipografia Veronese).
- Rohlf, G. (1966-1969): *Grammatica storica della lingua italiana e dei suoi dialetti*, 3 voll. (Torino: Einaudi) [si cita per paragrafo].
- Sattin, A. (1986): “Ricerca sul veneziano del sec. XV (con edizione di testi)”, *L'Italia dialettale* XLIX, 1-172.
- Segre, C. (1953): *Volgarizzamenti del Due e Trecento* (Torino: Tipografia torinese).
- Stella, A. (1968): “Testi volgari ferraresi del secondo Trecento”, *Studi di filologia italiana*, XXVI, 201-310.
- Stussi, A. (1965): *Testi veneziani del Duecento e dei primi del Trecento* (Pisa: Nistri-Lischi).
- Tesoro della Lingua Italiana delle Origini*, <http://tlio.ovi.cnr.it/TLIO/> [= TLIO].
- Tomasin, L. (2004): *Testi padovani del Trecento. Edizione e commento linguistico* (Padova: Esedra).
- Tomasoni, P. (1973): “Per una storia dell'antico Trevigiano”, *Studi di grammatica italiana* III, 155-206.
- Verlato, Z. (2002): “L'inedita redazione veronese di un ‘Contrasto tra Cristo e il diavolo’”, *Quaderni veneti* XXXVI, 9-42.
- Verlato, Z. (2009): *Le vite di santi del codice Magliabechiano XXXVIII.110 della Biblioteca Nazionale Centrale di Firenze. Un leggendario volgare trecentesco italiano settentrionale* (Tübingen: Niemeyer).
- Vincenti, E. (1974): *Matteo dei Libri. Arringhe* (Milano-Napoli: Ricciardi).

Volpi, M. (2009): *Iacomo della Lana, Commento alla ‘Commedia’*, 4 voll. (Roma: Salerno Editrice).

Zvonareva, A. (2012): “Un caso di ibridismo linguistico tra Veneto, Emilia e Toscana nel Trecento: qualche osservazione sul codice 7-1-52 della biblioteca Colombina di Siviglia”, *Atti dell’incontro ‘Filología románica hoy’* (Madrid, novembre 2011) [in corso di stampa].

gAllego

TEXTO

RECENSÍONS

português

CRÍTICA

Lorenzo Grandín, Pilar / Marcenaro, Simone: *Il canzoniere del trovatore Roi Queimado*, Alessandria, Edizioni dell'Orso, 2010, 350 pp.

A desidia de que foron obxecto os nosos textos poéticos medievais durante un longo período de tempo que vai desde comezos do século XVI até o século XIX provoca que permanezan áinda algunas lacunas, cada vez menores, no coñecemento desta etapa da nosa historia (literaria). Todo isto, a pesar de contarmos cun importante elenco de investigadores que comeza con Enrico Molteni e Ernesto Monaci, primeiros editores dos apógrafos italianos, e continúa coa magnífica edición e estudio do *Cancioneiro da Ajuda* a cargo de Carolina Michaëlis de Vasconcellos. A estas aproximacións xerais sucedense outras, como as de Nunes e Lapa, que tratan de definir o perfil dos xéneros maiores até chegarmos ao momento actual en que, como se dun proceso de deconstrucción da tradición escrita se tratase, o labor ecdótico se centra, desde hai décadas, en ofrecer unha imaxe fidedigna dos cancioneiros individuais de trobadores e xograres. Talvez este afán tenta acabar coa imaxe anacrónica dun modelo literario con regras moi estritas apelando á orixinalidade dos autores individuais.

Neste contexto vai aumentando o número de trobadores que disponen de estudo e edición particular das súas poesías. Esta é a liña de traballo en que se sitúa a obra que estamos a tratar. Pilar Lorenzo e Simone Marcenaro ofrécenos en *Il canzoniere del trovatore Roi Queimado*, unha exhaustiva investigación sobre a obra deste poeta portugués do douscentos. Conta a profesora cunha experiencia notábel no ámbito do estudo e edición de textos medievais. Entre os seus traballos ecdóticos temos a publicación, para a mesma casa editorial, das composicións de Don Afonso Lopez de Baian (2008); así como a edición, en colaboración con José António Souto Cabo, dos fragmentos galego-portugueses do *Livro de Tristan e Livro de Merlin*. O seu parceiro nesta empresa, Simone Mercenaro, é o responsable de *L'equivocatio nella lirica galego-portoghese medievale* (2010), primeiro título da colección Medioevo Ispanico, en que se inscribe tamén o presente título.

A obra posúe unha estrutura común a outras edicións dos cancioneiros individuais de trobadores e xograres. A introdución divídese en cinco apartados, o que o lector agradece, dada a súa extensión e minuciosidade. O primeiro ("Riferimenti biografici", pp. 3-21) tenta compilar os escasos datos biográficos que se coñecen do poeta. Séguese Michaëlis (1990: 351) na explicación do seu alcume-apelido, que se referiría ben á cor escura da súa pel, ben a queimaduras visíbeis no seu rostro. Os estudosos recoñecen a ausencia de documentación externa aos propios cancioneiros relativa ao poeta. Cítase únicamente como fonte relativamente fiábel a presenza

do nome “Roderico Queimado” nas *Inquirições* de Afonso III de Portugal. A súa posición dentro dos tres grandes cancioneiros e as referencias históricas que se fan nos poemas confirman a tese tradicional que sitúa a súa orixe en Portugal e a súa pertenza ao estamento nobiliario. A reconstrucción da personaxe, por tanto, realizase a través dos textos e, sobre todo, da relación dos seus poemas coas composicións doutros poetas coevos, que o sitúan na corte de Castela nun período que comprende o final e o inicio, respectivamente, dos reinados de Fernando III e Afonso X.

O segundo apartado desta extensa introdución (“*Tradizione manoscritta*”) analiza a presenza do trobador nas compilacións da lírica galego-portuguesa. O seu minucioso estudio confirma datos xa presentados na sección biográfica: a súa condición de aristócrata, xustificada na aparición de quince das súas composicións amorosas no *Cancioneiro da Ajuda* (*A*, 129-143), segundo Resende de Oliveira (1995: 25) copia dunha sección dun suposto “segundo cancioneiro aristocrático” que recollería trobadore activos entre 1240 e 1290, e confirmada pola posición do poeta entre os autores dos dous cancioneiros posteriores. A seguir os autores desenvolven unha elaborada hipótese sobre unha nota de Colocci coa escrita “Cartuxo”, presente no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa* (*B*), que está situada entre a cantiga de amigo “O meu amigo, que me mui gran ben” (tamén obxecto de reflexión por encontrarse na sección de cantigas de amor) e a cantiga de amor “Pois minha senhor me manda”. Despois de avaliar as diversas hipóteses que teñen aparecido ao respecto, óptase por indicar que é unha referencia ao poeta castelán do século XV, Juan de Padilla; compositor de poemas amorosos que foi confundido cun seu homónimo, un outro Juan de Padilla, poeta relixioso que desenvolveu o seu labor literario entre finais do século XV e principios do XVI, chamado “Cartuxano” ou “Cartuxo” por terse ordenado monxe na Cartuja de Sevilla.

Temos no capítulo terceiro, “La poesía” (pp. 59-86), unha valoración xeral das composicións do trobador. O punto de partida destas consideracións é recusar unha imaxe tópica do poeta como cultor insistente do tema da “morte de amor”. Este (pre)xuízo crítico está motivado pola visión que dá Pero Garcia Burgales no escarnio *Roi Queimado morreu con amor*, en que imputa finximento retórico ao seu colega. Os autores, se ben recoñecen a presenza abondosa deste *topos* ao longo das dezaseis cantigas de amor que nos legaron os cancioneiros, valoran no poeta a capacidade de “individuare la portata fittizia e artificiosa per poi piegarla ad un atteggiamento talvolta ironico” (p. 61). O compositor introduce, en efecto, algunas variantes nos lugares comúns da lírica amorosa. Así, na cantiga II suxire circunvalar a norma do silencio e confesar os seus sentimentos cara á “senhor” a través dunha terceira persoa. Este interese por mostrarse á muller venerada, vese refreado pola certeza de pasar a ser albo da súa “sanha”. A pesar disto, esta tensión alcanza o seu punto culminante na revelación do nome da amada, Guiomar Afonso,

nas cantigas XIV e XV; o que supón unha gravísima infracción das normas do amor cortés. Completan o cancionero catro cantigas de amigo e catro de escarnio e maldicir. Introducen as primeiras un motivo particular: a burla da voz feminina con respecto á “sanha” do amigo, recoñecemento implícito do seu carácter retórico. O seu repertorio burlesco está formado por dous escarnios dirixidos a Don Estevan (XXII e XXIV), nome que tamén é o centro das sátiras doutros autores do período; unha composición de reflexos autoparódicos que ataca á falta de “largueza” dun “cavaleiro” (XXI) e, por último, a crítica dun calumniador anónimo que, sen dúbida, sería ben coñecido polo auditorio do trobador.

No apartado IV figura unha “Tavola di concordanza” que recolle a numeración que ten cada un dos poemas nos manuscritos e nas edicións de referencia. Tamén aparece na táboa o *Cancioneiro de Berkeley (K), descriptus de V*, que xeralmente non aparece sinalado neste tipo de traballos por coincidir o número de referencia da cantiga co do manuscrito orixinal de que é copia.

Canto aos criterios empregados para a fixación do texto, que aparecen na quinta sección (pp. 88-94) da “Introduzione”, privilexian, entre os tres grandes cancioneiros, a lección ofrecida por *A*, no caso das cantigas de amor que figuran nel, por ser unha representación más fiel da realidade lingüística, en virtude da súa proximidade cronolóxica ao momento en que foron compostos os textos. No resto de cantigas seguen *B* por presentar opcións más correctas. Na representación gráfica optan por unha nivelación e redistribución de grafías que simplifica a lectura do texto: uso de *n/m* en posición implosiva, restrinxindo o signo de nasalización para a caída de -*n*- intervocálico; *i/u* como semiconsoantes, reservando *j/v* para o valor consonántico; eliminación de consoantes xeminadas cuxo uso non responda á realidade fonética do texto e regularización dos usos gráficos das sibilantes. Ademais, encontramos outras modernizacions habituais nas edicións críticas como a puntuación, a unión e a separación de palabras, o emprego de acentuación diacrítica e a simplificación de grupos consonánticos latinos e pseudolatinos. Estas propostas concordan, nas súas liñas fundamentais, coa proposta conxunta de edición de textos medievais que asinaron diversos investigadores das universidades galegas (Ferreiro / Martínez Pereiro / Tato Fontañá, 2008: 197-212) entre os que figura a coautora desta obra. Non se respectan, porén, eses principios na manutención do -*h*- intervocálico (*Johan*), a conservación da terminación *-us (vus)* e representación da nasal e da lateral palatal (*nn, ll*), en que se segue o manuscrito *A*.

Chegamos, por fin, á fixación do texto crítico que vai acompañada das leccións que estableceron outras edicións diplomáticas, semidiplomáticas e críticas. Sucédense, despois, o estudo de rúbricas e anotacións, a análise métrica, unha tradución-paráfrase en italiano do poema, o comentario filóxico-literario e as tamén

preceptivas notas, de contido fundamentalmente lingüístico. É preciso destacarmos neste punto unha coidada atención aos elementos paratextuais que acompañan á cantiga, alén dunha utilización criteriosa da terminoloxía que se aplica ao estudo dos recursos retóricos entre os que destacan, como é habitual na lírica trovadoresca, os de derivación e repetición. En consonancia co que acabamos de sinalar, dispomos dun apartado de métrica que revela un extenso coñecemento da lírica romance do medioevo. Esta pericia é aplicábel ao conxunto da edición que contén numerosas referencias cruzadas con outros estudiosos e autores da Romania.

Ao centrármonos nas notas, observamos que as referencias de tipo lingüístico ao longo da obra son remitidas ben para o galego, ben para o portugués, tanto no seu estadio medieval como no actual. Do anterior extraemos que os autores consideran que se deben tratar como variantes diferentes xa na etapa medieval. Esta reflexión pode entrar en conflito coa aceptación da etiqueta “lírica galego-portuguesa”, en que o elemento definitorio principal é a lingua. Aínda que aceptásemos a idea da *koiné* literaria, o certo é que esta ten a súa base nunha realidade lingüística e que o resto de tipoloxías textuais de aquén e alén Miño presentan unha diversidade na escrita tan “artificial” como a uniformidade lingüística das cantigas. Despois destas observacións previas detémonos na nota á forma *por én* (p. 126), que vén explicada como unión dun elemento pronominal latino e preposición que acada, a través dun proceso de gramaticalización, o valor de conector causal-consecutivo. O sintagma latino *PERÍNDE* xera aínda outra forma *porende*, conector opositivo que, ao se resolver o problema da homonimia pola desaparición do valor consecutivo, pasou ao portugués moderno como o *porém* opositivo que hoxe coñecemos (Carvalho 2010-2011: 166-168). Na explicación atinada deste fenómeno introducíese un pequeno excursus sobre esta forma que se reintegra “artificiosamente”, segundo os autores, na norma en detrimento de *sen embargo*. Nese sentido, é dubidoso que o *sen* presente no conector sexa unha forma “espontánea”, senón o resultado da adaptación do castelán *sin embargo*. Nunha outra referencia (p. 132) sinálase que a forma substantivada *cantar* comeza a ser substituída por *cantiga* a partir da segunda metade do século XIII. Esta afirmación colide cunha análise superficial dos resultados dos dous vocábulos no TMILG que indica un número maior de ocorrencias do *cantar* substantivado nos períodos trovadoresco e posttrobadoresco, mentres que os de *cantiga* non van alén do primeiro.

Complétase a obra cun apéndice que inclúe a edición e comentario do escarnio literario “Roi Queimado morreu con amor” de Pero Garcia Burgales, un rimario, un glosario e unha extensa bibliografía. Para a edición desta cantiga, que condicionou a recepción crítica do autor tratado, séguense os mesmos parámetros aplicados ás composición de Queimado, exceptuando o comentario, xa que esta composición foi tratada no inicio da terceira parte da “Introduzione”.

En definitiva, estamos ante unha edición rigorosa, sen dúbida resultado dun labor inxente, que consegue rehabilitar a figura do trobador Roi Queimado ante a imaxe deteriorada que del transmitiron os textos escarniños dos seus compañeiros e os investigadores que aceptaron a caricatura presente naqueles. Por último, debemos lembrar a responsabilidade colectiva que nos obriga a restaurar a obra dos poetas medievais co obxectivo de obter unha imaxe cada vez máis fidedigna do noso pasado, a que sen dúbida nos achegan contributos como este.

Francisco González Lousada

Referencias bibliográficas

- Carvalho, Maria José (2010-2011): “A gramaticalización e a lexicalización como processos históricos”, *Estudos Linguísticos / Linguistic Studies* 6/7.
- Ferreiro, M. / Martínez Pereiro, C. P. / Tato Fontañá, L. (2008): *A edición da Poesía Trobadoresca en Galiza* (A Coruña: Baía Edicións).
- Lorenzo Grandín, Pilar (2008): *Don Afonso Lopez de Baian. Cantigas* (Alessandria: Edizioni dell’Orso).
- Lorenzo Grandín, Pilar / Souto Cabo, José António (coords.) (2001): *Livro de Tristan e Livro de Merlin: estudio, edición, notas e glosario* (Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades).
- Marcenaro, Simone (2010): *L’equivocatio nella lirica galego-portoghese medievale* (Alessandria: Edizioni dell’Orso).
- Michaëlis de Vasconcellos, Carolina (1990) [1904]: *Cancioneiro da Ajuda. Edição crítica e commentada. Vol. II.* (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda).
- Resende de Oliveira, António (1995): *Trobadores e xograres. Contexto histórico* (Vigo: Xerais).
- TMILG = Varela Barreiro, Xavier (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega). Dispoñibel en <http://ilg.usc.es/tmilg> [consult. 15.06.2012].

Maria Jesús Lorenzo-Modia / Anna Szczepaniak-Kozak (eds.): *From life to text: building linguistic and cultural identity*. Pila, PWSZ Stanislaw Staszic University Press, 2012, 287 páxinas.

From life to text: building linguistic and cultural identity, obra coordinada polas profesoras e investigadoras María Jesúa Lorenzo-Modia e Anna Szczepaniak-Kozak, constitúe un libro de referencia nos estudos sobre sociolingüística, dado que a través das diferentes achegas de que consta verificamos o modo en que as persoas trasladan as súas experiencias vitais, culturais e lingüísticas aos textos e a súa importancia na construción de identidades, tanto a nivel individual como colectivo¹. Igualmente, este contributo demostra a profunda interrelación existente entre as nosas vivencias e a lingua, a cultura e a literatura en que estas se enmarcan, a pesar da tendencia á especialización que se deu nos últimos anos. Por tanto, a tese fundamental que se defende nesta obra é a de que cada comunidade e cada individuo construirá a súa propia identidade a través dunha serie de condicionantes socioculturais e que estes, por súa vez, achan na linguaxe e nos textos –orais ou escritos– o seu principal vehículo de expresión.

Estamos perante un estudio rigoroso que nos ofrece múltiplas perspectivas desde as cales nos aproximarmos deste fenómeno. A obra está composta por dez artigos da autoría de diversas personalidades no campo dos estudos culturais, lingüísticos e literarios e procedentes de diversas xeografías –Polonia, Galiza, Escocia etc.–, o que contribúe para a dotar dunha notábel universalidade. Neste sentido, convén sinalarmos que as anteditas achegas figuran divididas en tres seccións: a primeira dedicada a cuestións culturais e literarias, a segunda centrada nos estudos de natureza intercultural e finalmente, a terceira, en que se realiza unha achega á aprendizaxe de linguas desde unha focaxe narrativa ou experiencial. En relación con isto, é preciso subliñarmos a amplitud temática da obra, se ben que en todo o momento é posibel establecermos pontes comúns que interrelacionan os contributos e que os encadran na liña dos estudos culturais e identitarios, non só polo tema principal que está presente, en maior ou menor medida, en todos os artigos do libro, mais tamén polo papel significativo que neles desempeñan os textos.

A primeira parte da obra está composta –como xa sinalamos– de ensaios de natureza cultural e literaria e está baseada fundamentalmente en análises textuais. Así, no primeiro deles, “Reading the mission statement: on rhetoric and the construction

1 Para un estudo destas características sobre a Galiza e a lingua galega véxase Freixeiro Mato (2006).

of corporate identity”, Emilia Wąsikiewicz-Firlej realiza un estudo sobre o modo en que os individuos e especialmente as organizacións constrúen a súa identidade, non só a través das súas prácticas sociais, mais tamén por medio do discurso. Así as cousas, a antedita autora, a se basear en modelos teóricos clásicos e modernos, centra a súa investigación nas “declaracións de obxectivos” das empresas, a través das cales determina de que forma as compañías se esforzan en proxectar e en manter a súa identidade. A análise lingüística deste xénero (para)textual permite á autora ilustrar o público lector sobre as principais estratexias empregadas polas entidades para ofreceren unha imaxe corporativa críbel e aceptada polos seus potenciais clientes². Embora baseada nun corpus reducido, este estudo abre unha nova porta para as investigacións de natureza sociolingüística, dado que os textos con que se traballou son esencialmente autoreferenciais e a súa finalidade principal é a de manteren a identidade de grupo.

Nunha liña similar de análise do discurso, neste caso literario, María Eugenia Perojo-Arronte reflicte en “Henry Fielding on the novel: canonizing ‘the art of life’” sobre a importancia deste escritor na construcción da novela moderna inglesa, cuxos presupostos formais revolucionaron o campo literario da época. Segundo esta autora, Fielding ilustra o espírito do momento, mais sen ocultar a natureza ficticia da súa obra, adoptando un estilo totalmente oposto ao dos seu coetáneos, que utilizaban as memorias ou o formato epistolar para tornaren a súa historia verosímil e próxima da realidade. Este escritor foi dos primeiros en recoñecer a súa historia como ficción e en advertir o público lector de que a realidade se estendía moito máis alá da súa novela e foi precisamente por non pretender debuxar a realidade tal cal era, senón o más relevante, que se converteu nun dos primeiros escritores realistas, que conseguiu realizar auténticos retratos sociais sen ofrecer máis do que uns poucos trazos. Fielding contribuíu, por tanto, para caracterizar un novo xénero en lingua inglesa –unha versión moderna da épica– ao tempo que engadiu certa carga de identidade cultural ao consideralo como unha ferramenta de identidade nacional.

Pola súa parte, María Jesús Lorenzo-Modia dedica o seu artigo “Building cultural and gender identity in eighteenth-century periodicals: Charlotte Lennox’s *The Lady’s Museum* and Frances Brooke’s *The Old Maid*” a analizar o ambiente cultural do século dezaoito desde a perspectiva de xénero. Concretamente, orienta a súa atención para dúas persoas de recoñecido peso na sociedade, Charlotte Lennox e Frances Brook, que a través das súas respectivas publicacións exerceron un papel fundamental na difusión da cultura e da literatura nesa época. O papel da muller muda

2 Nunha liña similar, Sanmartín Rei (2002) pon de manifesto o papel fundamental que desempeñaron os paratextos no contexto da literatura galega, dado que conformaron lugares privilexiados para a difusión de idearios e para o desenvolvemento da identidade literaria, mais non só.

profundamente no século XVIII e, neste sentido, os xornais e as revistas estudiadas por Lorenzo-Modia testemuñan como se foi construíndo a dita transformación. Embora en moitas das revistas dirixidas polo sector masculino predominasen áinda certos padróns da sociedade patriarcal e os contidos –nomeadamente os dirixidos para mulleres– estivesen restrinxidos a unha esfera concreta, nas contribucións que neste campo realizaron as anteditas autoras podemos observar unha ampla variedade temática de creación (recensións, artigos, crónicas internacionais etc.), en que tamén teñen cabida as reivindicacións feministas. Por tanto, as dúas revistas e o activismo de ambas as mulleres non só foron fundamentais para o desenvolvemento do xornalismo, mais tamén para construcción da identidade cultural e literaria de xénero³.

O artigo que encerra esta primeira sección, intitulado “Horological time in English and Hungarian song texts: Who put the ‘L’ in c[il]ock-crow?”, da autoría de Andrew C. Rouse, realiza unha aproximación a unha das cuestións más trascendentais ao longo de toda a humanidade, isto é, ao modo en que homes e mulleres constrúen as súas vidas a través dunha secuencia temporal. Na súa análise, Rouse céntrase fundamentalmente no século da Ilustración e pon de manifesto a importancia que os avances tecnolóxicos e as súas repercusións tiveron na concepción do tempo e de que maneira isto se reflicte nos textos, nomeadamente nas cancións húngaras e inglesas –que lle serven para realizar un estudo comparativo–. En todas elas o autor verifica a relevancia das referencias temporais, se ben que detecta unha aparición preeminente das indicacións de tempo non cronolóxicas. En todo o caso, esta enorme incidencia verifica a transcendencia da temporalidade para a construcción da identidade no marco dunha determinada sociedade e, en consecuencia, o seu estudio vira significativo nunha obra destas características.

Inaugurando a epígrafe dedicada aos estudos interculturais e, sobre todo, ao modo en que percibimos o diferencial baseándonos na nosa propia identidade cultural, figura o estudo de Anna Szczepaniak-Kozak intitulado “The narrative approach: The individual perspective in intercultural meetings”. Esta autora, partindo das teorías de Bakhtin, repara na importancia dos condicionamentos culturais, lingüísticos e contextuais para a interpretación dos significados desde a posición do outro, pois serán estes factores os que condicionarán a nosa lectura dunha determinada situación. Logo de dedicar algunas páxinas á análise de varios modelos teóricos, cal a Grounded Theory (GT), focaliza a súa atención na focaxe narrativa que, na

³ Neste sentido, destaca no contexto literario galego a publicación de *Queer-emos un mundo novo* (2012), da autoría de Teresa Moure, en que se analiza a cuestión de xénero a través da teoría queer e en que, entre outras, se destaca a figura de Rosalía de Castro, non só dentro do panorama literario, mais tamén como defensora da causa feminista e da xustiza social.

súa opinión, permite unha investigación personalizada centrada nas experiencias, sempre distintas das persoas entrevistadas. Este método constitúe unha nova vía para entendermos a identidade cultural –sempre dinámica– dunha persoa no seu proceso de autoconstrucción ou co-construcción. Anna Szczepaniak-Kozak aplica este modelo aos intercambios interculturais para comprobar en que medida as diferentes cosmovisións identitarias inflúen na adaptación a unha cultura foránea.

Pola súa parte, Elisabeth Woodward-Smith examina no seu artigo “Humour in the construction of British cultural identity” o papel significativo que desempeña o sarcasmo e o humor na conformación da identidade cultural británica e o modo en que se reflicte na cultura escrita a través das estampas dos xornais diarios. Neste estudo, a autora verifica que as representacións que o pobo británico fai de si mesmo e do resto dos países contribúen para afianzar un sentimento identitario común e, por súa vez, diferencial. Nunha liña similar ás *Cousas da vida* (1989) de Castelao para o caso da Galiza, as estampas abranxen unha grande variedade temática que afecta todos os aspectos da vida en sociedade. Para alén disto, o ton humorístico, irónico e autocrítico que desprenden favorece a creación de símbolos culturais de grande relevancia para a identidade colectiva dunha nación como a británica, en que a cuestión identitaria é ainda moi complexa.

O ensaio de Bernadette O'Rourke, “Irish and Galician: Bridging the divide” constitúe o exemplo máis próximo de nós e aquel en que a estreita relación existente entre a perspectiva cultural e a lingüística fica más clara. Así, a antedita autora realiza un estudo comparativo entre dúas realidades sociolingüísticas, a da lingua galega e a da irlandesa, que –embora diversas– presentan moitos puntos en común, a pesar de que as análises previas dun e doutro idioma teñan camiñado por roteiros ben diferentes, case nunca converxentes. O'Rourke focaliza a súa atención nos factores sociais, políticos e económicos que inflúen na situación das linguas minorizadas, isto é, que contribúen ou ben para a súa revitalización e sobrevivencia, ou ben para a súa subordinación e consecuente desaparición. Esta análise vira positiva na medida en que abre unha nova perspectiva desde a cal nos achegarmos do fenómeno das linguas minorizadas e porque a investigación comparada permite á autora desmontar moitos dos parámetros en que se asentou a súa análise.

Como sinalamos no comezo, o volume finaliza cunha sección en que figuran tres contributos relacionados coa investigación sobre a aprendizaxe de linguas. No primeiro deles, “Language learning as a personal experience: implications of variability and the social semiotic approach for L2 acquisition”, Hadrian Lankiewicz reflicte sobre o concepto de variabilidade lingüística en relación coa aprendizaxe de idiomas desde unha perspectiva semiótica e social, o que constitúe un tema pouco explorado na esfera dos estudos sobre linguas estranxeiras que pon de manifesto a

transcendencia do contexto e do coñecemento cultural na adquisición de segundas linguas. Neste sentido, o autor considera relevante conceder atención a factores cal a idade, o sexo, o grupo social ou a etnia dos falantes, –criterios enunciados tamén por Sánchez Rei (2011:27-95) no seu estudo sobre o galego– para examinarmos o fenómeno da variación lingüística. Na mesma liña, destaca tamén a importancia dos condicionantes pragmáticos, na medida en que a variación lingüística é o resultado das experiencias persoais dentro dun contexto sociocultural que repercuten tamén na aprendizaxe.

Sobre esta cuestión, Adrianna Biedrón realiza en “The narrative of life: Biographies of gifted foreign language learners” unha análise sobre cales son as condicións necesarias para crear un contexto de aprendizaxe óptimo e focaliza a súa atención no estudiantado que presenta maiores aptitudes. Nestes medios, a autora sinala a importancia de valorizar, para alén das capacidades cognitivas e das habilidades lingüísticas, outras circunstancias, como os datos biográficos e factores emocionais ou de comportamento; na liña do artigo Anna Szczepaniak-Kozak, a personalidade e a experiencia vital dos falantes favorecen ou empecen a adquisición doutras linguas, motivo por que xulga que debería terse en consideración neste tipo de investigacións. A análise de caso realizada por Biedrón e as aproximacións anteriores sobre este tema permitenlle verificar as súas hipóteses e demostrar a transcendencia que as vivencias particulares poden ocasionar na configuración das identidades lingüísticas dos falantes.

A aproximación de Augustyn Surdyk intitulada “Towards electronic media awareness: the basics of security engineering in FL teacher education” é a encarregada de encerrar o ciclo dos estudos lingüísticos e de dar cabo á obra coordinada por Lorenzo-Modia e Szczepaniak-Kozak. Este artigo céntrase nunha cuestión de relevancia no contexto da Sociedade da Información en que nos movemos, isto é, na necesidade de o estudiantado e, nomeadamente, o profesorado coñecer as regras básicas de seguranza mediante as cales navegar a través da Internet, que, por outro lado, constitúe un medio idóneo para a aprendizaxe e o ensino de linguas. Nesta altura, Surdyk considera que a división dixital que en moitos casos afecta o profesorado no relativo ao dominio desta ferramenta debe ser superada e, en consecuencia, dedica as súas páxinas a describir e analizar algúns dos perigos que ameazan na Rede e, así mesmo, indícanos os medios para os podemos evitar. Na súa opinión, con que concordamos, este tipo de formación non debería ser subestimada, sobre todo en profesións relacionadas co ensino e a filoloxía, en que a Internet ten tanto que nos ofrecer.

En síntese, *From life to text: building linguistic and cultural identity* configurase como un volume de referencia no ámbito sociolingüístico e sociocultural, dado

que as investigacións que nel figuran sobre lingua, literatura e cultura contribúen para reflectirmos o modo en que as persoas participan da vida social e, ao tempo, a transcendencia que estas experiencias teñen na construcción de identidades –ben colectivas, ben individuais– e na forma de valorizarmos quen non pertence a elas. Ao longo das páxinas desta obra podemos comprobar a importancia dos textos –escritos ou orais, literarios ou non–, que constitúen un soporte moi valorizado para a transmisión destas experiencias, e da lingua, que conforma a ferramenta que torna posibel a súa comunicación. En definitivo, recomendamos encarecidamente a lectura desta obra, dado que constitúe un contributo esencial que demostra a forte relación existente entre estas tres áreas de estudo; nunha época en que prima a investigación especializada, vira fundamental unha achega destas características, xa que permite verificarnos o xeito en que a lingua, a literatura e a cultura interaxen para se complementaren. Alén disto, a diversidade xeográfica das persoas que participan neste volume ofrece diferentes perspectivas desde as cales nos achegarmos deste fenómeno. Así as cousas, un traballo deste teor pode exercer un papel moi importante no noso contexto, xa que permitirá abrir novos camiños no estudo sobre a lingua, a literatura e a cultura galegas –como xa demostra o artigo de Bernadette O'Rourke– e establecer pontes comúns con outras linguas, literaturas e culturas, até agora non exploradas.

Estefanía Mosquera Castro

Referencias bibliográficas:

- Castelao, A. R. (1989) [1978]: *Cousas da vida* (Vigo: Editorial Galaxia).
- Freixeiro Mato, X. R. (2006): *Lingua, nación e identidade* (Bertamiráns: Editorial Laioveneto).
- Moure, T. (2012): *Queer-emos un mundo novo. Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións* (Vigo: Editorial Galaxia).
- Sánchez Rei, X. M. (2011): *Lingua galega e variación dialectal* (Bertamiráns: Editorial Laioveneto).
- Sanmartín Rei, G. (2002): *Lendo nas marxes. Lingua e compromiso nos paratextos (1863-1936)* (A Coruña: Espiral Maior).

Carlos Garrido, *Léxico Galego: Degradaçom e Regeneraçom*, Sant Cugat del Vallès (Barcelona), Edições da Galiza, 2011, 799 páxinas.

A componente lexical foi tradicionalmente un ámbito de investigación que se podería considerar case secundario na literatura especializada en lingua galega. Á marxe da elaboración de obras lexicográficas levadas a cabo por diferentes organismos e autores, o certo é que outros saberes e disciplinas teñen orientado o albo da reflexión lingüística, tales como a dialectoloxía, os estudos diacrónicos etc. É por isto que se evidencia descompensación entre o tratamento do léxico e a atención a fenómenos fonéticos ou fonolóxicos, por exemplo, ou entre a análise rigorosa da semántica lexical e o estudio pormenorizado de cuestiós dialectais. De feito, a primeira gramática que concede relevancia singularizada ao léxico é a obra de Freixeiro Mato (2006, III), a cubrir así unha notábel lacuna se compararmos a situación do galego coa doutras realidades lingüísticas.

Nestes medios, o volumoso traballo do Prof. Carlos Garrido recensionado nestas páxinas, *Léxico Galego: Degradaçom e Regeneraçom* (en adiante LG), supón un contributo de primeira orde no marco das obras consagradas á componente semántico-lexical da nosa lingua: en primeiro lugar, porque, en parte nos apropiando do sentir do autor, o léxico é un dos ámbitos constitutivos do galego en que se máis percibe a deteriorización provocada polo convivio co español e, subsecuentemente, tamén se converte nun dos campos en que máis precisa se fai unha vontade real de restauración; o coñecido por algunas persoas como “galego popular” (embora non só) transloce con total clareza os alarmantes niveis de hibridación en que se acha o léxico e conta, a día de hoxe, con importantes megafonías públicas, as cales, en vez de tentaren involuír esta situación, mesmo parecen coadxuvar nese anormal estado de cousas. E en segundo lugar, porque unha planificación da componente lexical verdadeiramente eficaz, en particular no dominio científico-técnico, está obrigada a perpassar as actuais fronteiras administrativas impostas polo axustado corsé autonómico, para así dotar os recursos lexicais galegos de soluciós terminolóxicas xa empregadas nas variedades lusitana e brasileira do noso idioma.

Tórnase preciso salientarmos que non é a primeira vez que Garrido presenta o público especializado con sólidas obras enmarcadas no traballo lexicolóxico. Pénsese, por exemplo, no seu *Manual de Galego Científico* (2000, 2010), nos *Aspectos Teóricos e Práticos da Traducción Científico-Técnica* (2001) ou ainda en diversos traballos que enforman o seu historial pesquisador. Sen dúbida LG, a continuar a liña das

anteriores, está chamada a constituírse nunha obra fundamental na lingüística galego-portuguesa, destinada a servir como punto de partida para a reflexión e para o sempre desexábel debate sobre que camiños debe seguir a codificación lexical da variedade estandarizada galega.

Varias son as partes que dan forma á estrutura de LG e que imos comentar a seguir. Após o “Prólogo” (p. 13-19) e despois da listaxe de “Siglas, abreviaturas e símbolos utilizados na presente monografía” (p. 20), comeza o texto coa primeira parte, subtitulada “Introduçom” (p. 21-67), que serve como preludio á cerna da obra mediante uns exemplos prácticos do proceso de deteriorización do léxico galego (p. 31-60), seguidos dun subcapítulo dedicado a dar conta da natureza e do nivel da actual crise da componente lexical. Polas dimensóns da segunda parte (p. 70-722), intitulada “Análise da actual degradaçom do léxico galego e das correspondentes estratéxias regeneradoras disponíveis”, vira o núcleo da obra; neste grande capítulo, organizado nunha traballada e conseguida exposición de subtemas, son tratadas a fundamental comuñón dos léxicos galego e luso-brasileiro, o problema da variación lexical sen padronización na Galiza, a substitución españolizante que se produce presentemente no galego, as diversas estratexias rexeneradoras, a problemática das actitudes non rexeneradoras e as estratexias máis eficaces, a erosión e a estagnación e a suplencia españolizante que se verifica entre nós, e, por último, as actitudes non rexeneradoras diferencialistas. A terceira parte, epigrafada como “Conclusons e perspectivas” (p.725-762), constitúe unha lúcida síntese acompañada dunhas “medidas” destinadas a combateren o proceso de degradación lexical que foi atinadamente exposto na anterior parte. Encerran a obra a “Bibliografía” (p. 763-779) e dúas pequenas mais ilustrativas ‘gorxetas’, dous “Apêndices” que ditan os compasos finais da partitura de LG: o primeiro, “Incidéncia dos factores de degradaçom lexical sobre a designaçom no galego actual” (p.781-788), serve como “gráfica mostra” de como a deteriorización lexical afecta tanto os nomes de parentesco directo canto diversas denominacións do ámbito químico; o segundo, en que o autor optou por unha reedición de textos clásicos galegos “com optimizaçom lexical” (p. 789-799), baseouse no inicio do libro segundo do *Sempre en Galiza*, de Castelao, ben como no *Himno galego*, de Pondal, ambos acompañados dunhas nótulas no rodapé con información lexical.

Vira difícil comentarmos unha obra das características de LG en apenas unhas poucas páxinas. Por isto, centrarémonos apenas aquí en varios aspectos que nos inspiraron algunas reflexións. Primeiramente, como máis un mérito da obra, quereríamos salientar o sistema de notas a rodapé, o cal convértese nun cumprido segundo texto en que o autor dialoga cos principais estudos de referencia existentes, achega datos de interese para a explicación dos contidos ou até intercala informacóns (nun sempre) adicionais que serven para comprendermos con maior clareza o

sinalado no texto principal. Con perto de 700 notas desta natureza, o público lector percibirá doadamente a transcendencia que Garrido concedeu a ese diálogo coa literatura especializada e ao acrecentamento de datos que, mesmo podendo seren considerados como exteriores ao corpo do traballo, acompañan poderosamente a profundidade deste; en síntese, tórnase unha útil dialéctica entre texto principal e texto complementar.

Conforme o comentado anteriormente, ficou claro que a cerna do libro é a constituída pola segunda parte, de modo que tanto a primeira canto a terceira, a noso ver, más parecen antes marxes pre e posnucleares do que constituíntes do mesmo rango que a segunda. Quizais sexa esta unha das críticas que estrutura de LG pode inspirar, pois evidéñiese unha notoria asimetria entre as tres seccións. Talvez a segunda parte debería ser organizada de diferente modo para así tratar de igualar os subtemas que desenvolve, de forma que contase con más divisións capitulares; ou se callar podería concederse tanto á primeira como á terceira unha condición más externa ao corpo da obra. En todo o caso, a falta de equidade nas dimensións que se observa se comparadas as tres seccións non resta profundidade á pesquisa que se ofrece na segunda, verdadeira exposición de problemas e de propostas de solución para a componente lexical da lingua.

Outrosí, a lectura das páxinas de LG deixa constancia de que o léxico galego presenta índices de españolización tanto en rexistros coloquiais canto noutras más formais ou elaborados. Ao mesmo tempo, o traballo do Prof. Carlos Garrido tamén permite verificarmos como esa barbarización afectou, por suplantación, quer vocábulos de significado fundamentalmente gramatical (i.e., **anque* en vez de *aínda que*, **hacia* en lugar de *cara a* ou *para*, **hastra* por *até*, **nadie* ou **naide* por *ninguén* etc., segundo se expón nas pp. 246-247), quer palabras de significación lexical (**amarillo* en vez de *amarelo*, **azufre* por *enxofre*, **dulce* en lugar de *doce*, **plomo* por *chumbo*, **pizarra* en lugar de *lousa*, **tenedor* en vez de *garfo* etc., conforme se sinala nas pp. 247-253). Para as persoas que se dedican ao estudo da lingua, seccións como estas tórnanse importantes ferramentas non só para melloraren a súa praxe como investigadoras ou docentes, mais tamén como utentes dun galego culto, destonado de españolismos e asentado na súa tradición. A importancia do léxico é de primeira orde para a rexeneración interna da variedade galega e concordamos con Garrido en que o horizonte ten de ser a total restauración dos campos lexicais erosionados.

Do noso punto de vista, sen negarmos a evidente transcendencia que a componente lexical formula para unha verdadeira rexeneración lingüística, achamos que outras componentes tamén se erixen en ámbitos de, cando menos, parecida ou igual relevancia. Estámonos a referir, por exemplo, á esfera sintáctica. Con independencia

de que entre varias hipóteses lexicais con uso constatado na Galiza, a opción galega debe(ría) ter en conta aquelas más próximas das utilizadas nas restantes variedades do sistema (i. e., *xanela* mellor que *fiestra*, *enxofre* por *xofre*, *tesoura* mellor que *tesoira* etc.), tal e como tamén expón Garrido na medida “contra o proceso degradativo da variaçom geográfica sem padronizaçom” (p. 728), non se pode afirmar que esoutras variantes de uso non sexan autóctones, nomeadamente en certos rexistros coloquiais ou até en ámbitos de uso marcados por unha certa vontade estética (*fiestra*, *xofre*, *tesoira* etc.). O grao de autoctonía, porén, ve minguar considerabelmente os seus niveis se non for concedida clara prioridade a unha sintaxe diferencial, tanto por servir como fronteira face ao español canto por nos aproximar das outras variedades da lingua. A parafrasearmos, en parte, unha das opiniós de Gladstone Chaves de Melo recollidas no seu clásico traballo *A língua do Brasil* (1981), o que identifica e define as linguas é a súa estrutura sintáctica ou morfosintática, quizais antes que o léxico. Así, un modelo lingüístico que non pondere os seus propios trazos identitarios renunciará a unha notable dose de autenticidade lingüística: repárese, por exemplo, na utilización do infinitivo flexionado como elemento distintivo do sistema galego-portugués (*Convén irdes cedo* mellor que *Convén que vaiades cedo*), no emprego do futuro de subxuntivo nos casos en que for de regra (*Se bebes non conduzas* ≠ *Se beberes non conduzas*), na colocación tradicional do pronome con infinitivos rexidos por preposición áinda viva hoxe no galego nomeadamente en persoas idosas (*Chegou para nos axudar* mellor que *Chegou para axudarnos*), na eliminación da preposición *a* nos casos en que for desnecessaria para a marcase do CD (*Observou uns rapaces discutiren* en lugar de **Observou a uns rapaces discutiren*), na preferencia polo acusativo nos casos en que o clítico for o suxeito dun infinitivo (*Mandouna saír da casa* mellor que *Mandoulle saír da casa*) ou en varias rexencias preposicionais (i.e., *aproximarse de* mellor que *aproximarse a*, *contribuir para* mellor que *contribuir a* etc.) etc.

Por outro lado, conforme se comentou máis arriba, o contributo do profesor da Universidade de Vigo expón con clariza como o vocabulario más técnico ou especializado (embora tamén o de uso máis xeral) se acha fortemente presionado polo español. Neste punto, persoalmente, caberían dúas hipóteses de actuación: (i) para aqueles campos lexicais adscribíbeis ao galego espontáneo ou popular; e (ii) para aqueloutros propios de esferas más especializadas; a grande presenza na lingua dos nosos días de voces como **amistade*, **calamar*, **árbol*, **tenedor*, **ladrillo*, **melocotón* ou **silla*, por exemplo, todos eles barbarismos comentados en LG, non repercute da mesma maneira que a constatación de palabras como *cefalea crónica*, *haluro alifático*, *hipotensor*, *propilenglicol* ou áinda outras que posúen unha frecuencia de utilización restrinxida praticamente aos colectivos profesionais que as empregan. Así, nestas dúas hipóteses, e sen deixarmos de recoñecer que ambas

son importantes para unha rexeneración real do léxico, a primeira medida na Galiza debería talvez conceder prioridade aos vocábulos que presentan maiores índices de uso no galego espontáneo nunha verdadeira e urgente planificación do corpus.

Noutra orde de cousas, no marco das actitudes rexenadoras do léxico, o autor sinala atinadamente como moitas das soluciones consideradas en xeral modelares e proxectadas desde instancias universitarias ou académicas (i.e., ILG, RAG) non tiveron en conta a situación das variedades lusitana ou brasileira da lingua. Con efecto, tórnase un traballo louvábel mais desnecesario, en que se inviste tempo e diñeiro de máis, optar por unha “neología insolidaria de invençom” (LG, p. 482) ou por unha “adopçom no padrom lexical galego de soluções surgidas através de neología de invençom onomatúrgica” (p. 593), en casos como, por exemplo, *beirarrúa* (por *paseo*), *floco de millo* (en lugar de *pipoca*), *pano da mesa* (en vez de *gardanapo*), *salón de peiteado* (en lugar de *cabeleireiro/a*), *romanés* e *romanesa* (por *romeno* ou *romena*), *torrador* (en vez de *torradeira*) etc. Sobre este particular, temos de convir que as únicas normas vigorantes na Galiza para a estandarización da lingua son de carácter ortográfico e morfológico, segundo figura no seu propio título. Embora se poida pensar dalgúns títulos que son referencias nesta liña, o certo é que non hai un texto oficial que se ocupe de padronizar os recursos sintácticos, fraseológicos, pragmáticos nin, como é obvio, tampouco os lexicais. Isto lévanos a reflectir sobre a necesaria introdución de toda esa maré vocabular nos campos lexicais e semánticos do galego, que gañará así en recursos e en autenticidade, continuando deste modo a liña da Xeración Nós, e en particular de Otero Pedrayo, que non dubidou en recuperar para o galego nin en lle incorporar voces como *amizade*, *anceio* (mod. *anseio*), *apontar*, *azas* (mod. *asas*), *baptizado*, *deus* e *deuses*, *encarregar*, *enforcar*, *inquírito*, *isolado*, *nervoso*, *nubens*, *ontem*, *portaxe* etc.

En definitivo, a obra *Léxico Galego: Degradaçom e Regeneraçom*, do Prof. Carlos Garrido, vira un contributo valioso por varios motivos entre os cales quereríamos ponderar os que seguen: primeiramente, sobre un ámbito de traballo sobre a nosa lingua deficiente explorado se comparado con outros campos, sempre dun punto de vista rigoroso e na propedéutica de a dotar de recursos lexicais capaces tanto para a transmisión do coñecemento científico canto para estimular unha verdadeira rexeneración lexical no galego espontáneo. En segundo lugar, á marxe de opcións ortográficas, serve para aproximar a variedade galega da lusitana e da brasileira, tan necesitadas de se reencontraren, cando menos aquela con estas. E en terceiro lugar, o libro proporciona abundantes soluciones a dúbihadas que aparecen na práctica profesional da docencia e no uso diario da lingua. Por todo isto, a enlazarmos coas palabras do comezo, achamos que está destinado a ingresar nas tabelas de textos de referencia do panorama lingüístico galego, e nomeadamente naqueles do ámbito semántico-lexical.

Parabéns, por tanto, ao Prof. Carlos Garrido, e parabéns, igualmente, á editora Edições da Galiza por materializar entre os seus proxectos o traballo aquí comentado.

Xosé Manuel Sánchez Rei

Referencias bibliográficas

- Garrido, C. (2011): *Léxico Galego: Degradaçom e Regeneraçom* (Sant Cugat del Vallès / Barcelona: Edições da Galiza).
- Garrido, C. (2010) [2001]: *Manual de Galego Científico* (Associaçom Galega da Língua).
- Garrido, C. (2001): *Aspectos Teóricos e Práticos da Traduçom Científico-Técnica (Inglés > Galego)* (Associaçom Galega da Língua).
- Freixeiro Mato, X. R. (2006) [1999]: *Gramática da lingua galega*. Vol. III. *Semántica* (Vigo: A Nosa Terra).
- Melo, G. Chaves de (1981) [1945]: *A Língua do Brasil* (Rio de Janeiro: Padrão – Livraria Editora).

**Teresa Moure: *Ecolingüística: entre a ciencia e a ética*. A Coruña:
Universidade, Servizo de Publicacións, 2011, 132 páxinas.**

En 2011 viu a luz *Ecolingüística: entre a ciencia e a ética*, unha obra en que Teresa Moure afonda no concepto de ecolingüística evidenciando que non se trata dunha simple moda, senón dunha reflexión crítica e profunda sobre o que é e o que debe ser a lingüística.

A obra compонse de catro capítulos en que se realiza unha revisión do papel da lingüística dentro do conxunto do coñecemento e a súa relación coa linguodiversidade, seguida dun achegamento á pouco estudiada relación entre linguaxe e cosmovisión, para rematar cun pequeno capítulo, exposto como un “dilema moral”, en que se propón o camiño que cómpre seguir. Faise isto desde unha perspectiva didáctica xa que, ademais de ser un texto accesíbel para persoas alleas á lingüística, inclúe numerosas exemplificacións das cuestións que se expoñen, así como exercicios que permiten realizar unha reflexión máis profunda sobre elas.

No capítulo inicial, “A lingüística no conxunto do coñecemento” (p. 7-21), describense dous tipos de problemas interrelacionados que presenta este eido: por unha banda, o sistema educativo fai que chegue á sociedade unha visión moi reducida do que supón a lingüística, pois só se identifica coas normas para o uso correcto da lingua, de xeito que fica esquecido o estudo do fenómeno da linguaxe que, para a autora, supón a parte de maior interese dentro dos estudos lingüísticos (cuestións como a relación entre a evolución da capacidade da linguaxe e a evolución biolóxica, ou a representación simbólica da realidade); por outra, a diversidade de disciplinas, obxectivos e metodoloxías que presenta esta área dificultan a reflexión sobre o seu papel no conxunto do coñecemento e, en consecuencia, a divulgación do coñecemento producido pola investigación. É dicir, dalgún xeito estamos perante un círculo vicioso: o sistema educativo transmítelle á sociedade unha visión moi superficial da lingüística, mais as súas características como área de coñecemento dificultan tamén a divulgación das súas achegas.

Realízase ademais unha introdución ao paradoxo entre a unidade e a diversidade lingüísticas, é dicir, ao feito de as linguas seren diferentes entre elas mais, áinda así, teren unha certa unidade. Explícase que esta linguodiversidade se presenta na tradición occidental como unha eiva, unha visión reflectida xa no mito bíblico de Babel. Deste xeito, a diversidade (lingüística ou de calquera outro tipo) supón a existencia de realidades diferentes á propia, realidades descoñecidas

perante as que xorden a inseguridade e o medo, uns sentimentos que teñen como consecuencia intentar impor o propio ao tempo que se invisibiliza e caracteriza negativamente o diferente. É dicir, estamos ante a creación dos prexuízos, que non só son produto dese medo ao diferente, senón tamén unha ferramenta para combatelo. Exponse que esta reacción fronte á diversidade lingüística pódenos permitir recuperar a seguridade que achega o que nos é familiar, mais prívanos do acceso a outras cosmovisións e ao coñecemento que agochan, ademais de afastarnos da posibilidade de reflexionarmos e cuestionármonos a nós mesmas/os e as convencións que asumimos como naturais. Así as cousas, preséntase a gramática xa non como a regulación dos usos correctos e incorrectos dunha lingua, senón como “un conxunto de instrumentos para atraparmos a realidade” (p. 21), polo que o principal cometido da lingüística é o estudo da facultade da linguaxe humana, “unha facultade que se ocupa de todas as linguas, que as compara, que as mide, que pretende desenmascarar os seus xogos para tirar á luz un esqueleto en común” (p. 21). Este esqueleto común son os coñecidos como universais da linguaxe que, segundo a autora, supoñen a chave para comprendermos quen somos e a nosa historia como especie, mais trátase dunha chave espallada en anacos nas linguas e que só podemos reconstruír coñecéndoas e estudiándoas.

A continuación, no capítulo titulado “As linguas do mundo” (p. 23-72), exponse que, malia a linguodiversidade ter unha grande importancia para os estudos lingüísticos, a actitude da lingüística cara a ela non se caracteriza precisamente por ser positiva. A ciencia da linguaxe non só non intervén na defensa da diversidade lingüística, senón que reflicte ao longo da historia unha actitude eurocéntrica, ao servizo da colonización, de xeito que prima o estudo dun certo grupo de linguas, as europeas, das que se describen versións idealizadas carentes de variación. Trátase, polo tanto, dunha actitude hostil cara á linguodiversidade, que vai ligada ademais á difusión da definición de linguaxe como ‘instrumento de comunicación’, obviando que se trata tamén dun mecanismo de poder. A autora indica que nin tan sequera coñecemos con exactitude o número de linguas existentes no mundo, un dato que segundo as fontes varía entre as 3500 e as 12 000. Explícase que esta importante imprecisión obedece a diferentes causas: a definición de *lingua* aínda presenta dificultades, seguense a descubrir novas linguas e, ademais, as persoas que se dedican á investigación lingüística seguen a ser prototípicamente profesionais de gabinete, que toman os datos de terceiras persoas sen realizaren traballo de campo. Sublíñase que esta imprecisión é especialmente grave nun momento en que urxe realizarmos inventario por estarmos perante unha importante e rápida perda de linguas. Existen iniciativas nesta dirección, entre as que se destaca o catálogo *Ethnologue*, por ser o más completo e estar en permanente actualización, malia presentar problemas como o feito de estar ligado a unha institución católica. Neste senso, aínda que a autora non

realiza esta recomendación, quizais fose interesante botar a andar un catálogo aberto e colaborativo na rede que, de converterse nun proxecto cun número importante de persoas usuarias, podería dar lugar a unha listaxe máis completa e froito dun debate más amplo, ademais de salvar os problemas que na obra se lle achacan ao *Ethnologue*.

En relación con isto, explícase que a morte das linguas non é unha cuestión inocente, senón que é o produto da represión lingüística, que se exerce especialmente na escola (malia que investigacións coma as de Tove Skutnabb-Kangas insisten na relación directa entre o uso da lingua inicial na escola e a mellora dos resultados académicos). Neste punto detense a autora no caso do galego, cuestionando que sexa o concepto de *diglosia* o que mellor o describe, xa que na situación actual o galego é usado por moitas persoas en todos os ámbitos, tamén por persoas que non o tiñan como lingua inicial, e existe ademais unha tendencia cara ao monolingüismo (en galego ou en castelán), máis forte que o comportamento diglósico, aínda que isto non impide que siga a presentar os indicadores que alarman do perigo de morte dunha lingua. Perante esta situación, que canda o galego sufren moitas outras linguas, a alternativa proposta é a de traballarmos pola recuperación da dignidade da lingua propia para despois favorecermos o desenvolvemento das outras linguas que conviven connosco. Trataríase dun modelo plurilingüe ben diferente ao defendido pola Administración na actualidade.

Para facérmonos unha idea da situación de perigo en que se atopan a maioría das linguas, citase a advertencia que Michael Krauss realizou xa en 1992: a fins do século XXI o 90% da diversidade lingüística podería ter desaparecido. Porén, explícase que a postura de boa parte da lingüística perante este tipo de advertencias foi a inacción, converténdose así en cómplice da situación. Con todo, tamén começaron a xurdir algunas voces que avogan por intervir para reverter o proceso, subliñando que as linguas non morren coma se dun organismo natural se tratase, senón que son asasinadas, feito ao que se lle adoita restar importancia botando man dun criterio pragmático: as linguas con máis falantes permiténnos comunicarnos con máis persoas e, polo tanto, son más útiles, de xeito que a perda de linguas con poucos falantes non sería vista coma un verdadeiro problema.

Realízase tamén un achegamento ao concepto de *lingua*, lembrándonos, en primeiro lugar, que se trata dunha abstracción, pois dentro dunha variedade considerada como *lingua* existe tamén variación. En segundo lugar, indícasenos que cómpre ter en conta que os criterios empregados para decidir se unha variedade é ou non unha lingua son moi heteroxéneos (lingüísticos, históricos, sociais etc.), o peso duns ou doutros pode variar en cada caso, e mesmo se afirma que é unha decisión que “nin sequera depende primariamente de cuestións lingüísticas” (p. 61).

A dificultade de definirmos que é unha lingua non só supón un problema para establecermos o catálogo das linguas do mundo, senón tamén para analizarmos o grao de perigo desa linguodiversidade. A autora recorre aos datos do *Ethnologue*, que nos permiten facer un bosquexo da situación: case 1500 linguas están na actualidade nunha situación crítica, ao contaren con menos de 1000 falantes. Ademais, insístese en que cómpre desbotar a visión distorsionada que a sociedade ten da situación das linguas no mundo, é dicir, desbotar mitos como que aquelas que están ligadas a un estado son moito más importantes, ou que os estados son por defecto monolingües, así como dar a coñecer datos que permitan ter unha idea máis aproximada á realidade da situación dalgunhas linguas (como que o galego está entre o 2,4% das linguas con máis falantes do mundo). Tendo en conta isto, avógase por unha mudanza no sistema educativo, para que deixe de ser cómplice da difusión deste tipo de mitos, así como pola necesidade de que a lingüística interveña para reverter a situación.

No terceiro capítulo da obra, “Linguaxe e cosmovisión” (p. 73-113), realiza-se, tal e como reza o título, un achegamento á linguaxe e á súa relación coa visión do mundo. Comézase facendo referencia á “conflitiva definición de linguaxe”, pois a lingüística define este concepto desde tres perspectivas. A primeira delas é a concepción da linguaxe como un ‘instrumento de comunicación’, que prima polo tanto aspectos sociolóxicos e pragmáticos. Advítesenos que se trata dunha definición que pode chegar a ser perigosa de abusarmos dela, xa que nos pode levar a valorar as linguas en función do seu número de falantes. Unha segunda concepción da linguaxe é a de ‘sistema de representación do mundo’, que prima os aspectos biolóxicos e psicolóxicos fronte aos ambientais. A terceira perspectiva é a que define a linguaxe como un ‘mecanismo de poder’, de xeito que mesturan aspectos das dúas anteriores, pois concíbese como un mecanismo que nos permite intervir na realidade. Explícase que, como instrumento de comunicación, a linguaxe permítenos manexar as relacións lingüísticas de poder, mentres que a representación do mundo a través da linguaxe pode ser “submisiva e alienada” ou ben converterse nunha ferramenta “transformadora e revolucionaria”. Aínda que estas tres concepcións son complementarias, a lingüística parece primar excesivamente a primeira, escurecendo as outras dúas e, especialmente a terceira, que para a ecolingüística é a que ten maior interese. Nesta liña revisase a hipótese da relatividade lingüística (segundo a cal a lingua condiciona a nosa visión do mundo), pois se ben existen representacións condicionadas pola gramática (por exemplo, a estrutura temporal en *pasado – presente – futuro*) que inflúen na nosa visión da realidade, isto non pode observarse desde unha óptica determinista, xa que podemos actuar para mudarmos eses condicionamentos se for preciso. Así, explícasenos que a ecolingüística avoga pola realización e divulgación dunha

reflexión crítica sobre a linguaxe, que nos permita recoñecer nela os valores que non compartimos (por exemplo, sexismo, racismo, dominación sobre a natureza) e intervir para mudalos, no canto de seguirmos a reproducilos e a consagrалos.

Neste senso, indícasenos que ao nomearmos unha realidade estamos establecendo a súa existencia, polo que a linguaxe está “«ecoloxicamente» motivada” (p. 102), e das motivacións xurdidas en diferentes ambientes xorden diferentes solucións, que están na orixe da diversidade lingüística, áinda que non se trata dunha diversidade infinita, senón que está limitada por fundamentos universais (neuronais, perceptivos, cognitivos). Así as cousas, explícase que, perante o problema da morte das linguas no mundo, a ecolingüística non só defende o dereito de cada comunidade a conservar a súa lingua, senón o dereito de toda a humanidade a ter acceso a outras cosmovisións e ao coñecemento que agochan. Para entendermos mellor a postura da ecolingüística quizais fose preciso deterse neste punto nos conceptos de *medioambientalismo* e *ecoloxismo*, que non se explican na obra, mais dos que a autora botou man noutras ocasións, como na conferencia “Do activismo ecolóxico ao activismo lingüístico” no marco das *VIII Xornadas sobre lingua e usos. Lingua e ecoloxía* organizadas polo Servizo de Normalización Lingüística da UDC. O medioambientalismo é unha postura que busca a conservación da natureza en función dos intereses humanos, mentres que o ecoloxismo non é tan antropocéntrico, senón que defende o valor intrínseco da natureza, así como a necesidade de reflexionarmos e intervirmos para camiñarmos cara a unha racionalización do aproveitamento dos seus recursos. Do mesmo xeito, para a ecolingüística as linguas teñen un valor intrínseco e con iso abonda para que deban ser defendidas, sen necesidade de recorrermos a argumentos utilitaristas que se poden volver na nosa contra. No segundo capítulo advertíasanos de que se usa en ocasións o argumento do número de falantes para a defensa do galego, aludindo ás portas que nos pode abrir pola vía do portugués, mais áinda que isto pode ser un valor engadido, non se pode converter no argumento principal para a defensa da lingua, pois implicaría que outras linguas sen esas posibilidades carecen do dereito a seren defendidas.

A obra remata cun pequeno capítulo, a modo de conclusión, en que se expón “Un dilema moral” (p. 115-120): debemos respectar a toma de decisións que consideramos equivocadas sen intervirmos ou, pola contra, podemos intervir para achegarmos información que podería facer cambiar esas decisións? A autora conclúe que temos a obriga de intervirmos para achegarmos toda a información que consideremos que pode afectar á toma dunha decisión, de xeito que esa decisión poida ser realmente libre. Así, explícase que, no que se refire á morte das linguas, temos tamén a obriga de darmos a coñecer as consecuencias deste proceso, unha información que seguramente teña o efecto de poñérense máis medios para revertelo. Na mesma liña, deféndese que para o caso concreto do galego cómpre difundirmos a información

que permita dignificalo e partir de aí, do respecto cara a nós mesmas/os, cultivarmos as outras linguas que cohabitán con el.

Estamos, en síntese, perante unha obra de grande interese, que supón unha reflexión crítica sobre a lingüística, da que se conclúa que é necesaria unha revisión urgente da forma de actuar desta área de coñecemento, e que esta revisión tamén debe facerse desde unha óptica galega. A lingüística non só actúa contra os seus propios intereses ao contribuír á perda da linguodiversidade, necesaria para abordar o estudo da linguaxe (que debe ser o seu principal obxecto de estudio), senón que tamén o fai contra os intereses da sociedade, contribuíndo á divulgación de visións distorsionadas da realidade e favorecendo a difusión de mitos e prejuízos. Cómpre, polo tanto, que a ciencia da linguaxe adopte unha posición activa na defensa da linguodiversidade e que difunda de xeito efectivo a importancia de conservármola, no canto de manter unha actitude pasiva, aparentemente inocente, mais que está a contribuír á perda desa diversidade e, polo tanto, á perda da posibilidade de accedermos a outras cosmovisións que nos permitan reflexionar e cuestionar a nosa propia visión do mundo, un primeiro paso para identificarnos e mudarmos os elementos que representan valores que non compartimos e, en definitiva, para construírmos unha sociedade máis xusta.

Luz Varela Armas

Referencias bibliográficas

- Moure, T. (2011): “Do activismo ecológico ao activismo lingüístico”, conferencia pronunciada nas *VIII Xornadas sobre lingua e usos. Lingua e ecoloxía* (30 de novembro e 1 de decembro de 2011), organizadas polo Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña. Audio dispoñible en http://www.ivoox.com/teresa-moure-audios-mp3_rf_1012121_1.hym1 [Consult. 03.06.2012].

Mário Herrero Valeiro, *Guerra de grafias e conflito de elites na Galiza contemporânea (textos e contextos até 2000)*, [Santiago de Compostela], Através Editora, 2011, 319 pp.

Detrás dun título tan suxestivo como *Guerra de grafias, conflito de elites* Mário Herrero Valeiro, investigador especializado no campo da sociolingüística, achega unha obra que supón un verdadeiro exercicio de seria reflexión e de exhaustiva revisión de fontes bibliográficas arredor da cuestión glotopolítica xerada entre dúas das posíbeis vías para a fixación ortográfica e normativa do galego: a “oficialista” e a “reintegracionista”.

Malia levar ás nosas costas un proceso normalizador do galego, a piques de cumplir os trinta anos de historia, os debates arredor da normativización e da escolha dunha convención gráfica seguen máis vivos do que algúns dos sectores implicados nos mesmos son (ou somos) quen de recoñecer.

O autor consegue ofrecer unha obra que navega con rigorosidade polos alicerces do conflito normativo e ortográfico sen deixar de presentar un texto accesíbel a un público lector non especializado aínda que interesado na materia. Naturalmente, todo isto feito desde unha postura parcial dentro do mesmo conflito mais, quen non ten unha postura parcial ao respecto? Acompañando á lectura van xurdindo certas cuestións recoñecidas como incompletas e que son sementadas deliberadamente co obxecto de abrir novas vías de investigación.

Cómpre sinalar que o libro foi publicado no ano 2011 áinda que a súa redacción se sitúa máis de once anos atrás como parte, agora acrecentada, da tese de doutoramento en Filoloxía Hispánica do autor. Esta cuestión aparece consignada na nota previa (pp. 13-17) que abre a obra e que opera como guía de actualización dalgunhas das cuestións que poden ir xurdindo a medida que afondamos na lectura. A “Introdução” (pp. 19-26) funciona como leme do estudo xa que determina a esencia do mesmo, ao tempo que presenta brevemente cada un dos seis capítulos do libro. Nesta epígrafe sinálase que a obra está dividida en dúas grandes seccións: “Ideologizando paredes (a ortografía, campo de lutas)” (capítulos 1 e 2) e “Guerra de grafias e conflito de elites” (capítulos 3 ao 6). Este último apartado, porén, non aparece recollido nas páxinas de división internas nin tampouco no índice xeral, o que corrobora certo desleixo editorial polo aspecto formal do libro. Esta falta de coidado maniféstase en cuestións como a equivocada numeración das notas a rodapé (pp. 99-107 e 116), a repetición de elementos (“vem a ser para os seus membros um âmbito de identidade”, p. 137),

o uso mesturado de termos nun mesmo enunciado (“galego” e “português”, p. 76) ou as incorreccións no tocante á ordenación alfabetica na bibliografía final (pp. 296-297). Estes exemplos sumados a unha estruturación interna dos seis capítulos que componen a obra lóxica e accesíbel por veces, mais algo confusa noutras ocasións por mor da hipersegmentación, acaban por ofrecer unha apariencia descoidada que pouco ten a ver co contido do texto.

Os dous capítulos iniciais, “A ortografía, índice ideológico e identitário” (pp. 29-61) e “O labirinto ortográfico galego: das propostas de padronización aos usos públicos quotidianos” (pp. 63-79), ofrecen, por unha banda, un repaso a cuestións básicas como o carácter convencional dos sistemas ortográficos (e da propia escrita como convención allea á natureza oral das linguas) ao tempo que, por outra, erixen o que será un dos piares deste ensaio: o porqué da escolla dunha ortografía para o galego que é un decalco da castelá fronte ás posibilidades de escoller unha grafía más próxima ao portugués ou mesmo a unha terceira vía como a selección dun modelo ortográfico diferente a calquera dos confinantes. Salientan desde as primeiras páxinas tanto o preciso baleirado bibliográfico integrado no texto como a teima pola exactitude terminolóxica. As reflexións sobre a escolla dun ou doutro modelo ortográfico veñen acompañadas pola exemplificación do acontecido con outras linguas como a caxemira, o luganda ou o noruegués. Doutra banda iníciase tamén nesta primeira parte un dos elementos más interesantes e arriscados da obra, as clasificacións persoais. Neste caso preséntasenos un modelo para a clasificación das linguas escritas (p. 60) centrado naquelas que contan cun corpus amplio de textos, froito dunha temperá implementación do texto escrito, e que son divididas en dous grandes grupos: linguas que teñen acadado unha “fixación ortográfica plena” e aquellas que presentan unha “fixación ortográfica conflituosa”, entre as que se inclúe o galego (“portugués da Galiza”) xunto co holandés, o flamengo e o catalán de Valencia.

O terceiro capítulo, “Elementos para uma contextualización” (pp. 81-117), bríndalle ao público lector a posibilidade de se achegar desde unha perspectiva diacrónica ao conflito ortográfico galego navegando por el desde o seu xurdimento no século XVI até o século XX. Nas décadas finais deste é, precisamente, onde o autor fai fincapé, ao abordar os problemas de fixación ortográfica derivados das mudanzas sociopolíticas acontecidas após o desmantelamento do réxime franquista. Constátase así que nin a chegada da autonomía nin a aparición de institucións políticas e culturais propias conseguiron afastar a progresiva homoxeneización do galego co castelán. Dedícaselle tamén un espazo importante (integralmente a epígrafe final do capítulo titulada “A questão ortográfica em finais do século XX: crise e tomada de posición do poder institucional”) á análise do proceso de normativización desenvolvido polas recuperadas ou acabadas de nacer institucións culturais galegas, que tamén son obxecto de estudo ao seren repasados feitos como a creación do Instituto da Lingua

Galega (1971) ou a consecución da cátedra de Lingüística e Literatura Galega da universidade compostelá por Ricardo Carvalho Calero (1972).

Os capítulos cuarto e quinto merecen unha abordaxe conxunta ao titulárense “Uma interpretação glotopolítica do conflito ortográfico I (pp. 119-168) e II (pp. 169-223)”. Son estes, os que orquestradamente debullan a cerna da cuestión. A primeira epígrafe (“Posições de base: perspetivas e apoios”, pp. 121-129) clarifica unha cuestión basilar: cal é o alcance e paradigma agochados detrás do termo galego segundo os diferentes enfoques existentes, isto é, desde a óptica dos denominados “diferencialismo” e “reintegracionismo”. Mário Herrero rexeita os termos “isolacionismo e lusismo” (p. 121) ao achalos escasamente rendíbeis e/ou pexorativos. Opta polas etiquetas “reintegracionismo ou não-oficialismo” para designar a opción ideolóxico-lingüística por el defendida integradora co portugués, e como contraposición á denominada “diferencialismo ou oficialismo” más próxima ao castelán. Dentro do primeiro grupo establece áinda varias segmentacións máis. Así, dentro dun gran conxunto de reintegracionistas aparecerían por unha banda o “reintegracionismo moderado” (p. 125) ou “de mínimos” e, por outra, o “reintegracionismo pleno” (p. 127) tamén denominado “de máximos ou lusismo”. Neste áinda cabería unha outra división entre “reintegracionistas ou reintegracionistas galeguistas”, usuarios da norma de AGAL, e “integracionistas ou lusistas ou reintegracionistas portuguesistas” (p.128), que prefiren a adopción do padrón portugués.

A seguinte sección “Penetrando nos discursos: da extrema diferenciación á unidade extrema” (pp. 131-144) ofrece unha selección de textos que exemplifican a clasificación anteriormente realizada. A escolma de fragmentos resulta de particular interese por se ter centrado o autor en amosar incoherencias discursivas, nomeadamente de persoas significadas no plano do “oficialismo”, tal e como é perceptíbel a través das manifestacións do profesor Ramón Lorenzo compiladas (pp. 134-135). Precisamente é a obra de Ramón Lorenzo a que, xunto con exemplos tirados dos profesores Henrique Monteagudo e Xosé Ramón Freixeiro Mato, aparece citada con máis frecuencia co obxecto de referendar a exposición de ideas feita por Mário Herrero.

O sexto capítulo “O poder da norma e a impossibilidade do consenso (dos “pouco confessáveis interesses das élites” a “uma cousa são os desejos e outra é a realidade”)” (pp. 225-276) prolonga a análise presentada nas páxinas anteriores acrecentándoa cronoxicamente até o ano 2000. Mais unha vez, o aspecto máis salientábel do texto é o perfecto entretecido que o autor realiza entre as teses por el expostas e as referencias empregadas para, neste caso, repasar a través da óptica do reintegracionismo, tanto moderado como pleno, e do oficialismo o papel xogado no proceso de construcción da norma. Con todo, cómpre sinalar tanto a ambigüidade dalgúns dos argumentos manexados como certo afán de controversia latente en todo o capítulo. Consignaremos

como exemplo unicamente as referencias que se fan ao beneficio económico conseguido polos defensores do “oficialismo” elaboradas cun marcado personalismo (pp. 228-230). Unha das carencias más evidentes imputábeis a esta sección é a desactualización que sofre posto que a análise remata no ano 2000, deixando de lado, por tanto, a reforma normativa de 2003 que mudou o panorama reflectido na obra cando menos no que respecta á existencia activa do aquí chamado “reintegracionismo moderado”.

O volume remata cunha última epígrafe presentada baixo o título “Coda” (pp. 277-282) que recolle, de xeito sintético, a valoración persoal que o autor fai do proceso e iniciativas a prol da normalización lingüística do galego desenvolvidas nos últimos anos. Este breve capítulo completa a análise cronolóxica anteriormente ofrecida, ainda que non presenta novos datos de relevancia.

A valoración final da obra, mesmo transcendendo todas as cuestións relativas aos aspectos técnicos da edición, flutúa entre o recoñecemento da realización dun traballoinxente de compilación, lectura, análise e sistematización bibliográfica e a sensación, que acompañou a nosa lectura particular, da manifestación dun personalismo que afecta ao tratamento do tema non polo lexítimo posicionamento do autor no ámbito reintegracionista senón pola impresión de escasa rigorosidade que desprende en determinadas ocasións e que contrasta coa firme cimentación realizada noutros casos.

Chegado o ano 2012 existe xa un número importante de estudos que abordan a situación sociolingüística do galego mais é ben certo que non son tantas áinda as referencias accesíbeis ao público desde o ámbito do reintegracionismo. A obra de Mário Herrero é directa e clara, en ocasións mesmo tinguida de certa crueza, como cando parte do recoñecemento de ser, a cuestión ortográfica, un tema que non preocupa á maior parte da poboación e non porque esta acate a vixente norma do galego, senón por desleixo absoluto con respecto ao conflito e instalación total no sistema lingüístico castelán. Por outra banda a elaboración e actual estatus da ortografía do galego é un tema que, por desgraza, non acostuma contar cun grande espazo nos currículos académicos independentemente do nivel de ensino ao que queiramos achegarnos. É por iso que *Guerra de grafías, conflito de elites*, malia as discrepancias que o público lector poida ter ou non co enfoque da análise nella presentada, é unha obra imprescindíbel para achegármonos con criterio ao proceso histórico de construcción da norma ortográfica, mais tamén ao propio valor da ortografía como sistema de transmisión do poder e ao estado recente das diverxencias entre oficialistas e reintegracionistas.

Maria Vilariño Suárez